Firmado por: ***393*** - MIGUEL FERNANDEZ MENDEZ (FECHA: 2026-01-26 11:09:20.00) , ***243*** - ANA MARIA RIVAS GARCIA (FECHA: 2026-01-23 14:09:27.00)
CVD: IbleDLsJ9QxZHiJwdezh
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Número 14 - Ano 2025

ACTA

da sesión ordinaria, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

26 de decembro de 2025

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e dez minutos do día vinte e seis de decembro de dous mil vinte e cinco; baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, reúnense os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. tenente de alcalde delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Institucionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos; DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Ilmo. Sr. tenente de alcalde delegado da Área de Urbanismo e Deportes e Xuventude; DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, concelleira delegada de Muller, Igualdade e Inclusión; DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO, concelleiro delegado de Movementos Migratorios; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. tenente de alcalde delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, concelleiro delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DONA IRIA BUIDE PENA, concelleira delegada de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído o presidente.

Abandona o salón de sesións antes de levantarse esta DONA CRISTINA SANZ ARIAS, que o fai ando son as 12:38 horas.

Dá fe do acto a secretaria xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Luis Ramón Vázquez Parga.

Esta sesión foi convocada por resolución da Alcaldía do 19 de decembro de 2025 e notificada por Secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/186 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 24 DE NOVEMBRO DE 2025.

A) <u>PARTE RESOLUTIVA</u>

ACTAS E GOBERNO

2/187 APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DOS ARTIGOS 39, 59, 60, 61, 62, 63 (QUE SE SUPRIME),65, 66 E DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO DE LUGO (ROMGA). (EXP. 2025/G004/000779)

DESENVOLVEMENTO LOCAL

3/188 ADHESIÓN DO CONCELLO DE LUGO Á “ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE DESTINOS PARA LA PROMOCIÓN DEL TURISMO GASTRONÓMICO”.

MOBILIDADE

4/189 APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA ZONA DE BAIXAS EMISIÓNS (ZBE) DO CONCELLO DE LUGO.

CULTURA

5/190 RATIFICACIÓN DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚMERO 6873/2025, DO 8 DE XULLO DE 2025, DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS, RELATIVO AO SINALAMENTO DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2026.

FACENDA LOCAL

6/191 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA PARA A CONSTRUCCIÓN DE CORTE DE VACÚN DE LEITE E FOSA DE XURRO EN LAMABOA (SAN XOÁN DO CAMPO), PRESENTADA POR DONA MARÍA ELENA PIÑEIRO SOTELO, EN REPRESENTACIÓN DE SDAD. COOP. GALLEGA DEL CAMPO LAMABOA.

7/192 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL NA SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS AGRARIAS OU GANDEIRAS PERTENCENTES AO SECTOR PRIMARIO, PRESENTADA POR GANADERÍA CASA CURRO SC.

INTERVENCIÓN

8/193 RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO NÚMERO 13-205. REPAROS 89-2025, 94-2025 E 98-2025.

PROPOSICIÓNS

9/194 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 384/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO PROXECTO DO MUSEO DA ROMANIZACIÓN NO ANTIGO CUARTEL DE SAN FERNANDO (Exp. 2025/G004/000762).

10/195 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 386/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A REPROBACIÓN E REPULSA DOS ACTOS DE ACOSO SEXUAL E O SEU ENCUBRIMENTO (Exp. 2025/G004/000771).

11/196 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 387/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ESIXIR O DESBLOQUEO NO CONGRESO DA TRAMITACIÓN DAS LEIS ANTIOKUPACIÓN APROBADAS NO SENADO (Exp. 2025/G004/000772).

12/197 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 388/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO POÑA EN MARCHA UN SERVIZO DE LIMPEZA DE FOSAS SÉPTICAS PARA AS PARROQUIAS DO RURAL (Exp. 2025/G004/000773).

B) <u>PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL</u>

ACTAS E GOBERNO

13/198 DACIÓN DE CONTA DO ACORDO NÚMERO 1/473 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26 DE NOVEMBRO DE 2025, RELATIVO Á DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DESTE ÓRGANO COLEXIADO NO TITULAR DA ÁREA DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE. (EXP. 2025/G004/000725).

14/199 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 11257/2025, DO 1 DE DECEMBRO DE 2025, RELATIVO Á NOVA ADSCRICIÓN DE MEMBROS DO GRUPO PSdeG-PSOE ÁS COMISIÓNS DE PLENO, CON MOTIVO DA

INCORPORACIÓN DE DONA MARÍA REIGOSA CASTRO COMO CONCELLEIRA DE DITO GRUPO. (EXP. 2025/G004/000730).

15/200 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 11673/2025, DO 12 DE DECEMBRO, DO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS, POLO QUE SE MODIFICA O DECRETO NÚMERO 10280/2025, DO 4 DE NOVEMBRO, DE ORGANIZACIÓN MUNICIPAL. (EXP. 2025/G004/000766).

16/201 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NA SECRETARÍA XERAL (VICESECRETARÍA) DENDE O DÍA 14 DE NOVEMBRO DE 2025, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (EXP. 2025/G004/000768).

INTERVENCIÓN

17/202 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DE ANÁLISE DOS SALDOS DE DEREITOS PENDENTES DE COBRO DE EXERCICIOS PECHADOS (CAPÍTULO III DE TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS) A 31-12-2024.

18/203 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL PERMANENTE PLANIFICABLE OBRIGATORIO SOBRE A AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA EN MATERIA DE MOROSIDADE DURANTE O EXERCICIO 2024.

19/204 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE AUDITORÍA ANUAL DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS DO CONCELLO DE LUGO. EXERCICIO 2024.

FACENDA LOCAL

20/205 DACIÓN DE CONTA DA ELEVACIÓN AUTOMÁTICA A DEFINITIVOS DOS ACORDOS NOS QUE SE APROBARON INICIALMENTE AS MODIFICACIÓNS DA ORDENANZA FISCAL XERAL; DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 200, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA; DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 203, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES; DA ORDENANZA NÚMERO 406, REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE COMEDOR ESCOLAR NOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA.

TESOURERÍA

21/206 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE NOVEMBRO DE 2025.

C) <u>ROGOS E PREGUNTAS</u>

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 389/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A REVISIÓN, REPARACIÓN, LIMPEZA E MANTEMENTO DOS CONTEDORES DE RESIDUOS COLOCADOS NO CENTRO HISTÓRICO DE LUGO.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 390/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ADOPTEN MEDIDAS TANTO PREVENTIVAS COMO DE MELLORA DA SEGURIDADE NO LOCAL SOCIAL DE MEILÁN E SE REPAREN DE MANEIRA URXENTE OS DANOS QUE SUFRIU O LOCAL NO ÚLTIMO ACTO VANDÁLICO.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 391/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O GOBERNO MUNICIPAL REVISE A REDE DE ABASTECEMENTO DE AUGA NA LOUZANETA E GARANTA O FUNCIONAMENTO CUNHA PRESIÓN REGULAR, CONSTANTE E SUFICIENTE.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 392/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE RECOÑEZA INSTITUCIONALMENTE A FIGURA DE D. RAMÓN FALCÓN RODRÍGUEZ POLA SÚA CONTRIBUCIÓN DECISIVA Á CONSERVACIÓN, RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA MURALLA ROMANA DE LUGO E SE COLOQUE UNHA PLACA CONMEMORATIVA COA QUE SE LLE RENDA HOMENAXE.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 393/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA FASE NA QUE SE ATOPA A ELABORACIÓN DA ORDENANZA ESPECÍFICA E DA TAXA PARA O AUDITORIO "FUXAN OS VENTOS".

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 394/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA APROBACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 395/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA APARICIÓN DUNHA PRAGA DE ROEDORES NO INTERIOR DAS INSTALACIÓNS DA OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO E DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MURALLA.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 396/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA ENTREGA DEFINITIVA DAS ESCRITURAS DE PROPIEDADE AOS VECIÑOS DAS VIVENDAS DA CROA.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/186 **APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 24 DE NOVEMBRO DE 2025.-** Vista a proposta da secretaria xeral do Pleno, do 18 de decembro de 2025, do seguinte teor:

"O 24 de novembro de 2025, o Excmo. Concello Pleno celebrou unha sesión extraordinaria solicitada polos membros do Grupo Municipal do Partido Popular. Da referida sesión levantouse a correspondente acta que, unha vez confeccionada e incorporadas as intervencións nela producidas, foi asinada pola secretaria xeral do Pleno e polo alcalde presidente da Corporación.

Por todo o exposto, proponse a adopción dos seguintes acordos:

APROBAR a acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o día 24 de novembro de 2025."

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor**:	25	dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:**	0	
- **Abstencións:**	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

APROBAR a acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o día 24 de novembro de 2025.

A) <u>PARTE RESOLUTIVA</u>

ACTAS E GOBERNO

2/187 **APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DOS ARTIGOS 39, 59, 60, 61, 62, 63 (QUE SE SUPRIME),65, 66 E DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO DE LUGO (ROMGA). (EXP. 2025/G004/000779).-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA SECRETARÍA XERAL DO PLENO, do 17 de decembro de 2025, do seguinte teor:

"Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o acordo número 2/483, da Xunta de Goberno Local do 3 de decembro de 2025 cuxa parte expositiva é do seguinte teor:
'2/483 **APROBACIÓN DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO DE LUGO (ROMGA), EXP. 2025/G004/000677.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da secretaria xeral do Pleno, do 19 de novembro de 2025, conformado pola tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, cuxa parte expositiva é do seguinte teor:

'Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:
1. Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo, aprobado inicialmente polo Excmo. Concello Pleno e publicado no Boletín Oficial da Provincia o 21 de xuño de 2025, así como as modificacións posteriores publicadas no Boletín Oficial da Provincia o 18-2-2006 e 26-3-2008.

2. Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Dado que é necesario acomodar as funcións e denominacións dos correspondentes órganos directivos ao disposto no Real decreto 128/2018 e ao recollido na relación de postos de traballo deste Concello, cómpre a modificación do ROMGA de forma que o titular do órgano de orzamentación e contabilidade quede reflectido como órgano directivo e coas funcións que realmente lle corresponden.

A contabilidade e, polo tanto, a existencia do órgano que ten encomendada a súa levanza é esencial no Concello. Na actualidade as súas funcións están repartidas entre a Tesourería e a Intervención pero para un Concello coas dimensións do de Lugo, é imprescindible a cobertura deste posto de traballo, o de orzamentación e contabilidade que organice a levanza desta que na actualidade recae nunha soa persoa ademais das indicadas que asumen, en particular a Tesoureira, a coordinación das funcións ou actividades contables.'

E visto, así mesmo, o informe favorable emitido polo titular da Asesoría Xurídica, do 25 de novembro de 2025, que é do seguinte teor:

'O día 19 de novembro de 2025 o Servizo de Actas remite á Asesoría Xurídica o expediente relativo ao proxecto de modificación do Regulamenteo Orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo, con solicitude de informe.

Primeiro.- **Sobre o carácter do presente informe.**

A Asesoría Xurídica do Concello de Lugo é competente para a emisión deste informe, como así resulta do disposto no artigo 51 do ROMGA que establece que lle corresponde á Asesoría Xurídica informar, con carácter previo e preceptivo, nos seguintes asuntos:

"a) Os proxectos de Ordenanzas e Regulamentos. (…)"

De conformidade con tal precepto o presente informe ten carácter preceptivo.

Segundo. Sobre a proposta de aprobación do proxecto de Orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo.

No actual expediente administrativo xa consta o informe emitido pola Asesoría Xurídica o día 11.11.2025. Remítese de novo para informe xuntando agora proposta motivada asinada pola Concelleira delegada da área de xestión integral de recursos internos e maila Secretaria Xeral do Pleno.

I. Competencia municipal para a aprobación do Regulamento.

O Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo (en diante ROMGA) foi aprobado polo Excmo. Concello Pleno e publicado no Boletín Oficial da Provincia o 21 de xuño de 2005, e constan igualmente modificacións posteriores publicadas no Boletín Oficial da Provincia o 18.2.2006 e 26.3.2008.

O artigo 127.1 a) da LRBRL establece que corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos de ordenanzas e regulamentos municipais.

O artigo 123.1 c) da LRBRL establece que corresponde ao Pleno a aprobación e modificación dos regulamentos de natureza orgánica. Esta apartado sinala que terán en todo caso natureza orgánica, entre outros, a regulación dos órganos complementarios e dos procedementos de participación cidadá, polo que se requerirá o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros do Pleno para a súa aprobación.

II. Procedemento para a súa aprobación.

De conformidade co disposto nos artigos 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPACAP) e 49 e 70.2 da LRBRL, o procedemento para a elaboración e aprobación de Ordenanzas e Regulamentos locales nos municipios de gran poboación, caso de Lugo, efectuarase con arreglo á seguinte tramitación:

- Consulta pública previa á elaboración do proxecto ou anteproxecto de Regulamento mediante publicación no portal web do Concello coa finalidade de recabar a opinión dos suxetos e organizacións mais representativas potencialmente afectados pola futura norma (artigo 133 LPACAP).

O procedemento de aprobación propiamente dito iníciase de oficio ben por acordo da Corporación ou por resolución da Alcaldesa ou Concelleiro delegado.

- Aprobación do proxecto de Regulamento pola Xunta de Goberno Local.
- Aprobación inicial do Regulamento polo Pleno do Concello.
- Información pública e audiencia aos interesados durante o prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.
- Resoltas, no seu caso, as reclamacións ou suxestións presentadas dentro do prazo, será aprobado o Regulamento definitivamente polo Pleno da Corporación. No caso de non presentarse reclamacións, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional.
- Publicación no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal.

III. Contido da proposta de aprobación do proxecto de modificación do Regulamento Orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo.

A solicitude remitida a esta Asesoría Xurídica acompáñase do expediente administrativo no que se contén:

- Borrador sen sinatura dunha proposta de proxecto de modificación do Regulamento Orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo.
- Informe emitido pola Secretaría Xeral do Pleno do Concello en relación únicamente a aspectos procedimentais e de compentencia.
- Informe de Asesoría Xurídica do día 11.11.2025.
- Informe proposta de aprobación do proxecto de modificación do regulamento orgánico municipal de goberno e administración do Concello de Lugo (ROMGA) asinado pola Concelleira delegada da área de xestión integral de recursos internos e maila Secretaria Xeral do Pleno.

O texto do proxecto do proxecto remitido a esta Asesoría Xurídica contempla unha nova redacción dos artigos 39, 59, 60, 61, 62, 63 (que se suprime), artigo 65, artigo 66 e disposición transitoria segunda do ROMGA, dirixidos a modificar a denominación e funcións do órgano de oramentación e contabilidade así como a atribuirlle a condición de órgano directivo dentro da organización administrativa do Concello de Lugo.

O articulado proposto se axusta con carácter xeral ao ordenamento xurídico e respeta a lexislación aplicable na materia, principalmente contida no título X da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) para os municipios de gran poboación.

Faise constar que xa foi recabado, emitido e incorporado ao expediente administrativo o informe da Secretaría Xeral do Pleno (artigo 3.3 d) Real Decreto 128/2018) antes da súa elevación a este órgano para a súa aprobacion, ao contido do cal nos adherimos na súa totalidade e que non foi evacuada consulta previa, considerando neste caso de aplicación a excepción prevista no apartado 4 do artigo 133 da LPACAP (*4. Podrá prescindirse de los trámites de consulta, audiencia e información públicas previstos en este artículo en el caso de normas presupuestarias u organizativas de la Administración General del Estado, la*

Administración autonómica, la Administración local o de las organizaciones dependientes o vinculadas a éstas, o cuando concurran razones graves de interés público que lo justifiquen).
É canto procede informar aos efectos oportunos, sometendo o contido do presente informe a calquer outro mellor fundamentado en Dereito.'

Por todo o anteriormente exposto, esta Alcaldía, con base no referido acordo da Xunta de Goberno Local e logo do ditame previo da Comisión Permanente Ordinaria de Alcaldía e Transición Ecolóxica e Cohesión Territorial, **PROPÓNLLE** ó Excmo. Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO DE LUGO, dándolle unha nova redacción aos artigos 39, 59, 60, 61, 62, 63 (que se suprime), artigo 65, artigo 66 e disposición transitoria segunda, que quedarán redactados do xeito seguinte:

Artigo 39.
1. Atendendo ás funcións que desenvolven, os órganos do Concello de Lugo clasifícanse en órganos superiores e órganos directivos.
2. Os órganos superiores de goberno e administración do Concello de Lugo son o alcalde ou a alcaldesa e os membros da Xunta de Goberno Local.
3. Son órganos directivos os coordinadores ou coordinadoras xerais, os directores ou directoras xerais ou órganos similares, o secretario ou secretaria xeral do Pleno, o/a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o/a titular da Asesoría Xurídica, o interventor ou a interventora xeral municipal, así como o/a titular do órgano de xestión económico-financeira e o/a titular do órgano de orzamentación e contabilidade, de acordo co disposto neste regulamento.
Capítulo cuarto.- Órganos de xestión económico-financeira e orzamentaria.
Artigo 59.
1. Son órganos da xestión económico-financeira e orzamentaria:
a) O órgano de orzamentación e contabilidade, ao que corresponderá a función de elaboración de orzamentos e de contabilidade.
b) O órgano de xestión económico-financeira, ao que corresponderán as funcións de tesourería e recadación.
2. Quen teña a responsabilidade administrativa de cada unha das funcións referidas na alínea anterior terá ao seu cargo a dirección e coordinación das unidades administrativas encargadas da súa realización, sen prexuízo das atribucións dos órganos de goberno do Concello en materia de organización e dirección dos servizos administrativos.
SECCIÓN 1ª. O ÓRGANO DE ORZAMENTACIÓN E CONTABILIDADE.
Artigo 60.
Ao abeiro do disposto no artigo 134 da Lei de bases de réxime local, créase o órgano de orzamentación e contabilidade, ao que lle corresponderán as funcións

atribuídas á Administración municipal en materia de elaboración de orzamentos e de contabilidade, de conformidade co disposto na lexislación reguladora de facendas locais, de réxime orzamentario aplicable ás entidades locais, na relación de postos de traballo do Concello e nas resolucións que, en materia de organización, diten os órganos municipais competentes.

A título enunciativo, corresponderanlle as seguintes funcións:

1. Función de orzamentación:

a) Elaboración do proxecto dos orzamentos xerais do Concello, para o que lle corresponderá a obtención, análise, agregación de datos, informes e estatísticas necesarias para a súa elaboración.
a) A tramitación do documento orzamentario.
b) Recepción, informe e tramitación das propostas sobre modificacións orzamentarias.
c) Os informes sobre natureza, obxecto e finalidade dos créditos e proxectos de gastos incluídos no proxecto orzamentario.
d) Levar a cabo a análise económico-financeira da evolución orzamentaria con seguimento de obxectivos e avaliación de resultados, podendo, de ser o caso, propoñer aquelas medidas que se consideren convenientes para o necesario equilibrio orzamentario.

2. Función de contabilidade:

A función contable axustarase, en todo caso, ás previsións que nesta materia se conteñen na normativa reguladora das facendas locais e de contabilidade pública aplicable ás entidades locais, na relación de postos de traballo do Concello e nas resolucións que, en materia de organización, diten os órganos municipais competentes.

A título enunciativo, corresponderanlle as seguintes actuacións:

a) A coordinación das funcións ou actividades contables do Concello, de acordo co plan de contas a que se refire o artigo 114 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
a) Levar e desenvolver a contabilidade financeira ou externa, correspondéndolle o rexistro contable da totalidade das operacións do ciclo orzamentario e calquera outro feito económico-financeiro ou administrativo de contido económico, sexan ou non orzamentarios.
b) Organizar e dirixir a contabilidade dos organismos públicos e sociedades mercantís con participación total ou maioritaria do Concello de acordo co previsto nos seus estatutos, e centralizar a información contable para os efectos da formulación dos estados e contas anuais.
c) En xeral, subministrar a información, preparar e formular os estados contables demostrativos dos resultados orzamentarios e económico-financeiros a que se refire o artigo 205 do R. d. lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para os efectos do cumprimento dos fins que o indicado precepto legal lle atribúe á contabilidade pública local.
d) A subministración da información necesaria para a medición do grao de realización do obxectivo de estabilidade orzamentaria de acordo co

procedemento previsto na Lei orgánica 5/2001, xeral de estabilidade orzamentaria.

e) Seguimento e xestión dos ingresos por transferencias correntes ou de capital.
f) Emisión de informes e certificados en relación cos datos que consten nos libros e documentación ao seu cargo.

Artigo 61. **O/A titular do órgano de orzamentación e contabilidade.**

1. Ao/Á titular deste órgano, que no Concello de Lugo se denominará órgano de orzamentación e contabilidade, e que **ten carácter de órgano directivo**, corresponderalle a responsabilidade administrativa das funcións de orzamentación e contabilidade.

2. O/A titular deste órgano será nomeado/a entre funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, subescala Intervención-Tesourería, categoría superior.

3. A provisión do posto de traballo correspondente ao titular ou á titular deste órgano levarase a cabo, ao abeiro do disposto na disposición adicional oitava da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, polos sistemas previstos no artigo 99 desta lei e nas disposicións regulamentarias de desenvolvemento, e requirirá, en todo caso, unha previa convocatoria pública, e sen prexuízo do previsto na disposición transitoria quinta da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local, e neste regulamento.

SECCIÓN 2ª. O ÓRGANO DE XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

Artigo 62.

Correspóndenlle ao órgano de xestión económico-financeira as seguintes funcións:

a) A función de tesourería.
b) A función de recadación.

Artigo 63. Suprímese

Artigo 65. **A función de xestión e recadación.**

A xestión recadatoria comprende, a título enunciativo, as seguintes actuacións:

a) A xefatura e organización dos servizos de xestión de ingresos e recadatorios.
a) O impulso, dirección e execución dos procedementos recadatorios coas competencias e facultades que, para isto, a lexislación do Estado atribúe aos órganos de recadación.
b) A autorización dos pregos de cargo de valores.
c) Ditar providencia de constrinximento nos expedientes administrativos deste carácter e resolver os recursos potestativos de reposición que se formulen contra estas e autorizar e presidir a poxa dos bens embargados, sen prexuízo das competencias e facultades a que se refire a anterior alínea b).
d) A emisión de informes e certificados en relación cos datos que consten nos libros e documentación ao seu cargo, incluídos os relativos a atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias municipais e en relación cos restantes ingresos de dereito público da Facenda do Concello de Lugo, e non ter débedas pendentes con este.

Artigo 66. **O/A titular do órgano de xestión económico-financeira.**

1. Ao/Á titular deste órgano, que no Concello de Lugo se denominará tesourería municipal e que ten carácter de órgano directivo, corresponderalle a responsabilidade administrativa das funcións de tesourería e recadación.
2. O/A titular deste órgano será nomeado/a entre funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, subescala intervención-tesourería.
3. A provisión do posto de traballo correspondente ao titular ou á titular deste órgano levarase a cabo, ao abeiro do disposto na disposición adicional oitava da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, polos sistemas previstos no artigo 99 desta lei e nas disposicións regulamentarias de desenvolvemento, e requirirá, en todo caso, unha previa convocatoria pública, e sen prexuízo do previsto na disposición transitoria quinta da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local, e neste regulamento.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Segunda. Funcións orzamentarias e de contabilidade.

As funcións de contabilidade e elaboración e xestión de orzamentos quedarán reservadas respectivamente ao **órgano de xestión económico-financeira e ao** órgano responsable do control e da fiscalización interna, en tanto non se produza a cobertura do titular do órgano de orzamentación e contabilidade.

SEGUNDO.- Someter o acordo que se adopte ó trámite de información pública e audiencia ós interesados polo prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES para a presentación de suxestións e reclamacións, mediante anuncios a inserir no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro do Concello e no Portal de Transparencia municipal, así como a notificación ás persoas interesadas no expediente.

En caso de non presentarse suxestións ou alegacións, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional e, seguidamente, procederase á súa publicación, comunicación e notificación regulamentarias, e deberase, así mesmo, darlle conta ó Pleno da Corporación.

2. DITAME FAVORABLE emitido na Comisión Permanente Ordinaria de Alcaldía e Transición Ecolóxica e Cohesión Territorial, celebrada o 18 de decembro de 2025.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor**:	13	dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:**	0	
- **Abstencións:**	12	do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO DE LUGO, dándolle unha nova redacción aos artigos 39, 59, 60, 61, 62, 63 (que se suprime), artigo 65, artigo 66 e disposición transitoria segunda, que quedarán redactados do xeito seguinte:

Artigo 39.

1. Atendendo ás funcións que desenvolven, os órganos do Concello de Lugo clasifícanse en órganos superiores e órganos directivos.

2. Os órganos superiores de goberno e administración do Concello de Lugo son o alcalde ou a alcaldesa e os membros da Xunta de Goberno Local.

3. Son órganos directivos os coordinadores ou coordinadoras xerais, os directores ou directoras xerais ou órganos similares, o secretario ou secretaria xeral do Pleno, o/a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o/a titular da Asesoría Xurídica, o interventor ou a interventora xeral municipal, así como o/a titular do órgano de xestión económico-financeira e o/a titular do órgano de orzamentación e contabilidade, de acordo co disposto neste regulamento.

Capítulo cuarto.- Órganos de xestión económico-financeira e orzamentaria.

Artigo 59.

1. Son órganos da xestión económico-financeira e orzamentaria:

a) O órgano de orzamentación e contabilidade, ao que corresponderá a función de elaboración de orzamentos e de contabilidade.

b) O órgano de xestión económico-financeira, ao que corresponderán as funcións de tesourería e recadación.

2. Quen teña a responsabilidade administrativa de cada unha das funcións referidas na alínea anterior terá ao seu cargo a dirección e coordinación das unidades administrativas encargadas da súa realización, sen prexuízo das atribucións dos órganos de goberno do Concello en materia de organización e dirección dos servizos administrativos.

SECCIÓN 1ª. O ÓRGANO DE ORZAMENTACIÓN E CONTABILIDADE.

Artigo 60.

Ao abeiro do disposto no artigo 134 da Lei de bases de réxime local, créase o órgano de orzamentación e contabilidade, ao que lle corresponderán as funcións atribuídas á Administración municipal en materia de elaboración de orzamentos e de contabilidade, de conformidade co disposto na lexislación reguladora de facendas locais, de réxime orzamentario aplicable ás entidades locais, na relación de postos de traballo do Concello e nas resolucións que, en materia de organización, diten os órganos municipais competentes.

A título enunciativo, corresponderanlle as seguintes funcións:

1. Función de orzamentación:

b) Elaboración do proxecto dos orzamentos xerais do Concello, para o que lle corresponderá a obtención, análise, agregación de datos, informes e estatísticas necesarias para a súa elaboración.

e) A tramitación do documento orzamentario.
f) Recepción, informe e tramitación das propostas sobre modificacións orzamentarias.
g) Os informes sobre natureza, obxecto e finalidade dos créditos e proxectos de gastos incluídos no proxecto orzamentario.
h) Levar a cabo a análise económico-financeira da evolución orzamentaria con seguimento de obxectivos e avaliación de resultados, podendo, de ser o caso, propoñer aquelas medidas que se consideren convenientes para o necesario equilibrio orzamentario.

2. Función de contabilidade:

A función contable axustarase, en todo caso, ás previsións que nesta materia se conteñen na normativa reguladora das facendas locais e de contabilidade pública aplicable ás entidades locais, na relación de postos de traballo do Concello e nas resolucións que, en materia de organización, diten os órganos municipais competentes.

A título enunciativo, corresponderanlle as seguintes actuacións:

b) A coordinación das funcións ou actividades contables do Concello, de acordo co plan de contas a que se refire o artigo 114 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
g) Levar e desenvolver a contabilidade financeira ou externa, correspondéndolle o rexistro contable da totalidade das operacións do ciclo orzamentario e calquera outro feito económico-financeiro ou administrativo de contido económico, sexan ou non orzamentarios.
h) Organizar e dirixir a contabilidade dos organismos públicos e sociedades mercantís con participación total ou maioritaria do Concello de acordo co previsto nos seus estatutos, e centralizar a información contable para os efectos da formulación dos estados e contas anuais.
i) En xeral, subministrar a información, preparar e formular os estados contables demostrativos dos resultados orzamentarios e económico-financeiros a que se refire o artigo 205 do R. d. lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para os efectos do cumprimento dos fins que o indicado precepto legal lle atribúe á contabilidade pública local.
j) A subministración da información necesaria para a medición do grao de realización do obxectivo de estabilidade orzamentaria de acordo co procedemento previsto na Lei orgánica 5/2001, xeral de estabilidade orzamentaria.
k) Seguimento e xestión dos ingresos por transferencias correntes ou de capital.
l) Emisión de informes e certificados en relación cos datos que consten nos libros e documentación ao seu cargo.

Artigo 61. **O/A titular do órgano de orzamentación e contabilidade.**

1. Ao/Á titular deste órgano, que no Concello de Lugo se denominará órgano de orzamentación e contabilidade, e que **ten carácter de órgano directivo**, corresponderalle a responsabilidade administrativa das funcións de orzamentación e contabilidade.

2. O/A titular deste órgano será nomeado/a entre funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, subescala Intervención-Tesourería, categoría superior.
3. A provisión do posto de traballo correspondente ao titular ou á titular deste órgano levarase a cabo, ao abeiro do disposto na disposición adicional oitava da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, polos sistemas previstos no artigo 99 desta lei e nas disposicións regulamentarias de desenvolvemento, e requirirá, en todo caso, unha previa convocatoria pública, e sen prexuízo do previsto na disposición transitoria quinta da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local, e neste regulamento.
SECCIÓN 2ª. O ÓRGANO DE XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA
Artigo 62.
Correspóndenlle ao órgano de xestión económico-financeira as seguintes funcións:
a) A función de tesourería.
b) A función de recadación.
Artigo 63. Suprímese
Artigo 65. **A función de xestión e recadación.**
A xestión recadatoria comprende, a título enunciativo, as seguintes actuacións:
b) A xefatura e organización dos servizos de xestión de ingresos e recadatorios.
e) O impulso, dirección e execución dos procedementos recadatorios coas competencias e facultades que, para isto, a lexislación do Estado atribúe aos órganos de recadación.
f) A autorización dos pregos de cargo de valores.
g) Ditar providencia de constrinximento nos expedientes administrativos deste carácter e resolver os recursos potestativos de reposición que se formulen contra estas e autorizar e presidir a poxa dos bens embargados, sen prexuízo das competencias e facultades a que se refire a anterior alínea b).
h) A emisión de informes e certificados en relación cos datos que consten nos libros e documentación ao seu cargo, incluídos os relativos a atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias municipais e en relación cos restantes ingresos de dereito público da Facenda do Concello de Lugo, e non ter débedas pendentes con este.

Artigo 66. **O/A titular do órgano de xestión económico-financeira.**
1. Ao/Á titular deste órgano, que no Concello de Lugo se denominará tesourería municipal e que ten carácter de órgano directivo, corresponderalle a responsabilidade administrativa das funcións de tesourería e recadación.
2. O/A titular deste órgano será nomeado/a entre funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, subescala intervención-tesourería.
3. A provisión do posto de traballo correspondente ao titular ou á titular deste órgano levarase a cabo, ao abeiro do disposto na disposición adicional oitava da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, polos sistemas previstos no artigo 99 desta lei e nas disposicións regulamentarias de desenvolvemento, e requirirá, en todo caso, unha previa convocatoria pública, e sen prexuízo do previsto na disposición transitoria quinta da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local, e neste regulamento.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Segunda. Funcións orzamentarias e de contabilidade.

As funcións de contabilidade e elaboración e xestión de orzamentos quedarán reservadas respectivamente ao **órgano de xestión económico-financeira e ao** órgano responsable do control e da fiscalización interna, en tanto non se produza a cobertura do titular do órgano de orzamentación e contabilidade.

SEGUNDO.- Someter o acordo que se adopte ó trámite de información pública e audiencia ós interesados polo prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES para a presentación de suxestións e reclamacións, mediante anuncios a inserir no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro do Concello e no Portal de Transparencia municipal, así como a notificación ás persoas interesadas no expediente.

En caso de non presentarse suxestións ou alegacións, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional e, seguidamente, procederase á súa publicación, comunicación e notificación regulamentarias, e deberase, así mesmo, darlle conta ó Pleno da Corporación.

DESENVOLVEMENTO LOCAL

3/188 **ADHESIÓN DO CONCELLO DE LUGO Á "ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE DESTINOS PARA LA PROMOCIÓN DEL TURISMO GASTRONÓMICO".-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- INFORME PROPOSTA PARA A ADHESIÓN DO CONCELLO DE LUGO Á *"ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE DESTINOS PARA LA PROMOCIÓN DEL TURISMO GASTRONÓMICO"*, subscrito o 15 de decembro de 2025 pola xefa do servizo de desenvolvemento local e polo tenente de alcalde delegado da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais, que seguidamente se transcribe:

"Instruído expediente: Adhesión do Concello de Lugo á "ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE DESTINOS PARA LA PROMOCIÓN DEL TURISMO GASTRONÓMICO", de carácter supramunicipal.
Antecedentes:
- Decreto 10854/2025, de 19 de novembro, ditado polo Ilmo Sr. Don Mauricio Repetto Morbán, Tte. de Alcalde da Área de Dinamización Económica e RRII, relativo ao inicio da tramitación do presente expediente.
Motivación:

"Saborea España" é unha marca que promove o turismo gastronómico en España, impulsando a identidade culinaria das diferentes rexións e cidades do país. Saborea España é igualmente unha plataforma público-privada creada para promover o turismo gastronómico en España, poñendo en valor, como xa dixemos, a identidade culinaria das diferentes rexións e cidades do país.
Obxectivos principias de Saborea España, son:

1. Posicionar España como o destino de turismo gastronómico máis importante do mundo.
2. Promover os produtos locais, con denominacións de orixe e tradicións culinarias propias.
3. Impulsar a sustentabilidade na produción e consumo alimentario.
4. Unir gastronomía, cultura e territorio, reforzando a identidade de cada destino.

Polo tanto, o seu obxectivo principal é converter a gastronomía nunha experiencia turística de calidade, conectando produtos locais, cociñeiros, produtores e destinos.

Saborea España está formada por cinco socios:

- A **Asociación Española de Destinos para a Promoción do Turismo Gastronómico**, formada por todos aqueles destinos que participan en Saborea España e que son os que dan visibilidade ao proxecto común de Saborea España tanto dentro como fora das nosas fronteiras.
- A Federación Española de Hostalería (Hostalería de España), é a organización empresarial que representa aos restaurantes, bares, cafeterías e pubs do noso país.
- Paradores Nacionales, empresa pública ao servizo do turismo español desde 1928.
- Facyre, Federación de Asociacións de Cociñeiros e Reposteiros de España.
- Euro-Toques, é unha organización internacional de cociñeiros que integra a máis de 3.500 cociñeiros de 18 países.

Igualmente máis de 30 destinos forman parte da rede, entre eles:

- Alicante
- Badajoz
- Cambrils
- Lanzarote
- Logroño
- Sevilla
- Valladolid
- Valencia

- Tenerife
- Trujillo
- Vinaroz

Cada un ofrece rutas gastronómicas, obradoiros, mercados e festivais que destacan os seus produtos típicos.

Saborea España participa en eventos e actividades destacadas, tales como:

- Día Mundial da Tapa (celebrado en xuño, en colaboración con Turespaña).
- Congresos e rutas gastronómicas en distintas cidades.
- Saborea España en FITUR, onde se presentan experiencias culinarias e chefs destacados.

Cando un destino se incorpora a Saborea España o fai a través da Asociación Española de Destinos para a Promoción do Turismo Gastronómico.

Polo tanto este Concello para integrarse en Saborea España, terá que facelo mediante a previa adhesión á **Asociación Española de Destinos para a Promoción do Turismo Gastronómico**.

ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE DESTINOS PARA A PROMOCIÓN DO TURISMO GASTRONÓMICO:

A **Asociación Española de Destinos para a Promoción do Turismo Gastronómico**, segundo indica a certificación expedida polo Rexistro Nacional de Asociacións do Ministerio del Interior, constituíuse en data 22 de xuño de 2009, número de rexistro 594202, cun ámbito territorial de actuación a nivel nacional e coa actividade de turismo. A data de alta no devandito Rexistro realizouse o 20 de xaneiro de 2010.

Análise dos seus Estatutos:

Os estatutos foron aprobados en data 23 de xuño e 2009, e modificados en data 5 de novembro de 2020.

Regúlase a Asociación pola Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo que regula o dereito de asociación.

Obxecto da Asociación:

Definir, conceptualizar e desenvolver o produto gastronómico español. Igualmente difundir o produto gastronómico español, subscribir convenios de colaboración para a promoción do Turismo Gastronómico, a promoción nacional e internacional do produto, dinamizar e fomentar a cooperación entre os asociados mediante o intercambio de información e experiencias relacionadas co turismo e o produto gastronómico, contribuír co conxunto de Administracións Públicas á definición de políticas e estratexias integrais en turismo e asesorar aos asociados no logro do fins e obxectivos da asociación.

Domicilio: A Asociación establece o seu domicilio social na Rúa Rambleta del Pare Alegre, nº 32, Terrasa, Barcelona.

Ámbito territorial: nacional.

Duración:

A Asociación constituíuse por tempo indefinido.

Órganos de representación:

A Asociación será xestionada e representada por unha **Comisión Executiva** formada por: un Presidente/a, un Vicepresidente/a, un Secretario/a, un Tesoureiro/a e os vocais que determine a Asemblea Xeral, de entre os asociados. A Comisión Executiva terá un mandato de catro anos. As facultades da Comisión Executiva estenderanse con carácter xeral a todos os actos propios das finalidades da Asociación, sempre que non requiran, autorización expresa da Asemblea Xeral. Son funcións da mesma entre outras:dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa, executar os acordos da Asemblea Xeral, resolver sobre a admisión de novos asociados, etc... A Comisión Executiva nomeará a un Director Delegado, a duración do seu mandato, de carácter gratuíto será de dous anos. Este Director actuará de portavoz da Asociación en foros de carácter técnico, apoiará técnicamente á Asemblea Xeral e a Comisión Executiva.

A Asemblea Xeral:

É o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por todos os destinos asociados. Cada asociado designará a dúas persoas para que lle representen na Asemblea. Cada persoa ostentará un voto, correspondendo a cada socio dous votos. As reunións serán ordinarias (unha vez o ano) e extraordinarias (cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do presidente, cando a Comisión Executiva o acorde o cando o propoña por escrito unha décima parte dos asociados). Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións. Non obstante o anterior, será necesaria a maioría absoluta dos membros para por exemplo e entre outras: Modificación dos estatutos. Son facultades da Asemblea Xeral ordinaria, entre outras, examinar e aprobar as contas anuais, fixar as cotas ordinarias ou extraordinarias, aprobar ou rexeitar as propostas da Comisión Executiva en orde as actividades da Asociación, etc... Corresponde a Asemblea Xeral extraordinaria: a disolución da Asociación ou a expulsión de socios, entre outras.

A Xerencia:

É o órgano auxiliar da Asociación que asiste á Comisión Executiva nas tarefas de administración e xestión da Asociación, por encargo da Comisión Executiva e baixo a dirección e coordinación do Director delegado/a. A Comisión Executiva poderá contratar unha xerencia para o exercicio das funcións, normas e instrucións que ao respecto estableza a Asociación.

Socios:

Existen dentro da Asociación os seguintes clases de socios:

1º socios fundadores (aqueles que participen no acto de constitución)

2º socios de número (serán os que ingresen despois da constitución)

3º socios de honor (os nomeados polo seu prestixio no ámbito de actuación da Asociación)

No articulado dos estatutos recóllense as causas de baixa dos socios, os dereitos de cada clase de socios, así como as obrigas.

O Concello de Lugo entraría na Asociación como socio de número e tería as seguintes obrigas:

- cumprir cos estatutos e acordos válidos das Asembleas e Comisión Executiva
- aboar as cotas que se fixen
- asistir as Asembleas e demais actos que se organicen
- desempeñar, no seu caso,as obrigas inherentes ao cargo que ocupen

Recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación:

- as cotas dos socios, periódicas ou extraordinarias
- as subvencións, legados ou donacións recibidas por parte de asociados ou terceiras persoas
- convenios, patrocinios ou outras fórmulas que permitan a obtención de recursos
- ingresos por prestacións de servizos
- calquera outro recurso lícito

O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.
A Asociación levará unha contabilidade onde quedará reflectida a imaxe fiel do patrimonio, os resultados, a situación financeira e as actividades realizadas. Disporá igualmente dun inventario actualizado dos seus bens. A Asociación someterá as súas contas a unha auditoría anual externa e independente, sen prexuízo do cumprimento das obrigas contables e de auditoría de contas establecidas na Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. A Asociación manterá unha relación actualizada de asociados e disporá dun Libro de Actas no que figurarán as correspondentes reunións que celebren os órganos de goberno e representación da mesma.

<u>Disolución</u>:

No articulado dos estatutos recollese a causa de disolución, disolvéndose voluntariamente cando así o acorde a Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada

aos efectos, por unha maioría cualificada dos asociados. En caso de disolución se nomeará unha comisión liquidadora. O remanente que resultara da liquidación, se librará directamente á entidade pública ou privada sen afán de lucro que se acorde, e que a poder ser estará relacionada cos obxectivos fundacionais da asociación.

Obrigas económicas dos socios:

- Abono dunha cota de inscrición: aportase no momento da incorporación á Asociación, soamente se paga unha vez ao longo do período de pertenza á Asociación e deberá aboarse no prazo de tres meses despois de recibida a factura.
  Importe: 6.000 euros. (Aprobada na Asemblea Xeral extraordinaria da Asociación do 8 de setembro de 2009).
  Non obstante o anterior, a cota de inscrición (no ano 2026) será aboada pola empresa contratista, AVIVAE SOLUCIONES ESTRATÉGICAS, S.L., con NIF número B-94140688, dado que figura este pagamento como condición contractual para a mesma dentro do *"CONTRATO DE UN SERVICIO DE DISEÑO, CREACIÓN Y PUESTA EN MARCHA DEL CLUB DE PRODUCTO "ENOGASTRONOMÍA DE LUGO" ENMARCADO EN EL PLAN DE SOSTENIBILIDAD TURÍSTICA EN DESTINO DEL AYUNTAMIENTO DE LUGO "PSTD: …ET EDENDO, LUCUS: UN RECORRIDO HISTÓRICO POR LA ENOGASTRONOMÍA" - FINANCIADO A TRAVÉS DEL MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO Y TURISMO – PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA - FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU - CÓDIGO DE PROYECTO: 23MRRXX43201. Exp ref: 2025/C003/000011*", e formalizado co Concello de Lugo en data 16 de xullo de 2025.

- Cota anual ordinaria: é a cota por pertencer a Asociación, págase unha vez o ano e deberá aboarse no prazo máximo de tres meses despois de recibida a correspondente factura.
  Importe: 10.000 euros. (Aprobada na Asemblea Xeral extraordinaria da Asociación do 29 de outubro de 2009). O Concello de Lugo de Lugo efectuará o pagamento desa primeira cota anual no ano 2026, tras a adhesión á Asociación.

A incorporación como membro por parte do Concello de Lugo á Asociación, farase como socio de número, que son aqueles destinos que ingresan despois da constitución da Asociación.

A Asociación rexese polos seus propios estatutos, e ademais, polo Regulamento de Réxime interno da Asociación, aprobado en data 5 de novembro de 2020.

Acompañan á presente proposta e forman parte do expediente os seguintes documentos:

- Acta fundacional
- Estatutos da Asociación
- Regulamento de Réxime interno da Asociación
- Certificado do Rexistro Nacional de Asociacións recollendo a inscrición da entidade
- Actas de Asembleas ordinarias e extraordinarias (nelas se recollen as cotas de inscrición e as cotas anuais que deben satisfacer os asociados).

CONSIDERANDO que o Concello de Lugo concorreu á **convocatoria extraordinaria de plans territoriais de sustentabilidade turística en destino**, presentando un **proxecto baixo o título de "...Et edendo Lucus: Un percorrido histórico pola enogastronomía",** sendo unha das categorías de destino recollidas na convocatoria e establecendo o investimento mínimo por eixes que recollía a convocatoria.

CONSIDERANDO que a execución do proxecto de referencia se realiza a través do "***CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE LUGO PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DE LUGO "...ET EDENDO LUCUS: UN PERCORRIDO HISTÓRICO POLA ENOGASTRONOMÍA" NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU"***, asinado polas partes o 17 de xullo de 2023, cun importe de 2.000.000€, modificado pola addenda asinada en data 2 e xullo de 2025.

CONSIDERANDO que a Sociedade Mercantil Estatal SEGITTUR certificou no mes de maio de 2025, que o DESTINO LUGO, iniciou o camiño de cara a súa transformación en Destino turístico intelixente, mediante a realización do informe de Diagnóstico e de deseño de liñas estratéxicas para a súa conversión en DTI, todo elo en liña coa metodoloxía da Secretaría de Estado de Turismo, outorgándolle por iso o distintivo de "Destino Turístico Intelixente" Adherido 2025-2027.

CONSIDERANDO como beneficios principais para o Concello de Lugo, pertencer a plataforma Saborea España, os seguintes:

- *Promoción nacional e internacional*

- Lugo pasaría a formar parte dunha marca de prestixio recoñecida dentro e fóra de España.
- Tería presenza en feiras e eventos turísticos como FITUR ou o Día Mundial da Tapa.

Incrementaríase a visibilidade de Lugo como destino gastronómico, máis alá do seu patrimonio histórico (como a Muralla ou o Arde Lucus).

- *Impulso económico e turístico*

- A gastronomía é un motor económico de alto valor engadido: atrae visitantes que gastan máis e permanecen máis tempo.
- Potenciaríase o turismo sostible e desestacionalizado, ligado á restauración, os produtos locais e a cultura rural.
- Crearíase unha sinerxía entre hostalaría, produtores e institucións locais, xerando emprego e novas oportunidades de negocio.

- *Posta en valor dos produtos locais*

- Promoveríase a gastronomía lucense como emblema de calidade e autenticidade, destacando produtos con denominación de orixe.

Poderíase desenvolver un catálogo de experiencias gastronómicas (rutas do viño, tapas, mercados tradicionais, showcookings…).

- *Acceso a formación e innovación*

- Lugo beneficiariase de programas de formación, promoción e innovación gastronómica impulsados pola rede Saborea España.
- Participaría en proxectos colaborativos con outras cidades gastronómicas, compartindo boas prácticas e innovacións en turismo sostible.

- *Fortalecemento da identidade e orgullo local*

- Axudaría a recoñecer e difundir a cultura culinaria lucense como parte esencial da súa identidade.
- Impulsaría o sentimento de pertenza entre produtores, hostaleiros e cidadanía, arredor dun proxecto común.

Este Concello de Lugo **manifesta** o seu desexo de contribuír aos obxectivos e actividades da ***"ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE DESTINOS PARA LA PROMOCIÓN DEL TURISMO GASTRONÓMICO",*** de carácter supramunicipal.

Visto o Informe da Secretaría Xeral do Pleno de data 15 de decembro de 2025.

Tendo en conta todo o anterior, **proponse que o Pleno municipal** (pois é da súa competencia a adopción dos acordos relativos á participación en organizacións supramunicipais, segundo o disposto no artigo 123.1. f) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local"), **ACORDE:**

PRIMEIRO.- Aprobar a incorporación do Concello de Lugo como membro (socio de número), á ***"ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE DESTINOS PARA LA PROMOCIÓN DEL TURISMO GASTRONÓMICO"***, así como prestar conformidade aos seus

respectivos estatutos e ao regulamento de réxime interno e funcionamento da mesma.

SEGUNDO.- Adquirir o compromiso de incluír no orzamento xeral municipal do ano 2026 e seguintes, a cota de participación anual que por pertencer á devandita asociación lle corresponde pagar a este Concello, e que ascende a cantidade de 10.000 euros anuais.

TERCEIRO.- Facultar ao Excmo. Sr. Alcalde - Presidente para que, en representación do Concello de Lugo, proceda ao outorgamento dos actos e negocios xurídicos precisos e á firma dos documentos notariais e/o administrativos necesarios para a incorporación do Concello de Lugo á ***"ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE DESTINOS PARA LA PROMOCIÓN DEL TURISMO GASTRONÓMICO"***.

2. DITAME FAVORABLE, emitido na Comisión Permanente Ordinaria de Dinamización Económica e Cohesión Social celebrada o 19 de decembro de 2025.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor**:	25	dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:**	0	
- **Abstencións:**	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a incorporación do Concello de Lugo como membro (socio de número), á ***"ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE DESTINOS PARA LA PROMOCIÓN DEL TURISMO GASTRONÓMICO"***, así como prestar conformidade aos seus respectivos estatutos e ao regulamento de réxime interno e funcionamento da mesma.

SEGUNDO.- Adquirir o compromiso de incluír no orzamento xeral municipal do ano 2026 e seguintes, a cota de participación anual que por pertencer á devandita asociación lle corresponde pagar a este Concello, e que ascende a cantidade de 10.000 euros anuais.

TERCEIRO.- Facultar ao Excmo. Sr. alcalde presidente para que, en representación do Concello de Lugo, proceda ao outorgamento dos actos e negocios xurídicos precisos e á firma dos documentos notariais e/ou administrativos necesarios para a incorporación do Concello de Lugo á ***"ASOCIACIÓN***

ESPAÑOLA DE DESTINOS PARA LA PROMOCIÓN DEL TURISMO GASTRONÓMICO”.

MOBILIDADE

4/189 **APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA ZONA DE BAIXAS EMISIÓNS (ZBE) DO CONCELLO DE LUGO.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA SECCIÓN DE MOBILIDADE URBANA E SANCIÓNS, subscrita o día 15 de decembro de 2025, pola xefa de sección e polo tenente de alcalde da Área de Mobilidade e Infraestruturas, do seguinte teor:

“ANTECEDENTES DE FEITO

O artigo 45.1 da Constitución española (en diante CE) recoñece que todo o mundo ten o dereito a dispoñer dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo. O artigo 45.2 da CE establece que os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os recursos naturais co fin de protexer e mellorar a calidade da vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.

Por outra banda, o artigo 43.1 da CE recoñece o dereito á protección da saúde.

No ámbito europeo, a normativa sobre calidade do aire en vigor vén representada pola Directiva 2008/50/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2008, relativa á calidade do aire ambiente e a unha atmosfera máis limpa en Europa e a Directiva 2004/107/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de decembro de 2004, relativa ao arsénico, ao cadmio, ao mercurio, ao níquel e aos hidrocarburos aromáticos policíclicos no aire ambiente.

No noso ordenamento xurídico interno, é a Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera a que actualiza a base legal para os desenvolvementos relacionados coa avaliación e a xestión da calidade do aire en España. O seu artigo 16.4 determina que as entidades locais, no ámbito das súas competencias, poden elaborar os seus propios plans e programas co fin de cumprir os niveis establecidos na normativa correspondente, e permítelles adoptar medidas de restrición total ou parcial do tráfico, entre as cales se inclúen as restricións aos vehículos máis contaminantes.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 25.2 establece que os municipios deben exercer competencias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas materias de medio

ambiente urbano, e especificamente de protección contra a contaminación atmosférica nas zonas urbanas, e de tráfico e estacionamento de vehículos e mobilidade, que inclúe a ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas.

Pero a nivel xeral e con efectos en todas as administracións, é o artigo 27.2 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, o que dispón que as administracións públicas, no ámbito das súas competencias, deben protexer a saúde da poboación mediante actividades e servizos que actúen sobre os riscos presentes no medio e nos alimentos, para os efectos de despregar os servizos e as actividades que permitan a xestión dos riscos para a saúde que poidan afectar á poboación.

Tamén, e de maneira concreta, o artigo 7 do texto refundido da Lei sobre tráfico e seguridade viaria, aprobado por Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, outórgalles aos municipios a competencia de restrinxir a circulación a determinados vehículos en vías urbanas da súa competencia por motivos medioambientais, e o artigo 18, a de acordar polos mesmos motivos a prohibición total ou parcial de acceso a partes da vía con carácter xeral ou para determinados vehículos ou o peche de determinadas vías.

A Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética imponlles aos municipios de máis de 50.000 habitantes a adopción de plans de mobilidade urbana sostible, que deben introducir medidas de mitigación para reducir as emisións derivadas da mobilidade, incluíndo, polo menos, o establecemento de zonas de baixas emisións (en diante, ZBE) e tamén aplicable aos municipios de máis de 20.000 habitantes cando se superen os valores límite dos contaminantes regulados no Real decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire.

O Real decreto 1052/2022, do 27 de decembro, polo que se regulan as zonas de baixas emisións constitúe a normativa de desenvolvemento da Lei de cambio climático, que marca os criterios e obxectivos medioambientais e de mobilidade urbana. Así mesmo, o real decreto establece no seu artigo segundo que as ZBE serán delimitadas e reguladas polas entidades locais na súa correspondente normativa.

A regulación normativa, por medio de ordenanza, debe ir acompañada dun proxecto técnico ou de planificación que debe establecer o ámbito territorial dunha ou máis ZBE dentro do territorio do municipio, tendo en conta os instrumentos de planificación local.

O proxecto da ZBE, que non debe ser confundido co PMUS, debe fixar as limitacións de circulación e estacionamento de vehículos, e deberá conter como mínimo os apartados do ANEXO I do Real decreto 1052/2022 (contido mínimo do proxecto de zonas de baixas emisións). O Proxecto de implantación da ZBE figura informado favorablemente polo Servizo de Enxeñería Municipal, tramitándose a súa aprobación de xeito separado noutro expediente.

O obxectivo de mellora de calidade do aire e ruído nas ZBE debe poder cuantificarse e, en caso de superar os valores lexislados, o proxecto debe contribuír a alcanzar o cumprimento no menor tempo posible, establecendo un calendario e avaliando o impacto das medidas adoptadas na ZBE.

Por iso, o establecemento das ZBE é unha obriga legal desenvolvida regulamentariamente, e deberá ser regulada polos concellos por medio de ordenanza municipal. Dentro das competencias de regulación do tráfico das vías urbanas, que ten establecido por lei este Concello, e para promover o uso peonil das rúas, crearanse unhas zonas de especial protección peonil.

A competencia sancionadora que se establece nesta ordenanza municipal de Lugo segue o réxime sancionador no caso de que non se respecten as restricións de acceso, circulación e estacionamento por parte das persoas usuarias, remitindo para iso á Lei 18/2021, do 20 de decembro, pola que se modifica o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación, vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, en materia do permiso e licenza de condución por puntos, xa que só constitúen infraccións administrativas as vulneracións do ordenamento xurídico previstas como tales por unha lei.

O procedemento sancionador así como o réxime de sancións das ZBE susténtase exclusivamente no apartado Z3 do artigo 76 “Infraccións graves” do citado texto refundido da Lei sobre tráfico e seguridade viaria. A redacción do texto que se somete a aprobación, os anexos así como o proxecto de implanatación da ZBE foi elaborado pola mercantil Desarrollo, Organización y Movilidad, S.A (DOYMO) con CIF A61722740, tal e como se reflicte no informe do Servizo de Desenvolvemento Local (fondos europeos) que consta no expediente.

Cómpre sinalar que, tras a fase de consulta pública previa e vistas as suxestións presentadas, estas foron analizadas polos técnicos adscritos aos Servizos de Desenvolvemento Local e Enxeñería en coordinación coa Alcaldía, incorporándose aquelas que se consideraron viables tanto ao borrador de ordenanza coma ao proxecto técnico de implantación.

Esta ordenanza, que establece as ZBE do municipio de Lugo, regula inicialmente o seu obxecto, finalidade, ámbito de aplicación, competencia e medidas de implementación. Dentro da competencia municipal, confírese unha delegación da ordenanza á modificación dos anexos II, III, IV, así como o V (exclusivamente nos aspectos relacionados con modificacións dos anexos II, III e IV para que resulte coherente) mediante decreto de Alcaldía.

Tamén se contemplan como contido da ordenanza os contaminantes, as medidas de intervención municipal, as medidas específicas de restrición de tráfico, a sinalización e a coherencia coa planificación municipal.

O acceso de vehículos, circulación e estacionamento nas ZBE autorízase na ordenanza a través do rexistro municipal de vehículos autorizados nas ZBE.

A ordenanza tamén trata do sistema de control e a protección de datos; a sensibilización, comunicación e participación cidadá; e a atención á cidadanía na xestión das ZBE.

Esta normativa municipal do Concello de Lugo cumpre tamén o principio de transparencia, en canto que a norma define claramente os seus obxectivos e se cumpren fielmente os trámites de información e audiencia públicas que lles dan participación tanto ao público en xeral coma aos colectivos e sectores vinculados á mobilidade en particular coa publicación, despois da primeira aprobación no Pleno municipal, desta norma e cos prazos previstos na normativa de elaboración de ordenanzas municipais, do actual artigo 49 da Lei de bases de réxime local.

Así mesmo, garántese o principio de seguridade xurídica en tanto que esta iniciativa normativa se exerce de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico nacional.

Á ordenanza incorpóranselle anexos relativos ás ZBE, co ámbito territorial da ZBE, así como as condicións de acceso, os itinerarios xerais de circulación segundo os sectores establecidos dentro da ZBE, as zonas reservadas para efectuar a carga e descarga de mercadorías e os proxectos técnicos das ZBE.

O texto do proxecto de ordenanza de ZBE que se somete a tramitación, se atopa informado polos servizos de Desenvolvemento Local, Enxeñería, Policía local, Asesoría Xurídica e Secretaría.

En sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local de data 12/12/2025 apróbase o proxecto de ordenanza así como o proxecto para a implantación da ZBE do Concello que constitúe o seu anexo v.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA: A potestade regulamentaria das entidades locais atópase recollida no art: 4 da lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local.
SEGUNDA: O trámite procedimental para a aprobación e modificación das ordenanzas municipais corresponde ó Pleno conforme ó establecido no art: 49 da lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación cos artigos 123.1.d e 127.1.a do mesmos do mesmo texto legal no que se refire ás competencias da Xunta de Goberno Local.
Polo anteriormente exposto, PROPÓNSE :
Primeiro: Elevar ao Pleno municipal para a súa aprobación inicial e sometemento ao trámite de información pública da ordenanza e o proxecto para a implantación da ZBE de Lugo, e que constitúe o seu anexo v, e posterior aprobación definitiva á vista do mencionado trámite de información pública, que a continuación se transcribe xunto cos correspondentes anexos que se relacionan."

2. ESCRITO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, o día 17 de decembro de 2025, número 397 de Rexistro de Pleno, no que se formulan emendas á ORDENANZA REGULADORA DA ZONA DE BAIXAS EMISIÓN DO CONCELLO DE LUGO

3. ACTA DA COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA E DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS, celebrada o día 18 de decembro de 2025, na que se procede ao estudo e votación das emendas presentadas, así como ao ditame do texto resultante da referida ordenanza, segundo o seguinte

"1. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA ZONA DE BAIXAS EMISIÓNS (ZBE) DO CONCELLO DE LUGO.-

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Con respecto a esta aprobación da ordenanza da zona de baixas emisións hai varias emendas do Partido Popular. Non sei se queredes primeiramente intervir ou queredes que as vaiamos vendo? DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Se tedes xa unha resposta para as emendas… DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: … Ímolas vendo e imos votando. Perfecto.

A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Sabedes que as emendas vanse votando unha a unha, as que sexan admitidas incorporaranse ao texto do ditame que se vai presentar ao Pleno, e as que sexan rexeitadas, poderedes, reiteralas para o seu debate no Pleno.

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: O que imos votar é a favor ou en contra do contido da emenda.

A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Si, de cada unha das emendas e despois o ditame conxunto. Imos facer unha votación para cada unha das

emendas, acéptanse ou rexéitanse, e despois o ditame versará sobre a proposta do equipo de goberno, coas emendas aceptadas, e iso volverase a votar, e é o que despois se elevará a Pleno.

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: E esa segunda votación facémola hoxe durante ... A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Si, si, e despois no Pleno se presentará a proposta deste ditame, as emendas que foran aceptadas, e as que se rexeitasen poderedes vosoutros volvelas a presentar ao Pleno para volver a discutilas no Pleno... DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Vale, entendino... A SECRETARIA XERAL DO PLENO: ... Ben é verdade que tedes que dicilo, esta última cuestión... DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: ... Que queremos volver a presentalas... A SECRETARIA XERAL DO PLENO... Efectivamente, que queredes volver a presentalas, vale?

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Ben, pois entón comezamos. A primeira emenda que se menciona máis ben como unha cuestión previa, de nulidade do procedemento por imposibilidade do exercicio do dereito de participación política, ben, nós entendemos que se cumpriron todos os prazos. É certo que se podería ter máis tempo. Os tempos moitas veces son os que son, non os que se queren, son os que hai, temos que adoptarnos nós mesmos dende o Goberno, os tempos que nos podemos adaptar polas dificultades que teñen estes procesos. En todo caso, a ver, falamos dunha ordenanza de 21 páxinas, non falamos tampouco dunha ordenanza destas enormes, e creo que o tempo dá perfectamente para analizala, estudala, e así tamén se demostra coas emendas que se presentan.

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Para apoiar esta emenda, temos que dicir que no noso caso non somos concelleiros con dedicación exclusiva, e entón, loxicamente, temos que prescindir de traballar para poder analizar isto, e, claro, 48 horas para unha ordenanza que ten esta profundidade, aínda que non sexa moito texto, é moi pouco. Pero xa non se trata só de facer unha cuestión de nulidade deste documento, senón de solicitar ou requirir con certa formalidade, que se nos achegue a documentación cun pouco de tempo, porque o tempo que se tardou en elaborar isto foi moito, e o tempo que se nos deu para revisalo, comparativamente, é ridículo. Moi pouco tempo. Entón, xa non para esta ocasión, senón para vindeiras, que teñades a consideración de facérnolo chegar cun tempo un pouco máis razoable.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Con todos os respectos, a ver, O de que non sodes concelleiros con dedicación, a ver, tedes bastantes dedicacións no grupo, e eu tamén estiven na oposición, Maite tamén, tivemos unha dedicación e media entre todo o grupo e fomos quen de moitas veces de resolver temas porque a administración ás veces require ter axilidade, creo que medios hai, tempos hai, podería haber máis? A todos nos gustaría ter máis para todo, pero son os que se dan. Entón esta pois non a

imos aceptar... DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: ... Quedar constancia dunha cuestión formal de que o tempo non nos... DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: ... Si, claro, queda en acta, todo queda en acta, o que dis queda en acta ... A SECRETARIA XERAL DO PLENO: ... Vai quedar en acta, pero considero que ten un carácter como introductorio, porque en realidade a primeira das emendas é a seguinte. Entón entendo que isto que non se .... DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: ... Non se vota... A SECRETARIA XERAL DO PLENO: ... Non se somete a votación porque basicamente... DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: ... É xenérico... Vale para esta ocasión e para a seguinte ... pedimos un tempo máis folgado para poder traballar...

A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Entón empezamos coa primeira das modificacións do articulado. Se queredes podo facer unha somera referencia aos distintos puntos. Solicita a emenda á a supresión do inciso final do artigo 2.1. e, en consecuencia co anterior, da disposición transitoria segunda, que faculta á Alcaldía para modificar mediante decreto os anexos II (Accesos e limitacións), III, IV e V (Proxectos técnicos). Outro apartado da emenda refírese á modificación da redacción do artigo 2.3; o terceiro refire á modificación do artigo 4.1; o cuarto apartado desta mesma emenda refírese á redacción da disposición transitoria primeira, e o apartado quinto refírese modificación da redacción, en concreto suprimir algunha cuestión relativa ás disposicións transitorias segunda e terceira. Isto é no que que consiste a primeira emenda.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Moi ben, pois entón imos comezar aquí por partes, explicar que primeiramente no que solicitan no apartado 1, a respecto da supresión do inciso final do artigo 2.1, que se refire ou á Alcaldía para modificar mediante decreto os anexos II, III, IV e V, dicir que isto é algo que recolle a propia proposta da FEMP, da Federación Española de Municipios e Provincias, e ten unha xustificación. Isto non é para facer modificacións de calado da ordenanza, senón máis ben para poder facer modificacións puntuais que se poidan dar ao longo do proceso. Isto é unha ferramenta moi útil porque supoñamos que calquera pequena modificación que haxa que facer, dende que unha comunidade de edificios require entrar dende outra zona, se observa que lle facilita; dende poñamos que ante unha obra que haxa que cortar unha rúa, aínda que haxa un plan de tráfico, haxa que facer algunha modificación: Estamos a falar de cuestións moi puntuais que o espírito precisamente que a Federación Española de Municipios e Provincias traslada para aprobar este tipo de ordenanzas e que, ante esas cousas, o decreto da Alcaldía poida modificar. Póñovos outro exemplo, que é unha emenda que recolledes, a propia ordenanza fala de que os carga e descarga teñen 30 minutos para facer as súas xestións, que vosoutros presentades unha emenda para que sexan 60 minutos, os tempos, por exemplo, poderían estar tamén facultados, porque son cousas máis flexibles, por un decreto de Alcaldía; refírese a cousas, digamos, de menor calado que

non afecta o que é a parte máis importante da propia ordenanza e, polo tanto, nós entendemos que iso debe manterse porque vai dar moita axilidade no día a día. Entón esa parte non a aceptariamos.

(Vou lelas todas e despois xa as miramos)

Despois, no seguinte (apartado 2), fálase de que todos os vehículos que circulen polo termo municipal de Lugo quedarán suxeitos á presente ordenanza ... é o que se propón é todos os vehículos que circulen polo ámbito de aplicación definido no punto primeiro deste artigo quedarán suxeitos á presente ordenanza... Efectivamente, a ver, tampouco entendemos que cambie nada, porque vén a dicir, máis ou menos, o mesmo.

Na seguinte, (apartado 3) ..., esta nós entendemos que pode contradicir, de feito algunhas das peticións que fan os veciños. Aí houbo certa polémica, como vós tamén saberedes, a respecto de que ti tes unha praza de garaxe e hai xente que nunha praza de garaxe ás veces entran varios vehículos (voces de fondo: nunha praza de garaxe? ...) que lle pasa a moitos veciños, non que entren varios vehículos a vez, senón que é utilizada por varios vehículos, é algo que acontece, por moitas persoas que teñen prazas de garaxe no centro, por múltiples razóns. Entón nós entendemos que isto contradiría tamén iso e complicaría esa situación, porque o que se está é intentando limitar algo que despois aparece recollido máis adiante tamén...

Despois o apartado 4º aceptámolo, iso recolleuse dende as ordenanzas modelo, que hai tamén, e é certo que aquí en Lugo o de especial sensibilidade tampouco aporta nada, pódese aceptar, retírase, non hai ningún problema.

E despois o último apartado (o 5º) referido á supresión... Si, esta volve ser un pouco a mesma que a das atribucións do alcalde e todo iso, entón ímolo manter.

Entón aceptariamos o apartado catro.

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Ao respecto da primeiro, tal e como está redactado o documento, non fai mención a cuestións temporais ou puntuais, como estás dicindo agora, faculta á Alcaldía para modificar mediante decreto as disposicións dos anexos. Quero dicir que o mesmo que pode ser un cuestión puntual como ti ben podes dicir temos unha obra e temos que variar os percorridos dos vehículos, temos unha competición deportiva e durante un tempo temos que xestionalos doutro xeito, correspondería efectivamente facer unha modificación puntual, pero tal e como está redactado faculta a modificar completamente as disposicións zonais que leva a ordenanza. Entón está suficientemente aberto como para que esta ordenanza dentro de catro anos poida ser, supoñemos que non, pero poida ser outra cousa totalmente distinta. É dicir, tal e como está redactado, dá poderes máximos para modificar o contido máis substancial desta normativa, porque, de feito, artellala en espazos confinados e que

corresponden a unha entrada e saída por unha soa porta, é un concepto xa en si mesmo que é moi importante, quero dicir, determina todo o funcionamento do tráfico dentro de Lugo e hai outras posibilidades que tamén se poderían dar e con esta redacción pódese cambiar completamente. Entón, o que ti estás dicindo de palabra, podémolo asumir, que efectivamente se poidan facer modificacións puntuais ou temporais acoutadas nun tempo, pero, claro, tal e como está artellado, tal como está redactado, facúltase para calquera cousa para que poida ser unha ordenanza totalmente distinta dentro de tres anos. Entón, pois insistimos en que non sexa esta redacción, que se formule unha redacción que efectivamente, se é como dis ti, acote esas situacións: modificacións puntuais, situacións de especial interese público, algo así. Despois, por lo que estas dicindo, o do termo municipal de Lugo, pois si, efectivamente non é importante, pode ser un pouco confuso porque efectivamente o ámbito de aplicación, igual que calquera outra normativa, corresponde ao artigo un e dous, iso son os afectados por esta normativa, co cal, creo, que mellor expresado está como dicimos: ámbito de aplicación da ordenanza.

Despois o das prazas de garaxe, creo que non ten exactamente o espírito do que estabas falando ti agoa mesmo. Somos conscientes, porque o pon o un plan xeral, que o Plan de mobilidade urbana é un documento de rango superior e que determina ou condiciona o contido que xa viñamos tendo no Plan xeral aos efectos de mobilidade. O Plan de mobilidade que vén de aprobarse agora é determinante para moitas cousas, pero é que ese Plan de mobilidade no seu texto contempla a localización de prazas de garaxe en número máximo de unha por vivenda e preferiblemente noutro edificio que non sexa o da residencia do posuidor do vehículo. Claro, eso é unha cousa absolutamente novidosa e, se mo permites, difícil de entender na idiosincrasia da cidade de Lugo, e, claro, como a ordenanza de ZBE tamén debe de estar, di o texto, en consonancia co Plan de mobilidade, resulta que temos unha disposición no Plan de mobilidade que contradí o que di o PEPRI, que permite dous vehículos por cada vivenda, co cal temos unha soa praza de garaxe polo Plan de mobilidade correspondente a unha vivenda, que ademais preferiblemente debería estar noutro edificio, pero o PEPRI di que dous vehículos por cada vivenda, co cal un deles, se non está nunha praza de garaxe, tería que estar na rúa. Por eso dicimos que en realidade contradí a filosofía desta ordenanza, porque vai poñer un dos coches, que ata agora podería estar en garaxe, gardado nun garaxe, ubicado fóra do edificio. Hai unha contradicción aquí entre a filosofía da ordenanza, que entendo que é retirar coches da vía pública e o que dispón o Plan de mobilidade, que é un documento de rango superior, ordenanza, entendo. Co cal debería de revisarse tecnicamente porque efectivamente si hai una contradicción... DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: ... Podería estar nun aparcadoiro subterráneo, é que hai alternativas, non ten porque estar en superficie... DON MANUEL RAMÓN CABARCOS RODRÍGUEZ: ... Home

si¡ ... ou pode estar fóra de Murallas... DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: ... Hai veciños que teñen os seus coches en prazas, por exemplo, no aparcadoiro de Santo Domingo... DON MANUEL RAMÓN CABARCOS RODRÍGUEZ: ... É certo, alternativas temos moitas... poden ... dos dous coches, poden sacalos para fóra da Muralla, alternativas hai moitas..., pero se non o queren facer, se queren conservar os vehículos tal e como se lles habilita no PEPRI por garaxe e por vivenda, teñen que sacar un deles, coa filosofía esta, para rúa porque non poden telo no garaxe. Entón creo que tecnicamente isto é contradictorio... DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: ... Non, pero aquí non se di que teñan que estar na rúa, en ningún momento... DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: ... Non, non di que teñan que estar na rúa, pero a ... é dun vehículo por vivenda, preferiblemente noutro edificio. Aquí hai unha contradicción. O PEPRI e o Plan de mobilidade non din o mesmo. Entón, se o Plan de mobilidade está por riba do Plan xeral e do PEPRI, aquí hai unha contradicción. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: ... Nós non a entendemos, entón creemos que é compatible unha cousa coa outra, son interpretacións, pero creemos que si que son compatibles.

DON MANUEL RAMÓN CABARCOS RODRÍGUEZ: Despois, o dunha especial sensibilidade dis que efectivamente non aporta nada, facer mención a ela... DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Isa aceptámola.

DON MANUEL RAMÓN CABARCOS RODRÍGUEZ: E o da disposición transitoria xa dixestes que non considerabas que fose preceptivo modificar iso, que o decreto da Alcaldía que debería poder modificar iso, pois nós opinamos que non. A terceira da ampliación do tempo aínda non dixeches nada ... DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Aínda non pasabamos. Temos que votar esta primeiro.

A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Si, entón, imos votar a primeira emenda, tendo en conta que o apartado cuarto da emenda queda aceptada... DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Entón votaríamos sen ter en conta ese apartado... A SECRETARIA XERAL DO PLENO: ... Efectivamente, ... ese apartado digamos que queda aceptado automaticamente, como unha simple corrección de transcrición, por dicilo dalgunha maneira, e facendo esa salvidade do apartado cuarto, imos votar ... incluír a emenda.

VOTACIÓN DA 1ª EMENDA.

A Comisión, por catro votos a favor, do Grupo Municipal do Partido Popular; cinco votos en contra, dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego; e ningunha abstención, REXEITA a primeira emenda, presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular.

A SECRETARIA XERAL DO PLENO. Esta emenda queda rexeitada coa salvidade do apartado cuarto.

*Pasamos agora á análise da **segunda emenda**, que é a emenda Sobre o anexo II: Falta de criterio social (Exencións por renda).*

DON RUBÉN ARROXO FERÁNDEZ: Vale. Esta non a imos aceptar, ademais por unha cuestión: Aquí ponse o exemplo de Valladolid e estamos confundindo unha cuestión. Explícoo moi rápido.

A ver, realmente a zona de baixas emisións en Lugo, digamos, é case teórica, porque unha vez que está penalizado, os residentes van poder entrar independentemente da pegatina que teñan no coche, nos parques subterráneos, etcétera, etcétera, entón non se van ver afectados por este argumento. Por iso decidimos non aceptar.

VOTACIÓN 2ª EMENDA

A Comisión, por catro votos a favor, do Grupo Municipal do Partido Popular; cinco votos en contra, dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego; e ningunha abstención, REXEITA a segunda emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular.

A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Entón a inclusión desta emenda queda rexeitada.

*Seguimos agora coa **terceira emenda**, que se refire ao Anexo 2, punto 3: Ampliación de tempo para comerciantes.*

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: A ver, si que é certo que isto é moi debatible. Que é correcto? 30, se 45, se 60m, se 100? De feito, isto é algo que se ten debatido durante o propio proceso. Aí, incluso, os consellos técnicos foron os que dixeron que 30 eran un tempo acorde. Si que é certo que dende diferentes..., dentro dos propios repartidores hai dúas visións, hai quen di que lle dá tempo, dependerá de cadaquén, e hai quen di que non lle dá tempo, é certo. Nun primeiro momento falamos de poñer 30. Cremos ademais que son destas cousas se teñen que ir vendo cando vaia rodando a ordenanza. Por iso tamén creemos na importancia de que quede ese punto, de que a través do decreto de Alcaldía se poidan facer estas pequenas modificacións, porque, se chegado o momento vemos que o sector di que en 30 minutos lles resulta imposible facer o traballo, que se poida subir a 45. Tamén hai que ter en conta que un dos obxectivos desta ordenanza é de que non se dean situacións, que son por persoas muy minoritarias, pero que se dan, de que ás veces hai vehículos que chegan a quedar dúas horas

estacionados no carga y descarga. Hai que intentar buscar esas cuestións, permitirlles traballar si, pero ten que haber una regulación que tampouco haxa, por dicilo así, quen lle bote morro e o deixe aí e fai outro tipo de cuestións.

DON MANUEL RAMÓN CABARCOS RODRÍGUEZ: Vale. Creo que si que tes razón, que podía ser una cuestión modificada polo decreto da Alcaldía, pero, claro, eu digo o mesmo que dixen antes, si efectivamente imos dar esa potestade a Alcaldía, que quede claro no texto que é exclusivamente para cuestións como estas, que isto si que efectivamente se pode modificar, pero non cambiar a filosofía de ordenanza. Despois ao respecto do que dis de delimitar o tempo para que non haxa xente que poida excedelo notablemente, pois, claro, non se trata tanto de reducir ao principio..., quero dicir non vou poñer menos para que todo o mundo teña, por dicilo dalgún xeito, medo e alongue só un pouco. Creo que debería de ser coherente e quizais un pouquiño maior para que a xente que toma en serio o tempo máximo de estacionamento o fixese, e despois o Concello, por medio dos instrumentos que poida, facer un control de que efectivamente todo o mundo non supere ese tempo. Co cal, en principio, mantemos, a emenda.

VOTACIÓN 3ª EMENDA

A Comisión, por catro votos a favor, do Grupo Municipal do Partido Popular; cinco votos en contra, dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego; e ningunha abstención, REXEITA a terceira emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular.

A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Entón a inclusión desta emenda queda rexeitada.

A cuarta emenda refírese a Progresividade (Coherencia coa realidade ambiental).

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: ... A ver, esta era de ... DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: ... Vale a mesma resposta de antes... DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: ... Claro, e despois, efectivamente, para ... Nós nisto entendemos que non. Por exemplo na Coruña, si que se van ver nesa situación, en Lugo non.

VOTACIÓN 4ª EMENDA

A Comisión, por catro votos a favor, do Grupo Municipal do Partido Popular; cinco votos en contra, dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE e do Bloque

Nacionalista Galego; e ningunha abstención, REXEITA a cuarta emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular.

A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Entón a inclusión desta emenda queda rexeitada.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Despois aquí hai outras consideracións. Empezando pola primeira, obviamente trátase dun erro e vaise corrixir. O de que aparece Xixón.

A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Entón no anexo cuarto, páxina 25, a referencia ao Concello de Gijón, é un erro e vaise resolver como Concello de Lugo.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Despois a seguinte, Análise demográfica. A ver, isto é algo que pasa en todos os documentos, que se collen os habitantes como foto fixa no momento en que se fai esa análise, pasa no PXOM cando se fai, claro, senón teriamos que estar actualizándoo todos os anos. Entón esa entendemos que non se precisa modificar.

Despois o da análise topográfica, si, iso que se pon, esa frase, ademais de estar rodeado de terras de cultivo, podémola suprimir porque tampouco é unha cuestión, aparece aí.

Despois co da análise de emisións de que estea baseado na estación de Fingoi, que están 1250 metros. A ver os técnicos considerárona válida, foi co que se fixeron, e é a que hai en Lugo así con todas estas medicións, entón foi a que se utilizou e entendemos que é a correcta.

Despois co sistema de control. Non estamos de acordo con iso, e vaise facer como mellor se poida.

Despois punto dos métodos de seguimento de calidade do aire, pois tamén, tampouco concordamos co que aquí se expón.

Entón neste punto, aceptaríamos o do análise topográfico, evidentemente o do erro de Gijón, como non podía ser doutro xeito, e nada máis... Entón votaríamos con esas dúas aceptacións...

A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Ben, neste caso no documento presentado polo Grupo Municipal do Partido Popular, son basicamente consideracións de correccións... DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: ... Si, ben, entón isto quedaría así.

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: O que nos gustaría solicitar antes de votar o ditame, é se o documento, na versión definitiva, vai achegar algún tipo de memoria económica para a implantación, custo das cámaras, o custo do control ou de mantemento de todo este sistema ou das

percepcións que leva a ordenanza, vai achegar un documento de xestión económica ou de memoria económica para aprobar en pleno?

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Entendo que non é necesario... A SECRETARIA XERAL DO PLENO: ... A verdade é que lin por encima o informe de Pablo Fuentes e non sei se fará referencia a iso... DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: ... Fai referencia...? Pois comprobámolo... DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: ... Solicitamos que que achegue unha memoria económica. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Vale, se é preciso e estamos obrigados a facelo, farémolo. Consultámolo a ver se...

A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Para aclararnos, agora votamos o ditame, coa aceptación do punto cuarto da primeira emenda, co rexeitamento de todas as demais e as corrección de índole material, de transcrición, ou como lle queiramos chamar, do tema do concello de Xixón, do tema da zonas de cultivo e ... É dicir, sométese a votación o ditame coa aceptación do punto número 4 da primeira emenda; o resto das emendas quedaron rexeitadas; e aceptando a corrección de erros referidos ao Anexo IV, páxina 25, alusión ao concello de Xixon polo de Lugo; aceptando a supresión da expresión estar rodeado de terras de cultivo, que polo tanto se suprime; ... e nada máis...

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Entón, para aclararnos, votamos a favor de que o resto de emendas vaian a Pleno? ... A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Non, iso teñen que solicitalo eles... O que agora votamos é a proposta que se presentou a esta Comisión, coas emendas aceptadas nos termos que acabo de dicir: punto cuarto da primeira e as dúas correccións materiais, o de Xixón e o de terras de cultivo.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Ou sexa a proposta da Comisión é aceptar eses puntos co resto rexeitado, o texto da ordenanza. Aclarado.

VOTACIÓN DO DITAME

A Comisión, por cinco votos a favor, dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego; catro votos en contra, do Grupo Municipal do Partido Popular; e ningunha abstención, DITAMINA FAVORABLEMENTE a proposta que somete á consideración do Excmo. Concello Pleno coas modificacións resultantes das emendas aceptadas e das corrección sinaladas.

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Solicitamos neste intre o seu traslado para o seu debate en Pleno... A SECRETARIA XERAL DO

PLENO: ... Das non aceptadas, vale... Posiblemente o teñades que dicir por escrito.

4. ESCRITO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, o día 19 de decembro de 2025, número 398 de Rexistro de Pleno, no que solicitan poder expoñer e defender no Pleno as emendas que na Comisión Permanente Ordinaria de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas non foran incorporadas ao ditame da Ordenanza

5.- VOTACIÓN DAS EMENDAS defendidas ante o Pleno.

PRIMEIRA EMENDA

Tras a deliberación efectuada, sométese a emenda a votación, excepto o punto cuarto aceptado pola Comisión, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25
- **Votos a favor**: 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular.

SEGUNDA EMENDA

Retirada polo portavoz do Grupo Municipal Popular.

TERCEIRA EMENDA

Tras a deliberación efectuada, sométese a emenda a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25
- **Votos a favor**: 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular.

CUARTA EMENDA

Tras a deliberación efectuada, sométese a emenda a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25
- **Votos a favor**: 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular.

Rematado a votación das emendas presentadas, sométese o asunto a votación, coa redacción resultante das emendas e correccións efectuadas, acadándose o seguinte resultado:

Votos emitidos: 25
- **Votos a favor**: 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

Proceder a aprobación inicial e sometemento ao trámite de información pública da ordenanza e o proxecto para a implantación da Zona de Baixas Emisións (ZBE) de Lugo, e que constitúe o seu anexo V, e posterior aprobación definitiva á vista do mencionado trámite de información pública, que a continuación se transcribe xunto cos correspondentes anexos que se relacionan.

Concello de Lugo

ORDENANZA REGULADORA DA ZONA DE BAIXAS EMISIÓNS DO CONCELLO DE LUGO

PREÁMBULO.....2
Artigo 1.- *Obxecto.*.....5
Artigo 2.- *Ámbito de aplicación.*.....5

Artigo 3.- *Competencia municipal para regular a ZBE.*....6
Artigo 4.- *Implantación da ZBE e coherencia cos instrumentos de planificación.*....7
Artigo 5.- *Sinalización da ZBE.*....7
Artigo 6.- *Vehículos autorizados para acceder á ZBE.*....7
Artigo 7.- *Medidas de intervención. Sistema de control e protección de datos.*....8
Artigo 8.- *Estacionamento nas ZBE.*....8
Artigo 9.- *Medidas específicas de restrición de tráfico ante episodios de contaminación.*....9
Artigo 10.- *Sensibilización, comunicación e participación cidadá.*....9
Artigo 11.- *Atención á cidadanía na xestión da ZBE.*....9
Artigo 12.- *Réxime sancionador da ZBE.*....9
Disposición derrogatoria....10
Disposición transitoria segunda. *Modificación de anexos mediante decreto de Alcaldía.*....10
Disposición transitoria terceira. *Prevalencia de plans de tráfico e sinalización circunstancial.*....11
Disposición final única. *Entrada en vigor.*....11
ANEXO I....12
Ámbito da zona de baixas emisións do recinto amurallado de Lugo....12
Ámbito da zona de baixas emisións....12
ANEXO II....13
Acceso e limitacións á circulación e estacionamento de vehículos na ZBE....13
1º Vehículos que poden acceder á zona de baixas emisións e condicións de estacionamento....13
2º.- Inscrición no rexistro de vehículos autorizados para acceder á ZBE....18
ANEXO III: ITINERARIOS XERAIS DE CIRCULACIÓN....19
ANEXO IV: ZONAS DE CARGA E DESCARGA NA ZBE....20
ANEXO V: PROXECTOS TÉCNICOS DAS ZONAS DE BAIXAS EMISIÓNS....21

PREÁMBULO

O artigo 45.1 da Constitución española (en diante CE) recoñece que todo o mundo ten o dereito a dispoñer dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo. O artigo 45.2 da CE establece que os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os

recursos naturais co fin de protexer e mellorar a calidade da vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.

Por outra banda, o artigo 43.1 da CE recoñece o dereito á protección da saúde.

No ámbito europeo, a normativa sobre calidade do aire en vigor vén representada pola Directiva 2008/50/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2008, relativa á calidade do aire ambiente e a unha atmosfera máis limpa en Europa e a Directiva 2004/107/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de decembro de 2004, relativa ao arsénico, ao cadmio, ao mercurio, ao níquel e aos hidrocarburos aromáticos policíclicos no aire ambiente.

No noso ordenamento xurídico interno, é a Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera a que actualiza a base legal para os desenvolvementos relacionados coa avaliación e a xestión da calidade do aire en España. O seu artigo 16.4 determina que as entidades locais, no ámbito das súas competencias, poden elaborar os seus propios plans e programas co fin de cumprir os niveis establecidos na normativa correspondente, e permítelles adoptar medidas de restrición total ou parcial do tráfico, entre as cales se inclúen as restricións aos vehículos máis contaminantes.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 25.2 establece que os municipios deben exercer competencias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas materias de medio ambiente urbano, e especificamente de protección contra a contaminación atmosférica nas zonas urbanas, e de tráfico e estacionamento de vehículos e mobilidade, que inclúe a ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas.

Pero a nivel xeral e con efectos en todas as administracións, é o artigo 27.2 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, o que dispón que as administracións públicas, no ámbito das súas competencias, deben protexer a saúde da poboación mediante actividades e servizos que actúen sobre os riscos presentes no medio e nos alimentos, para os efectos de despregar os servizos e as actividades que permitan a xestión dos riscos para a saúde que poidan afectar á poboación.

Tamén, e de maneira concreta, o artigo 7 do texto refundido da Lei sobre tráfico e seguridade viaria, aprobado por Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, outórgalles aos municipios a competencia de restrinxir a circulación a determinados vehículos en vías urbanas da súa competencia por motivos medioambientais, e o artigo 18, a de acordar polos mesmos motivos a prohibición total ou parcial de acceso a partes da vía con carácter xeral ou para determinados vehículos ou o peche de determinadas vías.

A Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética imponlles aos municipios de máis de 50.000 habitantes a adopción de plans de mobilidade urbana sostible, que deben introducir medidas de mitigación para reducir as emisións derivadas da mobilidade, incluíndo, polo menos, o establecemento de zonas de baixas emisións (en diante, ZBE) e tamén aplicable aos municipios de máis de 20.000 habitantes cando se superen os valores límite

dos contaminantes regulados no Real decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire.

O Real decreto 1052/2022, do 27 de decembro, polo que se regulan as zonas de baixas emisións constitúe a normativa de desenvolvemento da Lei de cambio climático, que marca os criterios e obxectivos medioambientais e de mobilidade urbana. Así mesmo, o real decreto establece no seu artigo segundo que as ZBE serán delimitadas e reguladas polas entidades locais na súa correspondente normativa.

A regulación normativa, por medio de ordenanza, debe ir acompañada dun proxecto técnico ou de planificación que debe establecer o ámbito territorial dunha ou máis ZBE dentro do territorio do municipio, tendo en conta os instrumentos de planificación local.

O proxecto da ZBE, que non debe ser confundido co PMUS, debe fixar as limitacións de circulación e estacionamento de vehículos, e deberá conter como mínimo os apartados do ANEXO I do Real decreto 1052/2022 (contido mínimo do proxecto de zonas de baixas emisións).

O obxectivo de mellora de calidade do aire e ruído nas ZBE debe poder cuantificarse e, en caso de superar os valores lexislados, o proxecto debe contribuír a alcanzar o cumprimento no menor tempo posible, establecendo un calendario e avaliando o impacto das medidas adoptadas na ZBE.

Por iso, o establecemento das ZBE é unha obriga legal desenvolvida regulamentariamente, e deberá ser regulada polos concellos por medio de ordenanza municipal. Dentro das competencias de regulación do tráfico das vías urbanas, que ten establecido por lei este Concello, e para promover o uso peonil das rúas, crearanse unhas zonas de especial protección peonil.

A competencia sancionadora que se establece nesta ordenanza municipal de Lugo segue o réxime sancionador no caso de que non se respecten as restricións de acceso, circulación e estacionamento por parte das persoas usuarias, remitindo para iso á Lei 18/2021, do 20 de decembro, pola que se modifica o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación, vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, en materia do permiso e licenza de condución por puntos, xa que só constitúen infraccións administrativas as vulneracións do ordenamento xurídico previstas como tales por unha lei.

O procedemento sancionador así como o réxime de sancións das ZBE susténtase exclusivamente no apartado Z3 do artigo 76 “Infraccións graves” do citado texto refundido da Lei sobre tráfico e seguridade viaria.

Esta ordenanza, que establece as ZBE do municipio de Lugo, regula inicialmente o seu obxecto, finalidade, ámbito de aplicación, competencia e medidas de implementación. Dentro da competencia municipal, confírese unha delegación da ordenanza á modificación dos anexos II, III, IV, así como o V (exclusivamente nos aspectos relacionados con modificacións dos anexos II, III e IV para que resulte coherente) mediante decreto de Alcaldía.

Tamén se contemplan como contido da ordenanza os contaminantes, as medidas de intervención municipal, as medidas específicas de restrición de tráfico, a sinalización e a coherencia coa planificación municipal.

O acceso de vehículos, circulación e estacionamento nas ZBE autorízase na ordenanza a través do rexistro municipal de vehículos autorizados nas ZBE.

A ordenanza tamén trata do sistema de control e a protección de datos; a sensibilización, comunicación e participación cidadá; e a atención á cidadanía na xestión das ZBE.

Esta normativa municipal do Concello de Lugo cumpre tamén o principio de transparencia, en canto que a norma define claramente os seus obxectivos e cúmprense fielmente os trámites de información e audiencia públicas que lles dan participación tanto ao público en xeral coma aos colectivos e sectores vinculados á mobilidade en particular coa publicación, despois da primeira aprobación no Pleno municipal, desta norma e cos prazos previstos na normativa de elaboración de ordenanzas municipais, do actual artigo 49 da Lei de bases de réxime local.

Así mesmo, garántese o principio de seguridade xurídica en tanto que esta iniciativa normativa se exerce de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico nacional.

Á ordenanza incorpóranselle anexos relativos ás ZBE, co ámbito territorial da ZBE, así como as condicións de acceso, os itinerarios xerais de circulación segundo os sectores establecidos dentro da ZBE, as zonas reservadas para efectuar a carga e descarga de mercadorías e os proxectos técnicos das ZBE.

Artigo 1.- Obxecto.

1. Esta ordenanza municipal ten como obxecto a creación e xestión da zona de baixas emisións (en diante ZBE), de conformidade co disposto na Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, dentro do municipio de Lugo.
2. Esta ordenanza tamén regulará o uso das zonas peonís de Lugo existentes dentro do ámbito de ZBE (centro histórico delimitado polo recinto amurallado), co fin de reducir a contaminación acústica e ambiental, aumentar a seguridade viaria, promover hábitos saudables e xestionar o acceso, circulación e estacionamento nestas zonas peonís.
3. Segundo a definición incluída na Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, enténdese por zona de baixa emisión o ámbito delimitado por unha administración pública en exercicio das súas competencias, dentro do seu territorio, de carácter continuo, e no que se aplican restricións de acceso, circulación e estacionamento de vehículos para mellorar a calidade do aire e mitigar as emisións de gases de efecto invernadoiro, conforme a clasificación dos vehículos polo seu nivel de emisións, consonte o establecido no Regulamento xeral de vehículos vixente. O Real decreto 465/2025, do 10 de xuño, polo que se modifica o Regulamento xeral de circulación, define o sinal R-120 como de entrada

prohibida de vehículos en función do seu distintivo ambiental ou outros criterios ambientais que se establezan.
No caso da ZBE de Lugo no ámbito do recinto amurallado, a planificación da mobilidade está orientada a reducir o peso da mobilidade motorizada da cidade permitindo unicamente o acceso ao tráfico necesario e eliminando o tráfico de paso. Este feito, unido a que os niveis de contaminación actuais son relativamente bos, motiva que non se restrinxa o acceso por etiqueta ambiental, senón de forma xeneralizada para todo tipo de vehículos que non teña a necesidade de entrar, co propósito de minimizar as emisións.
4. Para os efectos desta ordenanza, enténdese por persoa residente aquela que teña a propiedade dunha vivenda ou que acredite ter un dereito de uso dun inmoble ou actividade.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación.

1. O ámbito territorial de aplicación da ZBE no municipio de Lugo abarca o interior do recinto amurallado de acordo co establecido no anexo I desta ordenanza e o proxecto técnico correspondente, quedando autorizado por esta ordenanza a autoridade municipal a establecer por decreto de Alcaldía a modificación dos anexos II, III, IV, así como o V (exclusivamente nos aspectos relacionados con modificacións dos anexos II, III e IV para que resulte coherente). A supresión ou modificación do ámbito territorial da ZBE establecida actualmente e a creación dunha nova ZBE deberá ser aprobada polo Pleno municipal. Calquera nova ZBE necesitará a realización do proxecto xustificativo correspondente segundo o establecido no decreto que desenvolve a súa implantación.
2. A ZBE, segundo o proxecto técnico, poderá estar dividida en subzonas, e os residentes deberán seguir os itinerarios só dentro do seu sector de residencia.
3. Todos os vehículos que circulen polo termo municipal de Lugo quedarán suxeitos a esta ordenanza. Poderán establecerse excepcións temporais ás restricións de acceso, circulación e estacionamento de vehículos, sempre que sexan compatibles cos obxectivos establecidos no proxecto de ZBE.
4. O proxecto técnico que establece a ZBE detállase no anexo V, e conterá o contido mínimo establecido no anexo 1 do Real decreto 1052/2022, do 27 de decembro, polo que se regulan as zonas de baixas emisións.
5. O proxecto técnico das ZBE será revisado, polo menos, aos tres anos do seu establecemento, e posteriormente, polo menos, cada catro anos, co obxecto de verificar o cumprimento dos seus obxectivos e a actualización dos proxectos técnicos e, de ser o caso, modificar as medidas de intervención establecidas nos anexos II, III e IV desta ordenanza.

Artigo 3.- Competencia municipal para regular a ZBE.

1. A Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera actualiza a base legal para os desenvolvementos relacionados coa avaliación e a xestión da calidade do aire en España. O seu artigo 16.4 determina que as entidades locais, no ámbito das súas competencias, poden elaborar os seus propios plans e programas co fin de cumprir os niveis establecidos na normativa correspondente, e permítelles adoptar medidas de restrición total ou parcial do tráfico, entre as cales se inclúen as restricións aos vehículos máis contaminantes.
2. O artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que os municipios exercerán como competencias propias, nos termos que estableza a lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: o medio ambiente urbano, o tráfico, o estacionamento de vehículos e a mobilidade.
3. Pero a nivel xeral e con efectos en todas as administracións, é o artigo 27.2 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, o que dispón que as administracións públicas, no ámbito das súas competencias, deben protexer a saúde da poboación mediante actividades e servizos que actúen sobre os riscos presentes no medio e nos alimentos, para efectos de despregar os servizos e as actividades que permitan a xestión dos riscos para a saúde que poidan afectar á poboación.
4. A competencia municipal para o establecemento e regulación da ZBE e o establecemento de zonas de especial protección peonil, mediante a aprobación desta ordenanza vén atribuída por:

a) A Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, cuxo artigo 14.3.a) impón a obrigación de establecer as ZBE a determinados municipios, entre os que se atopan os municipios de máis de 50.000 habitantes, como é o caso do municipio de Lugo.

b) O texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, cuxo artigo 7 atribúelles competencias aos municipios para a regulación, ordenación, xestión, vixilancia e disciplina do tráfico nas vías urbanas da súa titularidade e, en particular, para a regulación mediante ordenanza dos usos das vías urbanas, para establecer a restrición da circulación a determinados vehículos en vías urbanas por motivos ambientais e para o peche de determinadas vías.

c) O Real decreto 1052/2022, do 27 de decembro, polo que se regulan as ZBE constitúe a normativa regulamentaria deste instrumento medioambiental e de mobilidade urbana.

Artigo 4.- Implantación da ZBE e coherencia cos instrumentos de planificación.

6. A implementación da ZBE debe estar integrada e ser coherente cos instrumentos municipais de planificación urbana, coa normativa de calidade do aire e de acción contra o ruído, así como as medidas adoptadas polo Plan de mobilidade urbana sostible de Lugo.
7. A ZBE terá unha vixencia permanente e vén substituír a zona peonil do seu ámbito de aplicación (centro histórico delimitado polo recinto amurallado), coa que coincide substancialmente no ámbito territorial, modificando as restricións de acceso, circulación e estacionamento de vehículos en atención a criterios medioambientais. Outras zonas peonís de fóra do ámbito da ZBE non se verán afectadas por esta ordenanza.
8. Coa entrada en vigor desta ordenanza, procederase á implantación da ZBE co ámbito territorial que figura no anexo I e cuxos proxectos técnicos se incorporan como anexo V.
9. Poderá ser obxecto de modificación o ámbito territorial da ZBE, tanto o establecemento como a supresión de ZBE, que en todo caso será obxecto de aprobación polo Pleno municipal e supoñerá a modificación do anexo I da ordenanza.

Artigo 5.- Sinalización da ZBE.

1. A ZBE estará sinalizada nos puntos de acceso e finalización do devandito espazo, utilizando a sinalización prevista pola Dirección Xeral de Tráfico, así como por aquelas regras complementarias que poida establecer nun futuro.
2. A sinalización indicativa de prohibición de acceder á ZBE indicará as condicións de acceso e circulación, e deixará claro os tipos de vehículos que teñen prohibido o acceso, circulación e estacionamento na ZBE. Así mesmo, debe deixar claro cales son os tipos de vehículos que quedan exceptuados da devandita prohibición e que, en consecuencia, poden acceder a ela.
3. As ZBE deberán ser publicadas no Punto de Acceso Nacional de Tráfico y Movilidad (NAP) do que é responsable a Dirección Xeral de Tráfico. Para iso, deberá informarse no prazo máximo dun mes desde o seu establecemento do contorno das ZBE, horarios se os houbese e vehículos permitidos. A Dirección

Xeral de Tráfico facilitará a integración da información a través da plataforma do vehículo conectado.

Artigo 6.- Vehículos autorizados para acceder á ZBE.

1. Poderán acceder á ZBE e circular polas rúas do interior do perímetro das ZBE e estacionar nos espazos especialmente habilitados os vehículos determinados no anexo II desta ordenanza.
2. A autoridade municipal establecerá mediante o rexistro de vehículos autorizados as autorizacións que sexan necesarias para circular polas ZBE e, ademais, poderá autorizar outras solicitudes de acceso segundo os criterios establecidos no anexo II desta ordenanza.
3. As persoas que soliciten accesos á ZBE ou que soliciten a súa inscrición no rexistro de accesos autorizados á ZBE serán responsables dos datos facilitados ao Concello que se presupoñen certeiros. A autoridade competente municipal poderá comprobar a veracidade da información facilitada. A achega de información e datos falsos para conseguir o acceso á ZBE será causa de nulidade da autorización.
4. As autorizacións das que se beneficien os vehículos rexistrados no Rexistro municipal de vehículos autorizados na ZBE terán carácter temporal, mentres existan as circunstancias que xustificaron a autorización. Será obrigatorio dar de baixa ao vehículo unha vez se extingan esas circunstancias. Terá a consideración de infracción grave o incumprimento desta obrigación.
5. Os vehículos inscritos neste rexistro estarán autorizados a acceder, circular e/ou estacionar polas ZBE dentro dos espazos temporais delimitados no anexo II desta ordenanza, nos termos e co alcance previsto nesta ordenanza.
6. Con carácter excepcional e por razóns de interese xeral, poderá autorizarse o acceso, circulación e estacionamento na ZBE a vehículos distintos dos anteriores, mediante resolución motivada da autoridade competente.
7. A xestión do rexistro realizarase conforme as esixencias previstas na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e as súas futuras actualizacións.

Artigo 7.- Medidas de intervención. Sistema de control e protección de datos.

1. Na ZBE do municipio de Lugo, prohíbese o acceso, a circulación e o estacionamento dos vehículos que non estean incluídos no anexo II desta ordenanza.

2. O control de acceso ás ZBE realizarase mediante un sistema automático e coa plataforma tecnolóxica que designe a autoridade municipal. Con este sistema comprobarase se o vehículo pode acceder ou non á citada zona, sen que sexa necesario captar a imaxe dos ocupantes, sen prexuízo das facultades que a Policía Local teña asignadas no control, vixilancia e sanción das infraccións e non cumprimento das normas establecidas.
3. A instalación e uso de cámaras, videocámaras e de calquera outro medio de captación e reprodución de imaxes para o control, regulación, vixilancia e disciplina do tráfico efectuaraa a autoridade municipal encargada da regulación do tráfico para os fins previstos no Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, e demais normativa específica na materia, e con suxeición ao disposto na normativa de protección de datos.
4. A autoridade municipal deberá adoptar unha resolución que ordene a instalación e uso dos dispositivos fixos e móbiles de captación e reprodución, previstos para o control das ZBE.

Artigo 8.- Estacionamento nas ZBE.

1. A autoridade municipal queda autorizada para establecer zonas de estacionamento, coa sinalización oportuna se o considerase necesario, para vehículos autorizados dentro da ZBE, onde se definirá un tempo máximo de permanencia determinado no anexo II desta ordenanza.
2. As zonas reservadas para parada e estacionamento de carga e descarga serán as establecidas no anexo IV desta ordenanza.
3. Nas ZBE estará prohibida a parada e estacionamento fóra das zonas indicadas ou de vehículos sen acceso autorizado.
4. O acceso, a circulación, a parada e o estacionamento dentro da ZBE segmentarase en subzonas nas condicións que se definirán nos anexos desta ordenanza.

Artigo 9.- Medidas específicas de restrición de tráfico ante episodios de contaminación.

A declaración de episodio de contaminación do aire por parte da administración competente comporta a activación do protocolo de actuación municipal ante episodios de alta contaminación atmosférica e as medidas específicas de restrición establecidas no decreto de Alcaldía aprobado para ese efecto, ou da concellería con competencias delegadas na materia.

Artigo 10.- Sensibilización, comunicación e participación cidadá.

O Concello someterá, por medio dos anuncios na súa páxina web institucional, os proxectos técnicos das súas ZBE a un período de información pública non inferior a 30 días hábiles.

Artigo 11.- Atención á cidadanía na xestión da ZBE.

Toda a información relativa ás ZBE será publicada na páxina web institucional do Concello. Habilitaranse as canles de comunicación coa cidadanía de consulta e xestión de trámites relativos ás ZBE. Entre estas canles, obrigatoriamente dotarase o presencial, o telefónico e o telemático.

Artigo 12.- Réxime sancionador da ZBE.

1. As sancións establecidas nesta ordenanza impóñense con base nas infraccións do artigo 76.z3 do Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria e os seus regulamentos de desenvolvemento, que establece que son infraccións graves, cando non sexan constitutivas de delito, as condutas referidas a non respectar as restricións de circulación derivadas da aplicación dos protocolos ante episodios de contaminación e da ZBE. Estas sancións serán denunciadas segundo o articulado correspondente da ordenanza de circulación.
2. O réxime sancionador da ZBE fundaméntase nas restricións de acceso, circulación e estacionamento na ZBE, por determinación da autoridade municipal no exercicio pleno das súas competencias, que é de plena aplicación, logre ou non alcanzar os obxectivos perseguidos, sexan estes os que sexan referidos á calidade do aire, cambio climático, impulso do cambio modal e eficiencia enerxética, ruído ou calquera outro, que se estableceron no proxecto de ZBE.

Artigo 13.- *As infraccións desta ordenanza e sancións.*

1. Terá a consideración de infracción grave o feito de non respectar as restricións de acceso, circulación, parada e estacionamento establecidas na ZBE, por parte dos vehículos non contemplados no anexo II da ordenanza ou que, estándoo, carezan da autorización necesaria.
2. As infraccións tipificadas nesta ordenanza en relación coas restricións, acceso, circulación, parada e estacionamento na ZBE sancionaranse con multa de 200 €.

3. As sancións establecidas no apartado anterior poderán incrementarse nun 30% en atención á gravidade e transcendencia do feito, os antecedentes do infractor e á súa condición de reincidente, o perigo potencial creado para el mesmo e para os demais usuarios da vía e ao criterio de proporcionalidade. Enténdese que hai reincidencia cando se cometeu, no prazo dun ano, máis dunha infracción da mesma natureza, cando así se declarase por resolución firme.

Disposición derrogatoria.

Coa entrada en vigor desta ordenanza, queda derogada calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoña a esta ordenanza ou contradiga esta. Durante o período transitorio, estarase ao disposto na disposición transitoria primeira de entrada en vigor do procedemento sancionador.

Disposición transitoria primeira. *Entrada en vigor do procedemento sancionador.*

Coa finalidade de familiarizar á cidadanía da cidade de Lugo coa zona de baixas emisións e a súa normativa aplicable, como é de maneira especial a regulación do procedemento de rexistro de vehículos autorizados, as disposicións sobre infraccións desta norma municipal e as sancións desta ordenanza entrarán en vigor a partir dos seis meses da publicación desta ordenanza de zonas de baixas emisións, sen prexuízo de que poida establecerse un período maior mediante decreto de Alcaldía. Durante este período de 6 meses, no relativo a estas disposicións sobre infraccións e sancións, seguirá vixente a ordenanza de circulación actual.

Disposición transitoria segunda. Modificación de anexos mediante decreto de Alcaldía.

A posta en marcha da ZBE requirirá unha implantación progresiva, por tratarse dunha situación nova na totalidade do recinto amurallado. Co fin de facilitar a adaptación de determinados aspectos funcionais á realidade operativa, por motivos de interese público, funcionalidade, oportunidade e necesidade, os anexos II, III e IV, así como no V (exclusivamente nos aspectos relacionados coas modificacións que se produzan nos anexos II, III e IV) poderán ser modificados mediante decreto de Alcaldía.
Este decreto deberá publicarse no boletín oficial correspondente e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Para o establecemento de novas ZBE, modificación do ámbito territorial ou supresión das que se inclúen no anexo I, será necesaria a aprobación polo Pleno municipal.

En todo caso, a revisión e modificación dos proxectos técnicos das ZBE someteranse a información pública por tempo non inferior a 30 días hábiles por medio de anuncios na páxina web institucional do Concello.

Disposición transitoria terceira. Prevalencia de plans de tráfico e sinalización circunstancial.

Sen prexuízo do establecido nesta ordenanza, cando se leven a cabo obras, actividades, festexos ou calquera outra circunstancia que requira a modificación das condicións de tráfico na zona de baixas emisións (ZBE), prevalecerán as determinacións dos plans de tráfico aprobados e a sinalización circunstancial que se instale para o efecto.

Disposición final única. Entrada en vigor.

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez fose publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e transcorrese o prazo de quince días hábiles previsto no art. 65.2, a teor do preceptuado no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

ANEXO I

Ámbito da zona de baixas emisións do recinto amurallado de Lugo

Ámbito da zona de baixas emisións

A zona de baixas emisións de Lugo é a situada no interior do recinto amurallado (ronda da Muralla)



Ilustración 1Localización da zona de baixas emisións de Lugo

ANEXO II

Acceso e limitacións á circulación e estacionamento de vehículos na ZBE

1º Vehículos que poden acceder á zona de baixas emisións e condicións de estacionamento

O acceso de vehículos á zona de baixas emisións permitirase nos seguintes casos:
1. Ciclos e VMP (vehículos de mobilidade persoal), ambos os dous con tracción física e/ou eléctrica:

Sen restrición de acceso temporal nin horaria.

Estacionamento e circulación segundo o establecido na ordenanza xeral de circulación, sen obrigación de circular segundo os itinerarios establecidos no anexo III.

2. Vehículos que accedan aos aparcadoiros de uso público situados dentro da zona de baixas emisións:

Sen límite temporal nin franxa horaria.

Non se permite a parada nin o estacionamento en vía pública.

O itinerario de circulación será o establecido no anexo III, sen prexuízo das excepcións puntuais que poidan establecerse desde a autoridade competente municipal.

- Vehículos utilizados polos residentes da devandita zona, con e sen praza de garaxe, permitindo en ambos os casos unha parada polo tempo mínimo indispensable e estacionamento ata un máximo de 30 minutos diante dos seus domicilios.

Permitirase un máximo de dous vehículos por praza de garaxe ou por vivenda (se non dispón de praza de garaxe), salvo casos excepcionais debidamente xustificados.

Sen limitación de franxa horaria.

O itinerario de circulación será o establecido no anexo III, sen prexuízo das excepcións puntuais que poidan establecerse desde a autoridade competente municipal.

3. Vehículos utilizados polos comerciantes (comercios, hostalería e outros negocios), con e sen praza de garaxe, permitirase en ambos os casos unha parada polo tempo mínimo indispensable e estacionamento ata un máximo de 30 minutos diante dos seus locais de negocio.

Permitirase un máximo de dous vehículos por negocio.

Sen limitación de franxa horaria.

O itinerario de circulación será o establecido no anexo III, sen prexuízo das excepcións puntuais que poidan establecerse desde a autoridade competente municipal.

4. Vehículos que transporten persoas a establecementos hoteleiros:

Permitirase unha parada polo tempo mínimo indispensable e estacionamento ata un máximo de 30 minutos diante do establecemento hoteleiro.

Permitirase un máximo dun vehículo por autorización.

Sen limitación de franxa horaria.

Os establecementos hoteleiros deberán tramitar ante o Concello cada comunicación de entrada de vehículos indicando a matrícula, data, hora e punto de destino do establecemento hoteleiro. Coa tramitación desta comunicación achegando a información indicada, entenderase autorizado o acceso sen necesidade de recibir autorización por parte do Concello. No caso de que sexa comprobado por parte da autoridade competente o acceso noutra data, con outro vehículo diferente ou outra falsidade na información facilitada, a autorización quedará anulada, e reservarase o dereito de sanción.

O itinerario de circulación será o establecido no anexo III, sen prexuízo das excepcións puntuais que poidan establecerse desde a autoridade competente municipal.

5. Vehículos que transporten persoas con mobilidade reducida acreditada, con e sen praza de garaxe, sexan ou non residentes na zona de baixas emisións, permitirase en ambos os casos un estacionamento de ata 30 minutos nos espazos reservados para carga e descarga, así como un estacionamento de ata 2 horas nas prazas de mobilidade reducida reservadas na zona de baixas emisións.

Permitirase un máximo de dous vehículos por tarxeta acreditativa da mobilidade reducida.

Sen limitación de franxa horaria.

As persoas con mobilidade reducida non residentes e sen praza de garaxe non necesitan inscribirse no rexistro municipal, nese caso deberán realizar unha solicitude previa de acceso.

O itinerario de circulación será o establecido no anexo III, sen prexuízo das excepcións puntuais que poidan establecerse desde a autoridade competente municipal.

Deberán estar provistos da tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida.

6. Vehículos que transporten persoas con necesidade de acompañamento por terceiras persoas acreditada, con e sen praza de garaxe, sexan ou non residentes na zona de baixas emisións, permitindo en ambos os casos un estacionamento de ata 30 minutos nos espazos reservados para carga e descarga.

Permitirase un máximo de dous vehículos por tarxeta ou documento acreditativo equivalente acerca da necesidade de acompañamento.

Sen limitación de franxa horaria.

As persoas con necesidade de acompañamento que non sexan residentes na zona de baixas emisións e que non dispoñan de praza de garaxe nela non necesitan inscribirse no rexistro municipal, nese caso deberán realizar unha solicitude previa de acceso.

O itinerario de circulación será o establecido no anexo III, sen prexuízo das excepcións puntuais que poidan establecerse desde a autoridade competente municipal.

7. Vehículos utilizados por persoas non residentes que conten con praza de garaxe dentro da zona de baixas emisións, ben en propiedade, alugada, con bono de reserva ou similar.

Permitirase un máximo de dous vehículos por praza de garaxe.

Sen limitación de franxa horaria.

Non se permite a parada nin o estacionamento en vía pública.

O itinerario de circulación será o establecido no anexo III, sen prexuízo das excepcións puntuais que poidan establecerse desde a autoridade competente municipal.

8. Vehículos utilizados para realizar labores de carga e descarga de mercadorías: Horario: 08.00 a 11.00, de luns a sábado laborables, e das 15.30 ás 17.30 de luns a venres laborables, salvo excepcións xustificadas e previamente comunicadas.

En cada espazo reservado para carga e descarga, permitirase un estacionamento de ata 30 minutos, salvo excepcións xustificadas e previamente comunicadas.

O itinerario de circulación será o establecido no anexo III, sen prexuízo das excepcións puntuais que poidan establecerse desde a autoridade competente municipal.

Permitirase a repartición con ciclos e VMP (tracción física e/ou eléctrica) sen restrición ningunha de horario nin temporal, con estacionamento e circulación segundo o establecido na Ordenanza xeral de circulación, sen necesidade de circular segundo os itinerarios do anexo III para este tipo de vehículos.

9. Vehículos de servizos a domicilio, servizos funerarios, repartición para farmacias e autotaxis:

Permitirase un estacionamento de ata 30 minutos diante do establecemento, excepto os servizos funerarios que non terán limitación temporal.

Os taxis poderán permanecer nas paradas habilitadas sen limitación temporal.

Sen limitación de franxa horaria.

O itinerario de circulación será o establecido no anexo III, sen prexuízo das excepcións puntuais que poidan establecerse desde a autoridade competente municipal.

10. Servizos profesionais de carácter eventual. Inclúense neste grupo vehículos de obras, servizos técnicos, mantementos, reformas e similares.

Ao tratarse de entradas de vehículos eventuais, non se requirirá estar inscritos no rexistro municipal de vehículos autorizados.

Permitirase un máximo dunha matrícula por acceso necesario.

Deberase realizar un trámite segundo se trate de necesidades urxentes ou planificadas:

a) Urxentes (menos de 5 días de antelación): deberán comunicar o acceso achegando a matrícula do vehículo, data, hora, duración aproximada da entrada, localización para a parada ou estacionamento e declaración responsable acerca da necesidade e urxencia do acceso.
Coa tramitación desta comunicación achegando a información indicada, entenderase autorizado o acceso sen necesidade de recibir autorización por parte do Concello. No caso de que se comprobe por parte da autoridade competente a ausencia de necesidade de acceso, acceso noutra data, con outro vehículo diferente ou outra falsidade na información facilitada, a autorización quedará anulada, e reservarase o dereito de sanción.
O itinerario de circulación será o establecido no anexo III, sen prexuízo das excepcións puntuais que poidan establecerse desde a autoridade competente municipal.

b) Planificadas (5 ou máis días de antelación): deberán solicitar autorización achegando a matrícula do vehículo, data, hora, duración aproximada da entrada, localización para a parada ou estacionamento, motivo que xustifique a necesidade do acceso e, de ser o caso, permiso de ocupación de vía.
A limitación do acceso e parada ou estacionamento, así como o itinerario de circulación, rexerase segundo a autorización que, se é o caso, se conceda e notifique desde o Concello.

11. Servizos municipais e empresas concesionarias (limpeza viaria, bombeiros, Policía Local, brigadas, transporte público urbano etc.), outras administracións públicas (Garda Civil, Policía Nacional, usuarios de aparcadoiros de centros de saúde usuarios de aparcadoiros de centros educativos e doutras administracións en xeral etc.), vehículos de Correos, ambulancias, emerxencias, servizos técnicos de urxencias, vehículos con tarxetas especiais de circulación, vehículos prestados pola seguridade pública e vehículos para o transporte de fondos e xestión de efectivo.

Sen límite temporal nin franxa horaria.

O itinerario de circulación será o establecido no anexo III, salvo servizo de extinción de incendios, ambulancias, emerxencias, Policía Local e corpos e forzas de seguridade do Estado que poderán circular libremente segundo as súas

necesidades, e sen prexuízo doutras excepcións puntuais que poidan establecerse desde a autoridade competente municipal.

Permítese a parada e estacionamento en vía pública polo tempo necesario para a prestación do servizo.

12. Outras excepcións singulares: mudanzas, guías turísticos, celebracións de eventos, autoridades, vehículos de máis de 5.500 kg con causa xustificada e outras situacións similares, excepcionais e xustificadas.

Deberase solicitar autorización previa cunha antelación mínima de 5 días hábiles, e as condicións de acceso, parada e estacionamento serán determinadas na autorización que se conceda.

13. Excepcionalmente, aqueles vehículos expresamente autorizados por resolución da autoridade competente coas limitacións que se indiquen na autorización.

En todos os casos permítese a entrada de vehículos sen distinción por categoría ambiental.

En todos os casos, as persoas que estean dentro dalgún dos supostos dos accesos autorizados deberán darse de alta no rexistro municipal de vehículos autorizados, salvo os vehículos que accedan aos aparcadoiros de uso público e os accesos eventuais (servizos profesionais de carácter eventual; persoas con mobilidade reducida ou con necesidade de acompañamento non residentes e sen praza de garaxe; vehículos de establecementos hoteleiros e as excepcións singulares).

En todos os casos se establece unha limitación de masa máxima autorizada dentro de todo o ámbito da ZBE de ata 5.500 kg, salvo para os vehículos municipais ou de empresas concesionarias, limpeza viaria, extinción de incendios, salvamento, emerxencias, policía e corpos de seguridade, vehículos prestados pola seguridade pública e vehículos para o transporte de fondos e xestión de efectivo. Ademais, poderanse establecer excepcións debidamente xustificadas que autorizará a autoridade competente, nese caso as persoas interesadas deberán tramitar previamente a solicitude de acceso, achegando a documentación xustificativa que se determine desde a autoridade competente con, polo menos, cinco días de antelación.
Estas excepcións para acceder con vehículos que superen os 5.500 kg de M.M.A., sempre que xustifiquen a necesidade da carga do vehículo, son:

1. Vehículos que transporten equipos ou material hospitalario.

2. Vehículos que transporten subministracións de combustible.

3. Vehículos de obras e materiais de construción para obras públicas ou con licenza municipal.

4. Vehículos que sirvan de apoio e/ou traslado para a instalación e/ou montaxe de eventos nos que o Concello de Lugo teña a consideración de promotor ou colaborador.

5. Vehículos con carga indivisible e que acrediten imposibilidade de acceder cun vehículo de menor tamaño.

Desde a autoridade competente, poderase comprobar que a xustificación referente á necesidade da carga do vehículo é correcta e, no caso de que a realidade non se axuste á xustificación realizada na solicitude e na que se basea a autorización outorgada, quedará anulada a autorización coa correspondente sanción por acceso non permitido.

Excepcionalmente, de forma debidamente xustificada e sempre e cando non se puidese tramitar a autorización polo procedemento ordinario, establécese un período de 5 días para que aquelas persoas que, sen ter rexistrada a súa matrícula no rexistro municipal de vehículos autorizados, accedesen á zona de baixas emisións sen autorización nin comunicación previa e sen acceder a un aparcadoiro de uso público, poidan achegar a documentación xustificativa que lles permitiría o acceso para evitar ser sancionados. O período de 5 días empezarase contado desde o día en que se producise o acceso.

Ningún vehículo poderá parar nin estacionar dentro da zona de baixas emisións, salvo nos casos indicados anteriormente, excepto as bicicletas, triciclos, VMP e vehículos non motorizados que se acollerán ao establecido na ordenanza xeral de circulación.

2º.- Inscrición no rexistro de vehículos autorizados para acceder á ZBE

O Concello elaborará un rexistro de vehículos autorizados para acceder á ZBE segundo as condicións establecidas no apartado 1º do anexo II desta ordenanza.

As persoas interesadas en efectuar o rexistro de vehículos para poder acceder á ZBE e que cumpran algunha das condicións para tal fin deberán solicitarlle a súa inscrición ao Concello mediante rexistro de entrada da súa solicitude ou mediante a tramitación presencial que eventualmente se poida poñer ao dispor no Concello, e achegando a documentación que en cada caso lle sexa requirida.

Unha vez efectuada a inscrición no rexistro de vehículos autorizados, poderanse dar de baixa ou de alta vehículos, segundo as condicións establecidas no apartado 1º do anexo II desta ordenanza, mediante solicitude ao Concello.

Todos os permisos concédense por un prazo de dous anos. En datas próximas ao seu vencemento, será necesario renovalo a actualizalo a solicitude da persoa interesada.

Os vehículos inscritos no devandito rexistro non serán sancionados por acceder á ZBE sempre que se respecten as limitacións indicadas nesta ordenanza, segundo o caso.

ANEXO III: ITINERARIOS XERAIS DE CIRCULACIÓN


Zona 1
Zona 2
Zona 3
Zona 4
Zona 5
Zona 6
Porta do Bispo Odoario (do Hospital)
Porta Miña (ó Carme)
Porta de Santiago
Porta do Bispo Aguirre
Porta do Bispo Izquierdo (Campo Castelo)
Porta da Estación (rúa do Teatro)
Porta de San Fernando
Zona 1: ÁREA: CAMPO CASTELO - PRAZA MAIOR - CATEDRAL
Entrada por: Porta de Santiago y Porta do Bispo Aguirre (Rúa Vitoriano)
Saída por: Porta do Bispo Aguirre (Rúa Vitoriano) y Porta do Bispo Izquierdo (Campo Castelo)
Zona 2: ÁREA: TINERÍA - MIÑO - PORTA MIÑÁ
Entrada por: Porta Miñá (ó Carme)
Saída por: Porta Miñá (ó Carme)
Zona 3: ÁREA: SANTO DOMINGO - ARMANYÁ - SCIDADE - PRAZA ABASTOS - PROGRESO - SAN PEDRO
Entrada por: Porta da Estación (Rúa do Teatro)
Saída por: Porta da Estación (Rúa do Teatro)
Zona 4: ÁREA: IES XOÁN MONTES - OLLOS GRANDES
Entrada por: Porta Bispo Odoario (do Hospital)
Saída por: Porta Bispo Odoario (do Hospital)
Zona 5: ÁREA: RÚA MONTEVIDEO
Entrada por: Porta Bispo Odoario (do Hospital)
Saída por: Porta San Fernando
Zona 6: ÁREA: SAN MARCOS - PRAZA FERROL (SAN FERNANDO) - BOLAÑO - RÚA NOVA
Entrada por: Porta de San Fernando
Saída por: Porta de San Fernando
Concello de Lugo
S/E
CONTROL ACCESO CASCO HISTÓRICO ZONA DE BAIXAS EMISIÓNS
MARZO 2025
ANEXO 3
ITINERARIOS GENERALES DE VEHÍCULOS
1

ANEXO IV: ZONAS DE CARGA E DESCARGA NA ZBE



ANEXO V: PROXECTOS TÉCNICOS DAS ZONAS DE BAIXAS EMISIÓNS

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Aquí, como xa se falou na Xunta de Voceiros hai catro emendas, acordouse o debate conxunto das catro, despois iremos á votación individual e, ao final, haberá que votar a ordenanza no seu conxunto. Entón pasamos ao debate, e ten a palabra en primeiro lugar, o voceiro municipal, Rubén Arroxo. Cando queira.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas alcalde. Moi bo día a todas e todos. Traemos aquí a aprobación da ordenanza municipal reguladora de zona de baixas emisións, a ZBE. Primeiro, como introdución, indicar que a lei 7/ 2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, obríganos a todos os municipios de máis de 50.000 habitantes a adopción de plans de mobilidade urbana sustentable, que deben introducir as súas medidas de mitigación para reducir as emisións derivados da mobilidade, incluíndo polo menos o establecemento dunha das zonas de baixas emisións. O Real decreto 1052/2022, do 27 de decembro, polo que se regulan as zonas de baixas emisións, constitúe a normativa de desenvolvemento da Lei de cambio climático, que marca os criterios e obxectivos medioambientais e de mobilidade urbana. Así, mesmo Real decreto establece, no seu artigo segundo, que as zonas de baixas emisións serán delimitadas e reguladas polas entidades locais na súa correspondente normativa.
Fago esta introdución para expoñer e contextualizar a situación legal que temos agora mesmo sobre a mesa, coa cal estamos na obriga de sacar adiante unha ordenanza que regule ese ámbito de zonas de baixas emisións e o seu funcionamento. E aquí o que traemos é, precisamente, o contido desta ordenanza, que vén hoxe a este pleno para a súa aprobación. Nesta ordenanza escolleuse o ámbito do recinto amurallado como zona de baixas emisións para Lugo, porque entendemos primeiramente que facilita moito a súa xestión, tanto para a Administración como para os propios cidadáns. Facilita moito a súa xestión porque queda a zona moi ben delimitado, que iso é un problema que hai en moitas cidades que en moitas ocasións un vehículo non sabe, o condutor dun vehículo non sabe exactamente onde remata a zona pola que pode circular libremente e onde comeza a da zona das baixas emisións, o cal en moitos sitios pois si que crea certos temores, certos medos. Non é así no caso de Lugo, onde a muralla nos permite precisamente facer ese espazo perfectamente definible. Pero é que ademais hai outra cuestión: o ser xa o recinto interior de murallas de por si un recinto, peonil, xa ten unhas excepcións, xa ten excepcións marcadas, que son as que podemos ver no anexo dous desta ordenanza, como son a de residentes, propietarios de prazas de graxa e usuarios de párking, cargas e descargas, accesos a hoteis, propietarios de negocios, servizos da compañía de acompañamento, de persoas con discapacidade, servizos municipais de emerxencia, de transporte público, etcétera, etcétera, todos os que podemos ver na ordenanza que aquí se presenta. Por tanto,

permite xa de por si igualar certos dereitos ante situacións que poidan ser máis complicadas. Unha das polémicas que aparece cando sae o debate das zonas de baixas emisións, é de se determinadas persoas van ter que cambiar o seu vehículo e non teñen recursos económicos para poder cambialo, en Lugo, como xa a zona de baixas emisións é peonil, ese debate xa non existe, porque só van poder entrar xa as excepcións. Por iso cremos, neste sentido, que a ordenanza feita para Lugo pode ser das máis sinxelas de entender de calquera cidade e das máis eficientes á hora de funcionar. Por iso que digo de que todo o mundo vai ter claro cal é o límite e ademais é xa unha zona de por si peonil. Entendemos que este é un bo documento, cumprimos a lei algo ao que estamos obrigados, permitimos o funcionamento correcto dos servizos cidade e da vida dos residentes, e creamos un modelo moi doado de entender para calquera persoa.
Polo tanto, eu pido o voto favorable para esta ordenanza necesite porque en primeiramente, porque a necesitamos; en segundo lugar, porque entendemos que é a forma máis sinxela que se pode xestionar para a cidade de Lugo e á vez pídoo responsabilidade, pídolle responsabilidade de que non se lancen mensaxes erradas que provoquen confusión, como se víronse nalgúns momentos, porque agora mesmo a xente non entende moi ben como vai ser o funcionamento desta ordenanza, e se nós alimentamos con, alimentámonos con mensaxes erradas, dende logo que o complicamos. Polo tanto, tratemos de ser didácticos, trataremos de aclarar e vemos isto adiante porque é algo que ademais temos que facer. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señor Arroxo. E agora ten a palabra o señor Cabarcos. Cando queira.

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Bo día a todos. O pasado día 16 de novembro de 2022, hai xa máis de tres anos, eu mesmo asistín á reunión que a alcaldesa Lara Méndez convocou para facernos chegar aos veciños do centro de Lugo a nova dunha proxectada é inminente. ZBE. A alcaldesa durante o encontro, que foi o único promovido polo Concello ao que eu tiven acceso como residente, porque daquela eu non era concelleiro, dixo que *manteremos un aberto un fío de diálogo permanente para propiciar a implicación social no deseño da nova normativa de circulación, que terá en conta as inquedanzas e as necesidades dos lucenses*. Naquel intre xa se levaban meses traballando, pero aínda así, son máis de tres anos elaborando, máis ben encargando, un documento sen coñecemento dos afectados que condicionará a vida dos residentes e de moitos lucenses.
Canto tempo tivemos os concelleiros alleos ao Goberno municipal para participar desta elaboración? 48 horas. 48 horas das que 16 adicámolas a durmir; 16 que, os que non temos dedicación dedicámonos a traballar; 6 máis a alimentarnos e ao aseo persoal, co cal quedáronnos menos de 10 horas para estudar un documento de 150 páxinas cargado de texto, de gráficos e de estatísticas que tivemos que ler para comprender, comentar, idear, redactar e presentar emendas. O período de aportacións foi de 15 días para a xente que non tiña aínda o documento. Nós tivemos 10 horas, ou menos de 10 horas, para poder entendelo e estudalo. Por iso

o grupo municipal do PP considera procedemento nulo por falla de exercer o dereito de participación política, ao que nos ampara a Constitución no artigo 23.2, polo que consideraremos recorrer o documento por outras canles. A maioría dos lucenses que deron o voto ao PP fixérono para que nós puideramos representar os seus intereses e con este xeito de proceder non o podemos facer. Xa sucedeu anteriormente coas obras de muda e de pavimento, que non peonalización, que desenvolveron no mesmo lugar onde hoxe tratamos a ZBE, o deseño se ideou cun anteproxecto que non pasou por concurso, nin por consulta pública, nin exposición ningunha, nin debate plenario, que deu orixe a tres proxectos de execución que houbo que ir a buscar á plataforma de contratación para coñecelos. Esta ausencia de participación, e a presión popular que se exerceu, fixo que se cambiaran e que se mudaran moitas das disposicións deste proxecto e o custo incrementara. O PMUS (Plan de Mobilidade Urbana Sostible), o documento que veñen de aprobar o día 3 de decembro de 2025, no seu artigo 150, chamado *Trazado da rede de mobilidade* di que prevalece as súas disposicións por enriba do propio Plan xeral no caso de contradición. Non sei se o sabían, pero pesa o PMUS que o PXOM no caso de que haxa contradicións. De feito, tales contradicións existen entre o PXOM, o PMUS, o PEPRI, e a ordenanza que hoxe debatemos, e iso de feito é unha das emendas que nós vimos a presentar. Este PMUS é un documento que, aínda non tendo carácter de norma, ten unha influencia tal na cidade que pode de feito cambiar o PXOM, e que non tivo ningún mecanismo de participación pública nin cidadá, ningún. Por certo, tampouco ten a avaliación ambiental, o cal tamén é a causa de nulidade. Por tanto, é acreditaba esta causa de nulidade a que estamos referíndonos pola falla ou pola nula oportunidade de participación, non só no documento madre, o PMUS, senón tamén na ordenanza ZBE, porque as nosas achegas podían ter sido maiores e máis completas, pero a falla de tempo e de oportunidade deron lugar a que fixeramos o que puideramos.
E agora paso a tratar as emendas presentadas. Na nosa primeira emenda, solicitamos a supresión que vén recollida na transitoria segunda da facultade da Alcaldía no que atinxe a modificar, sen restrición algunha, os anexos dous tres, catro e cinco, o que na súa maior amplitude o faculta para mudar toda a natureza e filosofía desta iniciativa. Se realmente se tratase de notificacións de axuste puntuais ou acotadas no tempo, como dixeron na elaboración do ditame da comisión, acouten esas facultades no texto da ordenanza e terán o noso apoio, se non o fan, loxicamente non imos deixar a manga aberta para que mañá todo sexa distinto ao que imos aprobar hoxe. Tampouco se estima procedente o contido da transitoria terceira porque tamén faculta a Alcaldía para modificar de contido de forma substancial a ordenanza. Non se trata de regular a transición dunha situación á outra, senón que se trata de medidas de futuro que non corresponde deixalas abertas ao criterio dun documento, un bando, un decreto da Alcaldía que ten menor rango cunha ordenanza. E en segundo lugar nesta mesma, cumprín o meu tempo. Continúo na seguinte quenda.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Segunda quenda do voceiro municipal. Cando queira.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas. Eu creo que aquí está habendo un lío .... coa ordenanza zona de baixas emisións, de feito co PMUS non houbo 48 horas porque xa leva aprobado máis de tres semanas, hai máis de tres semanas e o PMUS quen o aproba é a Xunta de Goberno non é o Pleno. O Pleno o que aproba é ordenanza da zona, é así, e quen aproba o PMUS é a Xunta de Goberno. O que aproba o Pleno é a zona de baixas emisións, que non é un documento de 100 e pico páxinas, son 29 páxinas. O que estamos aquí a debater e a ordenanza da zona de baixas emisións, o que presenta o Partido Popular son unha serie de emendas que vou tratar agora mesmo.
Con respecto ao que comenta da primeira emenda, que vai sobre todo ligada ao tema do decreto da Alcaldía, nós seguimos entendendo que aparecen perfectamente definido. Fala dos anexos, dous tres e catro, non fala da estrutura da ordenanza, evidentemente, non fala do articulado, fala deses tres anexos, o dous tres e catro, e que ademais está moi vinculado con outras cousas que o Partido Popular propón. O anexo dous céntrase especialmente no que son os tempos nos que se pode estar, xa sexa para carga e descarga, xa sexa para accesos aos diferentes servizos e instalacións hoteleiras, persoas con discapacidade, etcétera, etcétera. Pode chegar un momento no que se considere que hai que modificar os tempos, por calquera razón, e facer unha modificación da ordenanza para iso sería un traballo demasiado burocrático cando se pode axilizar por un decreto da Alcaldía e non estás modificando a estrutura da propia ordenanza. O mesmo acontece por exemplo co anexo tres; o anexo tres ao final o que marca son os itinerarios de circulación, e realmente se houbese que facer nalgún momento unha modificación, porque os usuarios dun garaxe consideran que se debe modificar, sería tamén bastante absurdo que por un garaxe ter que modificar a ordenanza cando podes facelo a través dun decreto da Alcaldía. O mesmo acontece coas zonas de carga e descarga. Agora hai unhas, están máis ou menos analizadas por onde poden estar os establecementos comerciais, pero pode pasar o tempo e verse que as necesidades son outras. Volveriamos ao mesmo: imos iniciar o proceso de meses de modificación dunha ordenanza para unha cuestión tan concreta? Entendemos que o máis doado é ese decreto de Alcaldía.
E no resto, pois un pouco o que estamos a ver. Entendemos que nas outras emendas xa se explicou na introdución como van ser os accesos, como van quedar, como se iguala a unha zona peonil; polo tanto, as, restricións van ser as mesmas e as excepcións, tamén. E despois, o tema dos tempos que aparecen aquí emendados creemos que de momento están ben, e se se ve que non se pode, modificarase pola vía que comentei.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas, señor Arroxo. Segunda quenda para o voceiro Ramón Cabarcos. Cando queira.

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Tendo vostede razón nos límites que modifica efectivamente... (non se escoita) ... meter tamén, porque a realidade é pode cambiar calquera disposición.

En segundo lugar, continúo, a primeira das nosas emendas inclúe tamén a solicitude de modificación do ámbito de aplicación por incorrecto, onde se fai referencia aos vehículos afectados, non falamos de todos os que circulen polo termo municipal de Lugo, senón só dos que acceden ao ámbito xeográfico delimitado, pola Muralla, como vostede ben dixo. Tense que aclarar que se utilizan este termo, se se consideran todos os vehículos que circulan por Lugo susceptibles de seren afectados e non só os que entren no recinto amurallado, entón procedería estender este ámbito de aplicación a todos os vehículos que circulen polo globo terráqueo porque calquera deles nalgún momento poida acceder ao recinto da ZBE.
En terceiro lugar, esta emenda inclúe tamén un punto no que xa se acordou no ditame: a súa eliminación é por iso non o imos debater, que é o de alusión á zona de especial sensibilidade. E, para rematar esta primeira emenda, evidenciamos unha contradición importante entre o PMUS, o PXOM, o PEPRI, e a ZBE, que por certo, non nos confundimos, o PMUS é o documento nai de onde ten que participar obrigatoriamente a ZBE, que ten que estar incluída neste, un deles inclúe ao outro. O PXOM do artigo 49.1 fixa a provisión dun mínimo dunha praza de garaxe por nova viviendo, por 100 metros cadrados construídos. Exclúe loxicamente o ámbito PEPRI, porque aí non se pode garantir isto, pero fieis ao seu propósito universal de resolver problemas que non existen, o PMUS, no punto 9.3, fixa a provisión dun máximo dunha praza de garaxe por vivenda e preferiblemente, isto por se non o saben, noutro edificio, no soto do outro edificio, non no mesmo. Iso é o que pon o PMUS que veñen de aprobar. Este extremo foi supostamente aprobado na Xunta de Goberno do 3 de decembro, aínda sen contar con estudo de impacto ambiental. E a ZBE, para retorcer máis o asunto, no anexo dous punto dous, fixa un máximo de dous vehículos por vivenda, pero co máximo dunha praza de garaxe por vivenda, unha exixencia que provén do PMUS que está por riba da ZBE, co cal iso significa que se xera un aparcadoiro en superficie, que non temos sitio onde aparcar, ben pode ser fóra da Muralla, pero tampouco, quero dicir, aquí hai unha contradición importante que non están a resolver. Solicitamos a exención de tales disposicións limitativas, polo menos no ámbito ao PEPRI, e tamén solicitaremos a desaparición destes preceptos, case totalitarios, que impiden que as familias de Lugo non poidan ter unha segunda praza de garaxe, pero si poidan ter liberdade para adquirir, de momento, un segundo vehículo.
Á terceira emenda, ten un erro na nosa redacción que aclaramos agora, dado que se refire ao segundo punto do anexo dous e, en realidade, refírese só o punto nove do anexo dous. Na procura de asumir a realidade da provisión de servizos aos residentes e comerciantes do recinto intramurallas que van verse limitados na súa posibilidade de descarga de persoas, enseres e mercancías, loxicamente, solicitamos que non se vexan limitados tamén os accesos dos repartos a domicilio. Se 30 minutos poden ser suficientes, poden selo, para un residente ou para un familiar dun titular dun negocio, non o son para un profesional de reparto de mercancías, a descarga de paquetería, por exemplo, porque un repartidor dos que de xeito cotía veñen facendo ese traballo precisa de mais de dúas horas para rematar o seu traballo, o que levaría coa redacción actual a que tivese que cambiar

de emprazamento o seu vehículo catro veces para facer o seu traballo nunha mesma mañá.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas, señor Cabarcos. Rematou o tempo. Última quenda para o voceiro municipal. Cando queira.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: En todo caso, insistir que o que trae sobre todo máis a debate que é o tema de que se poida modificar ou como se pode modificar con decreto da Alcaldía ou senón a estrutura gorda da ordenanza é a que é, esa non se pode modificar, o que se pode modificar son as modificacións puntuais, que son os anexos precisamente, que é o que fala dos tempos, o que fala dos itinerarios, o que fala das zonas nas que se pode facer o carga e descarga, que evidentemente son cuestións que poden se modificar moi rápido e moi pouco tempo e que, polo tanto, hai que ter tamén a axilidade de ter ferramentas dende a institución para poder facer esas modificacións. Polo tanto, entendemos que iso é totalmente necesario.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Pois rematado... (Voces de fondo entre o Sr. Alcalde e o Sr. Cabarcos sobre quen pecha as intervencións deste asunto)
A ver, imaxínate que fose unha proposición, quen a presenta é o Goberno, ten cinco minutos o voceiro municipal, terías cinco minutos, réplica de tres minutos, e logo, ao final, peche dun minuto... DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: ... Como di vostede, no regulamento non pon que haxa unha exposición inicial, pon exposición inicial máis tempos, eses tempos corresponden como unha proposición como outra calquera... DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: ... Na Xunta de Voceiros acordamos facelo como unha proposición... (voces de fondo inintelixibles) ... DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: ... Eu non o entendín así.... O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:... , Eu non estiven nesa Xunta de Voceiros...Sempre se tratou así, porque é quen presenta... (persisten as voces de fondo) pero se había tres persoas da Xunta de Voceiros e dúas entenderon unha cousa, pois s home, Eu creo que a exposición estivo moi clara, que os datos que deu foron evidentes e por tanto a posición está máis que determinada...

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: ... Retiramos a segunda das emendas, que non a queremos votar, retirámola, e só imos votar a primeira, a terceira e cuarta...

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Si, pero iso si que se pode dicir perfectamente. É dicir, está dicindo que retira a segunda emenda e que mantén a primeira, a terceira e a ... Polo tanto, a segunda non existe, e pasamos directamente a votar esas outras tres e despois conxuntamente o documento.

CULTURA

5/190 **RATIFICACIÓN DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚMERO 6873/2025, DO 8 DE XULLO DE 2025, DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS, RELATIVO AO SINALAMENTO DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2026.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DO SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA, do 27 de novembro de 2025, do seguinte teor literal:

"Examinado o expediente tramitado para estes efectos e visto:

1.- Comunicación da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, de data 23.06.2025, en relación coa elaboración do calendario laboral para o ano 2026,

2.-Informe do Servizo de Cultura de data 08.07.2025.

3.- Decreto de Alcaldía núm. 6873/2025 de data 08.07.2025.

Á vista do anteriormente exposto, **PROPÓNSE:**

ÚNICO.- Dar conta ao Excmo. Concello Pleno a ratificación do Decreto da Alcaldía núm. 6873/2025 de data 08.07.2025, que seguidamente se transcribe:

<<DECRETO

Ilma. Sra Mª Cristina López Fernández, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Participación e Servizos para a veciñanza, por suplencia da Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

Instruído o expediente relativo ao sinalamento das festas locais para o ano 2026.

Vista a proposta do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, obrante no expediente, de data 08.07.2025 do teor literal seguinte:

<<INFORME-PROPOSTA DO SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

ASUNTO: Sinalamento de festas locais para o ano 2026.

Examinado o expediente de referencia e vista a comunicación do Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social, con rexistro de entrada número 202500000029232, de data 23.06.25, en relación coa elaboración do calendario laboral para o ano 2026, e tendo en conta que para a elaboración de dito calendario para esta provincia é preciso que este Concello sinale as festas de carácter local, compre informar o seguinte:

Tradicionalmente as festas locais deste Concello son o martes de Entroido e o día de San Froilán.

Á vista do prazo que sinala o Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social, enténdese que, como anos anteriores, procede a Resolución da Alcaldía sinalando como festas locais deste municipio o 17 de febreiro, martes de Entroido, e o luns 5 de outubro, día de San Froilán.

Procede someter a devandita Resolución á ratificación do Excmo. Concello Pleno.

Por dito motivo, en virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 40/607, de 26.7.2023 e Decreto núm. 2730/2025 de 19.03.2025 na súas actuais redaccións, ***PROPÓNSE*** *para a súa aprobación pola tenenta de alcalde titular da Área, mediante a correspondente resolución:*

PRIMEIRO.*- Propoñer ao Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social o sinalamento das seguintes datas como festas locais para o ano 2026:*

- *17 de febreiro (martes de Entroido).*
- *5 de outubro (San Froilán).*

SEGUNDO*.- Dar conta da presente resolución ao Excmo. Concello Pleno para a súa ratificación.*

TERCEIRO*.- Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, unha vez ratificado, ás partes interesadas así como ás dependencias municipais afectadas, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos recursos correspondentes.*

É canto procede informar.>>

En virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 40/607, de 26.7.2023 e Decreto núm. 2730/2025 de 19.03.2025 na súas

actuais redaccións, ***PROPÓNSE*** *para a súa aprobación pola tenente de alcalde titular da Área, mediante a correspondente resolución:*

RESOLVO:

PRIMEIRO.- *Propoñer ao Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social o sinalamento das seguintes datas como festas locais para o ano 2026:*

- 17 de febreiro (martes de Entroido).
- 5 de outubro (San Froilán).

SEGUNDO.- *Dar conta da presente resolución ao Excmo. Concello Pleno para a súa ratificación.*

TERCEIRO.- *Notificar a resolución unha vez ratificada, que pon fin á vía administrativa, ao interesado, coa indicación de que contra a mesma caberá interpoñer os seguintes recursos:*

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións publicas, ante o Pleno, e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións publicas).

Así mesmo, déaselle traslado ás dependencias e ós servizos municipais afectados.

*Cúmprase.***>>**

2. DITAME FAVORABLE, emitido pola Comisión Permanente Ordinaria de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas, celebrada o día 18 de decembro de 2025.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25
- **Votos a favor**: 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA** RATIFICAR o Decreto da Alcaldía núm. 6873/2025, de data 8 de xullo de 2025, que seguidamente se transcribe:

"DECRETO

Ilma. Sra Mª Cristina López Fernández, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Participación e Servizos para a veciñanza, por suplencia da Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

Instruído o expediente relativo ao sinalamento das festas locais para o ano 2026.

Vista a proposta do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, obrante no expediente, de data 08.07.2025 do teor literal seguinte:

<<INFORME-PROPOSTA DO SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

ASUNTO: Sinalamento de festas locais para o ano 2026.

Examinado o expediente de referencia e vista a comunicación do Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social, con rexistro de entrada número 202500000029232, de data 23.06.25, en relación coa elaboración do calendario laboral para o ano 2026, e tendo en conta que para a elaboración de dito calendario para esta provincia é preciso que este Concello sinale as festas de carácter local, compre informar o seguinte:

Tradicionalmente as festas locais deste Concello son o martes de Entroido e o día de San Froilán.

Á vista do prazo que sinala o Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social, enténdese que, como anos anteriores, procede a Resolución da Alcaldía sinalando como festas locais deste municipio o 17 de febreiro, martes de Entroido, e o luns 5 de outubro, día de San Froilán.

Procede someter a devandita Resolución á ratificación do Excmo. Concello Pleno.

Por dito motivo, en virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 40/607, de 26.7.2023 e Decreto núm. 2730/2025 de 19.03.2025 na súas actuais redaccións, ***PROPÓNSE*** *para a súa aprobación pola tenenta de alcalde titular da Área, mediante a correspondente resolución:*

PRIMEIRO.*- Propoñer ao Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social o sinalamento das seguintes datas como festas locais para o ano 2026:*

- 17 de febreiro (martes de Entroido).
- 5 de outubro (San Froilán).

SEGUNDO*.- Dar conta da presente resolución ao Excmo. Concello Pleno para a súa ratificación.*

TERCEIRO*.- Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, unha vez ratificado, ás partes interesadas así como ás dependencias municipais afectadas, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos recursos correspondentes.*

É canto procede informar.>>

En virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 40/607, de 26.7.2023 e Decreto núm. 2730/2025 de 19.03.2025 na súas actuais redaccións, ***PROPÓNSE*** *para a súa aprobación pola tenente de alcalde titular da Área, mediante a correspondente resolución:*

RESOLVO:

PRIMEIRO.- *Propoñer ao Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social o sinalamento das seguintes datas como festas locais para o ano 2026:*

- 17 de febreiro (martes de Entroido).
- 5 de outubro (San Froilán).

SEGUNDO.- *Dar conta da presente resolución ao Excmo. Concello Pleno para a súa ratificación.*

TERCEIRO.- *Notificar a resolución unha vez ratificada, que pon fin á vía administrativa, ao interesado, coa indicación de que contra a mesma caberá interpoñer os seguintes recursos:*

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións publicas, ante o Pleno, e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións publicas).

Así mesmo, déaselle traslado ás dependencias e ós servizos municipais afectados.

*Cúmprase.**”.***

FACENDA LOCAL

6/191 **SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA PARA A CONSTRUCCIÓN DE CORTE DE VACÚN DE LEITE E FOSA DE XURRO EN LAMABOA (SAN XOÁN DO CAMPO), PRESENTADA POR DONA MARÍA ELENA PIÑEIRO SOTELO, EN REPRESENTACIÓN DE SDAD. COOP. GALLEGA DEL CAMPO LAMABOA**.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA TENENTE DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, do 20 de novembro de 2025, do teor literal seguinte:

“ASUNTO: Solicitude de declaración de especial interese ou utilidade municipal da solicitude de licenza urbanistica para construción de corte de vacún de leite e fosa de xurro en Lamaboa (San Xoán do Campo), presentada por María Elena Piñeiro Sotelo, en representación de Sdad. Coop. del Campo Lamaboa

ANTECEDENTES:

Na data de 28.07.2025, MARÍA ELENA PIÑEIRO SOTELO (NIF 35312284Q), en representación de SDAD COOP GALLEGA DEL CAMPO LAMABOA (CIF F27011337) solicita licenza de obras para construción de corte de vacún de leite e fosa de xurro en Lamaboa (San Xoán do Campo) (exp. 2025/Y001/000199).

Con data de 05.09.2025, MARÍA ELENA PIÑEIRO SOTELO (NIF 35312284Q), en representación de SDAD COOP GALLEGA DEL CAMPO LAMABOA (CIF F27011337) presenta escrito no que insta que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal as obras para o "PROYECTO DE ESTABLO PARA VACUNO DE LECHE", para a concesión da bonificación recollida na Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Con data de 06.11.2025, MARÍA ELENA PIÑEIRO SOTELO (NIF 35312284Q), en representación de SDAD COOP GALLEGA DEL CAMPO LAMABOA (CIF F27011337) achega certificado actualizado da inscripción da explotación agraria con código REAGA G2702800878, da que é titular SDAD COOP GALLEGA DEL CAMPO LAMABOA (CIF F27011337), no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA), figurando de alta no mesmo (exp. 2025/T028/001436).

O parágrafo a) do artigo 103.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, establece que as ordenanzas fiscais poderán regular "a) Unha bonificación de ata o 95 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros".

Ó amparo da referida habilitación legal, o artigo 4ºbis.9 da Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, establece:

"Establécese unha bonificación do 50% da cota do Imposto para as construcións, instalación e obras vinculadas con explotacións agrícolas, gandeiras e forestais, que sexan declaradas de "especial interese ou utilidade municipal" tales como establos, fosas sépticas, silos almacéns ou calquera outra, que serva a tales fins. En ningún caso se aplicará esta bonificación ás construcións, instalacións e obras de vivendas asociadas á explotación, xa se refiran tanto a novas construcións como ao mantemento das existentes.

Esta bonificación non terá carácter acumulativo.

A declaración de "especial interese ou utilidade municipal" corresponderá ó Pleno da Corporación por maioría simple. Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do Imposto poderán instar a solicitude de declaración de especial interese dentro do período comprendido dende a data da solicitude da licenza de obras ata a data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras.

A solicitude irá acompañada dun certificado actualizado da inscripción da explotación agraria no REGA (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia), que se corresponda co solicitante da licenza de obras.

Presentada a solicitude e a correspondente documentación, e unha vez completado o expediente co informe do Servizo de Facenda Local, elevarase a correspondente proposta de acordo ao Pleno da Corporación. O acordo polo que se conceda ou denegue a declaración de especial interese ou utilidade municipal notificaráselle ao interesado. Unha vez outorgada polo Pleno a declaración de especial interese ou utilidade da construción, instalación ou obra, procederase á concesión da bonificación polo órgano competente. No momento da aprobación da preceptiva licenza de obras, procederase á aprobación da liquidación provisional resultante aplicando a bonificación concedida. Non obstante o anterior, se outorgada a licenza, aínda non se tivese efectuado a declaración de especial interese ou utilidade municipal instada en prazo polo suxeito pasivo, non se teña solicitado aínda esta, ou non se tivese concedido a bonificación, practicarase unha liquidación provisional conforme ao proxecto presentado ou a valoración efectuada polo Servizo de Arquitectura, procedéndose á devolución da parte que corresponda se posteriormente se outorgase polo Pleno a mencionada declaración e/ou se concedese a oportuna bonificación."

Visto o informe de Facenda Local de data 19.11.2025, segundo o cal SDAD COOP GALLEGA DEL CAMPO LAMABOA (CIF F27011337) cumpre os requisitos esixidos no artigo 4ºbis.9 da Ordenanza Fiscal núm. 202 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, e dentro das potestades que a Lei outorga ós concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

ESTIMAR a solicitude formulada por MARÍA ELENA PIÑEIRO SOTELO (NIF 35312284Q), en representación de SDAD COOP GALLEGA DEL CAMPO LAMABOA (CIF F27011337), procedendo á declaración das obras para construción de corte de vacún de leite e fosa de xurro en Lamaboa (San Xoán do Campo), como de especial interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación."

2. DITAME FAVORABLE, emitido na Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria de Xestión de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, celebrada o día 19 de decembro de 2025.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25
- **Votos a favor**: 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

ESTIMAR a solicitude formulada por DONA MARÍA ELENA PIÑEIRO SOTELO (NIF 35312284Q), en representación de SDAD COOP GALLEGA DEL CAMPO LAMABOA (CIF F27011337), procedendo á declaración das obras para construción de corte de vacún de leite e fosa de xurro en Lamaboa (San Xoán do Campo), como de especial interese ou utilidade municipal, con base nas argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

7/192 **SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL NA SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS AGRARIAS OU GANDEIRAS PERTENCENTES AO SECTOR PRIMARIO, PRESENTADA POR GANADERÍA CASA CURRO SC**.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DO ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, do 26 de novembro de 2025, do teor literal seguinte:

"ASUNTO: Solicitude de declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísiticas ou de fomento de emprego para as referencias catastrais nas que se desenvolven actividades económicas agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario, presentada por GANADERÍA CASA CURRO.

Visto o escrito do 12/07/2025 rexistrado de entrada neste concello co número 202599900016399 presentada por ÁNGEL CASTEDO GONZÁLEZ con NIF 33539270A en representación de GANADERÍA CASA CURRO SC co NIF

J27478981 no que solicita a bonificación correspondente na cota do IBI do ben inmoble de referencia catastral 27900A346000710000UJ sito no LG GUNDÍN Polígono 346 Parcela 71 FOLGAREDO. 27191 LUGO [LUGO] alegando estar referido a actividades económicas agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario.

Na data de 27/08/2025 o solicitante accede ao requirimento de subsanación da solicitude notificado, presentando na mesma data o rexistro 202599900019157 no que achega o certificado de explotación agraria expedido polo Servizo de Explotacións Agrarias da Consellería do Medio Rural de data 27/08/2025, segundo cal a explotación agraria con código REAGA G2702803600 da que é titular GANADERÍA CASA CURRO SC co NIF J27478981, sita no lugar de BENADE do concello de LUGO figura de alta no REAGA desde o 11/07/2017 ata a actualidade.

O Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei de facendas locais, sinala no seu artigo 60 que "O Imposto sobre Bens Inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles nos termos establecidos nesta lei".

Pola súa banda, o artigo 77.5 do mesmo texto legal dispón que "O Imposto xestiónase a partir da información contida no padrón catastral e nos demais documentos expresivos das súas variacións elaborados para os efectos pola Dirección Xeral do Catastro, sen prexuízo da competencia municipal para a cualificación de inmobles de uso residencial desocupados. O dito padrón, que se formará anualmente para cada termo municipal, conterá a información relativa aos bens inmobles, separadamente para os de cada clase e será remitido ás entidades xestoras do imposto antes do 1 de marzo de cada ano".

O artigo 74 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido la lei reguladora das facendas locais en canto a bonificacións potestativas sinala no apartado 2 quáter: "Os concellos mediante ordenanza poderán regular unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do imposto a favor de inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá esta declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros".

Neste senso a Ordenanza Fiscal 203 do Excelentísimo Concello de Lugo, Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles, contempla no seu artigo 5.6 a bonificación do 95% da cota íntegra do imposto durante tres anos, para "...aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades económicas agrarias ou gandeiras, pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de interese ou utilidade

municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponderá ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, sempre que se acredite que o ben inmoble figura afecto a unha explotación agrícola ou gandeira explotada directamente polo suxeito pasivo ou por un terceiro que o poda acreditar por calquera título surtindo efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude. Para a súa concesión, deberá aportar a seguinte documentación:

- Certificado actualizado da inscrición da explotación agraria no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.
- De ser necesario, título acreditativo da explotación por un terceiro da actividade agricola ou gandeira no ben inmoble obxecto da bonificación.
- Referencia catastral do inmoble onde se exerce a explotación agrícola ou gandeira…"

Visto o informe de Facenda Local de data 25/11/2025, segundo o cal a solicitude presentada por Ángel Castedo González en representación de GANADERÍ CASA CURRO SC cumpre os requisitos esixidos no disposto no artigo 5.6 da Ordenanza Fiscal núm. 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles, e dentro das potestades que a Lei outorga aos concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Declarar de interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego, para as referencias catastrais detalladas deseguido nas que se desenvolven actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario en base ás argumentacións recollidas no informe de Facenda Local que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación, segundo segue:

Referencia catastral	Localización	Titular	NIF
27900A346000710000UJ	LG GUNDIN Polígono 346 Parcela 71 FOLGAREDO. 27191 LUGO [LUGO]	GANADERIA CASA CURRO SC	J27478981

2. DITAME FAVORABLE emitido pola Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria de Xestión de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude celebrada o día 19 de decembro de 2025.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor**: 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA** declarar de interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego, para as referencias catastrais detalladas a continuación nas que se desenvolven actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario en base ás argumentacións recollidas no informe de Facenda Local que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación, segundo segue:

Referencia catastral	Localización	Titular	NIF
27900A346000710000UJ	LG GUNDIN Polígono 346 Parcela 71 FOLGAREDO. 27191 LUGO [LUGO]	GANADERIA CASA CURRO SC	J27478981

INTERVENCIÓN

8/193 **RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO NÚMERO 13-205. REPAROS 89-2025, 94-2025 E 98-2025.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDÍA, asinado polo Excmo. Sr. Alcalde en funcións, do 15 de decembro de 2025, do seguine teor:

"Asunto: Tramitación de aprobación de facturas
Fase do Gasto: Recoñecemento da obriga fase O
Recoñecemento extraxudicial 13-2025_Reparo 89-2025_Reparo 94-2025_Reparo 98-2025.
IMPORTE TOTAL: 80.956,64 €
IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2025: 80.956,64 €

Durante o presente exercicio remitíronse por parte dos servizos municipais ao departamento de Contabilidade Municipal, diversas facturas devengadas e executadas no exercicio anterior que non foron imputadas ao orzamento, por importe total de **80.956,64 *€***

No actual exercicio procedeuse á verificacion da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente

expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade Municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas de área ás ditas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos.

10Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluídas no orzamento corporativo para o exercicio 2025, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade Municipal indicativas da referencia dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira municipal como responsable da Contabilidade Municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **80.956,64 € (contía imputable ao orzamento 2025*)*** nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionada, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos creditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

11

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos no beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal Ref 2025/2000, do 15.12.2025, relativo ao expediente administrativo de recoñecemento extraxudicial de crédito 13-2025_Reparo 89-2025_Reparo 94-2025_Reparo 98-2025, coas consideracións nel contidas, e os decretos de levantamento de reparo núm. 11087/2025, do 26.11.2025, 11508/2025, do 09.12.2025, e 11671/2025, do 12.12.2025, esta Alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do acordo correspondente á seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, proponse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas

relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **80.956,64 *€:***

- Facturas Reparo 89-2025:

CÓDIGO	PROVEDOR/A NIF/CIF	NUM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NUM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO REPARO
101752	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE2313701816 0878	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202500059001	64,66	9/8/2023	ILUMI NACIU	C
101790	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE2313701974 9965	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202500059001	131,28	27/8/2023	ILUMI NACIU	C
101792	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE2313701914 7673	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202500059001	27,39	17/8/2023	ILUMI NACIU	C
101793	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE2313701954 6816	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202500059001	12,3	23/8/2023	ILUMI NACIU	C
101797	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE2313701927 1005	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202500059001	28,26	20/8/2023	ILUMI NACIU	C
101801	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE2313701901 9741	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202500059001	40,75	16/8/2023	ILUMI NACIU	C
101808	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE2313701966 1530	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202500059001	48,51	24/8/2023	ILUMI NACIU	C
101811	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE2313701953 6259	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202500059001	60,62	23/8/2023	ILUMI NACIU	C
101812	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE2313701947 1857	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202500059001	15,36	22/8/2023	ILUMI NACIU	C
112135	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE2513700001 4319	Termo fixo-Consumo ga	16510.22100	202500059001	0,64	2/1/2025	ILUMI NACIU	C
						429,77			

- Facturas Reparo 94-2025:

CÓDIGO	PROVEDOR/A CIF	NUM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NUM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO REPARO

111731	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE24137025 283746	Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1 (punta)-Importe por peaxes d e transporte e distribución e	16510.22100	202500059001	49,31	5/11/2024	ILUMINAC IU	C
111734	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE24137025 283744	Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1 (punta)-Importe por peaxes d e transporte e distribución e	16510.22100	202500059001	541,75	5/11/2024	ILUMINAC IU	C
112139	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE24137027 871891	Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1 (punta)-Importe por peaxes d e transporte e distribución e	16510.22100	202500059001	767,60	8/12/2024	ILUMINAC IU	C
112140	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE24137027 871906	Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1 (punta)-Importe por peaxes d e transporte e distribución e	16510.22100	202500059001	70,18	8/12/2024	ILUMINAC IU	C
112296	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE25137000 524514	Termo fixo-Consumo gas-Cesión contador-Aluguer unidade remot a	16510.22100	202500059001	725,36	12/1/2025	ILUMINAC IU	C
112621	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE25137000 182035	Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1 (punta)-Importe por peaxes d e transporte e distribución e	16510.22100	202500059001	1.101,22	7/1/2025	ILUMINAC IU	C
112623	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE25137000 182046	Importe por peaxes de transpor te e distribución e cargos - P 1 (punta)-Importe por peaxes d e transporte e distribución e	16510.22100	202500059001	98,97	7/1/2025	ILUMINAC IU	C
						3.354,39			

- Facturas Reparo 98-2025:

CÓDIGO	PROVEDOR/A	NIF/CIF	NÚM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NÚM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO
101709	GAS NATURAL SUR SDG SA	A65067332	FE23137017931058	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202500059001	6,59	6/8/2023	ILUMGASN	C
101719	GAS NATURAL SUR SDG SA	A65067332	FE23137018161651	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202500059001	9,08	9/8/2023	ILUMGASN	C
101722	GAS NATURAL SUR SDG SA	A65067332	FE23137019986862	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202500059001	23,73	29/8/2023	ILUMGASN	C
101723	GAS NATURAL SUR SDG SA	A65067332	FE23137019027496	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202500059001	31,88	16/8/2023	ILUMGASN	C

101734	GAS NATURAL SUR SDG SA	A65067332	FE23137018149493	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202500059001	7,52	9/8/2023	ILUMGASN	C
101739	GAS NATURAL SUR SDG SA	A65067332	FE23137019750777	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202500059001	16,03	27/8/2023	ILUMGASN	C
101743	GAS NATURAL SUR SDG SA	A65067332	FE23137019749624	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202500059001	51,54	27/8/2023	ILUMGASN	C
101744	GAS NATURAL SUR SDG SA	A65067332	FE23137019140831	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202500059001	25,45	17/8/2023	ILUMGASN	C
101749	GAS NATURAL SUR SDG SA	A65067332	FE23137019749541	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202500059001	56,08	27/8/2023	ILUMGASN	C
101767	GAS NATURAL SUR SDG SA	A65067332	FE23137019749936	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202500059001	52,11	27/8/2023	ILUMGASN	C
101768	GAS NATURAL SUR SDG SA	A65067332	FE23137019750536	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202500059001	116,34	27/8/2023	ILUMGASN	C
101770	GAS NATURAL SUR SDG SA	A65067332	FE23137018164568	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202500059001	65,92	9/8/2023	ILUMGASN	C
101774	GAS NATURAL SUR SDG SA	A65067332	FE23137019549227	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202500059001	58,58	23/8/2023	ILUMGASN	C
101775	GAS NATURAL SUR SDG SA	A65067332	FE23137019750086	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202500059001	20,50	27/8/2023	ILUMGASN	C
101777	GAS NATURAL SUR SDG SA	A65067332	FE23137019244397	Importe por peajes de transpor te y distribución y cargos - P 1 (punta)-Importe por peajes d e transporte y distribución y	16510.22100	202500059001	31,16	20/8/2023	ILUMGASN	C

Naquela xuntanza, Concello e Xunta selaron o pacto para a creación dun Museo da Romanización no antigo cuartel de San Fernando. O presidente Rueda anunciou a vontade da Xunta de cofinanciar o proxecto museístico, unha obra moi beneficiosa para poñer en valor a historia da cidade. Ambas as administracións quedaban á espera da contribución estatal, prevista con fondos *Next Generation*, para concretar a participación económica da Xunta.

Dende aquela data, a Xunta vén incorporando nos seus orzamentos unha partida destinada ao Museo da Romanización, consolidando así o compromiso adquirido. Non obstante, non acontece o mesmo noutras administracións, que non teñen reservado crédito ningún para esta finalidade. A maiores, non se lograron fondos europeos, polo que o impulso institucional segue a ser imprescindible para desbloquear un proxecto estratéxico para Lugo.

Non obstante, recentes declaracións do actual alcalde, Miguel Fernández, amosan unha aparente intención de modificar as regras do acordo inicial e reconducir o proxecto prescindindo doutras administracións distintas do Concello e da Xunta, o que contrasta coa iniciativa presentada no Parlamento de Galicia polo grupo parlamentario socialista, que si defende manter o acordo citado. Isto xera incerteza institucional e preocupación social, ao tratarse dun proxecto que, pola súa dimensión e interese público, debe asentarse no consenso, na cooperación e na corresponsabilidade das catro administracións implicadas: Concello, Xunta, Deputación e Goberno de España.

Por todo o anterior, considérase necesario que o Pleno do Concello de Lugo reitere o compromiso adquirido no acordo inicial e estableza un marco claro de cooperación interinstitucional que permita avanzar na recuperación do edificio e na creación do Museo da Romanización, garantindo un financiamento sólido, plurianual e compartido.

Por iso, ao abeiro do regulamento vixente, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, para o seu debate e, se é o caso, aprobación, os seguintes ACORDOS:

1. O Concello de Lugo asume expresamente o compromiso de cumprir o acordo alcanzado entre a alcaldesa Lara Méndez e o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, asumindo o Concello a responsabilidade de xestionar, perante o Goberno central, a consecución de fondos europeos necesaria, e comprometéndose a Xunta de Galicia a completar o financiamento do proxecto nos termos pactados.

2. O Pleno acorda solicitarlles á Xunta de Galicia e ao goberno de Lugo que inclúan nos seus orzamentos unha partida destinada ao inicio das obras de recuperación do edificio do antigo cuartel de San Fernando, así como que establezan conxuntamente un plan ou ruta financeira plurianual que garanta a viabilidade do proxecto ata a súa finalización.

3. O Pleno insta a que, no marco desta acción coordinada entre administracións,se estuden fórmulas de xestión compartida do futuro Museo da Romanización, aproveitando de forma especial a experiencia, capacidade técnica e solvencia da rede museística da Deputación Provincial, co obxectivo de garantir un funcionamento eficiente, profesional e de calidade que fortaleza a proxección cultural da cidade."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25
- **Votos a favor**: 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, pois ten a palabra a voceira, señora Candia. Cando queira.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Moi bo día a todos e todas, aos que estamos aquí e aos que nos seguen e tamén aos que nos acompañan. Novamente a esta Corporación e por iniciativa, esta vez, do Grupo Municipal do Partido Popular, se trae unha iniciativa para poñer en valor o Cuartel de San Fernando e, por conseguinte, acadar un museo da romanización. Rexeitamos esta iniciativa o pasado 12 de decembro, especialmente despois de escoitar as declaracións do señor alcalde, onde parecía indicar, que o acuerdo ao que se chegará a finais do ano 2022, e que se reeditou no ano 2023, especialmente no ano 2023 no que, ademais, o señor alcalde estaba presente, parecía que volvían a dar un paso atrás, e onde dixen, digo digo Diego, e empezaban outra vez outra batalla sen ningún tipo de interese en rehabilitar o inmoble, e, dende logo, con moitísimo empeño en que unha vez máis este proxecto, máis que conquerir nada en positivo, servise para seguir nesa loita fraticida que se empeña, dende o meu punto de vista absolutamente de xeito equivocado, de confrontación absoluta coa Xunta de Galicia. Para dar continuidade a esta iniciativa, aproveito para recordar unha nota de prensa que enviaba a plataforma Muro, unha plataforma que se creou para conquerir tamén este resultado, e que están representados por sectores absolutamente vinculados e comprometidos coa nosa cidade. Facían a nota de prensa despois dunha reunión na que se informaba por parte do delegado da

Xunta, á que eu tamén asistín, que os orzamentos do ano 2025 consignaban por primeira vez, e sendo ademais a primeira administración que o facía con nomes e apelidos, unha partida económica para cumprir ese acordo inicial do 2022 e ratificado no 2023, facían unha valoración francamente positiva, querían dar a coñecer de maneira pública, teño aquí a nota, que parecía que máis alá deses debates estériles, dunha culpa absolutamente compartida, porque, o Concello de Lugo está de maneira recorrente recordando compromisos do ano 2011, pero ignora os do ano 2019 e, evidentemente, o bo dos grandes proxectos é mirar atrás só para coller impulso e non para estar enredando sen avanzar a ningún lado. E, evidentemente, planteaban cun apoio unánime a ese traballo, así mo facían chegar de maneira directa, pero é que ademais quixeron facelo publicamente nos medios de comunicación e pedindo que o resto de administracións demostrara un compromiso cunha consignación orzamentaria. Non falaban de cantidades, todo hai que dicilo, neste contexto, non tiñamos nin a valoración do que no ano 2024 vostedes demandaban, que era una actuación previa para actuar no envolvente e poñer o edificio nunhas condicións óptimas para poder concorrer aos fondos europeos, que, como saben, vostedes, co seu traballo, non foron quen de ter unha resolución favorable.
Parece que esas reunións do ano 2025 non tiveron ningún éxito, nin a Deputación Provincial, nin a Subdelegación do Goberno, nin tampouco o Concello non digo que fosen quen de comprometer os fondos necesarios, senón que nin sequera comprometeron ningún euro, e pasáronse todo o ano, estas administracións, criticando por insuficiente a consignación da Xunta de Galicia. Fíxense vostedes que non hai que fora moito ou pouco, sobrou todo porque non foron quen de aproveitar nin eses 500.000 euros, tendo en conta que, como vostedes saben, son os propietarios do inmoble, e que ademais na ordenanza que vostedes acaban de aprobar recentemente recordan dunha maneira moi clara cales son os compromisos dos propietarios do inmoble, máis alá de que hai outras administracións que deben, evidentemente implicarse e compartir esa responsabilidad, por tratarse dun BIC e por tratarse tamén dun compromiso adquirido, como decía, dunha maneira unánime, no ano 2023. Despois dos actos da Muralla, o señor alcalde deuse conta que era un investimento moi importante e parecía que quería romper ese achado para poder ir de maneira directa contra a Xunta de Galicia e demandarlle que financiara o 100% do proxecto. Tivemos tamén a posibilidade de debater sobre este tema no Parlamento de Galicia e, unha vez máis, como pasou na comisaría, como pasou en moitos asuntos, o rexistro desta iniciativa, aínda que dunha maneira moi pouco transparente e moi pouco consensuada, como nos ten acostumados a traballar, paréceme que aquilo que a miña compañeira Christina e máis eu traballamos coa señora Lara Méndez, acaban de facelo e pedir a solicitude ao 2/% cultural. En todo caso, está absolutamente viva esta iniciativa, por iso non a retiramos e queremos debatela hoxe.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Rematou o seu tempo señora Candia, moitas grazas. Quenda de réplica para a voceira municipal... Cando queira.

DONA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ: Bo día a todos e a todas. Unha vez máis vemos como o Partido Popular trae propostas para poñer deberes, nunca atender as súas obrigacións, e enténdoo perfectamente. Cando vimos o día 28 de novembro do ano 2025, na gala da celebración dos 25 anos da Muralla; cando viamos de forma sistemática cada unha das persoas que alí lle subían, que traballaron arreo para conseguir ese recoñecemento, viamos como unha e outra vez reclamaban ese Museo da Romanización e viamos como outra vez, a portavoz do grupo municipal do Partido Popular se sentía bastante incómoda e viamos como se remexía na cadeira e non sabía nin como colocarse, porque así é. O compromiso da Xunta de Galicia polo tema do Museo da Romanización non vén de agora, vén do ano 2008 e sucesivos. Temos que ter en conta que a conservación das máis de 15.000 pezas que nestes intres ten en custodia o Concello de Lugo, que son propiedade, como non pode ser doutra maneira, da Xunta de Galicia, unha responsabilidade que novamente a Xunta traslada ao Concello, todas aquelas competencias que estima, e cando falamos de gobernar falamos diso, de que as competencias que un ten, que debe de adxudicala, e vemos, ben, como pasa co tema do canon da auga, vemos como pasa cos comedores escolares e vemos como pasa no SAF, pois esta competencia que ten en exclusiva en materia de patrimonio cultural e arqueolóxico, a Xunta de Galicia non a exerce, mellor trasladarllo a outras administracións.
Xa vimos como no ano 2008, nese protocolo que firma a Xunta e o Concello, onde xa se estima que para a creación deste Museo da Romanización o investimento previsto ten que ser en torno a 10 millóns de euros, pois vemos como van pasando anos e anos, estamos no ano 2025, e a única achega que fai a Xunta de Galicia durante este período foron 90.000 euros, e logo diso, si, vemos como, orzamento tras orzamento, crea esa expectativa, agora cos 500.000 euros que meteron no orzamento do ano 2025, que aí están, pero como pasa noutros casos, como pasou no seu día no Pazo de Dona Urraca, que meten e mente e o único que crean son expectativas que despois en ningún momento se ve que se materialicen. Vemos claramente que a Xunta de Galicia ao Concello de Lugo teno totalmente discriminado no tema dos investimentos, recordando novamente o tema do Pazo de Dona Urraca, vemos que unha vez que no ano 2009 entra o Partido Popular, chega ao punto e á ousadía de unha vez que está adxudicada esa obra de reconstrución e rehabilitación dese pazo, foron quen de agarrar e de pagar para que esa rehabilitación non se levará a cabo. É dicir, que esos 5000 euros que a veces pagamos de xuros, imaxínese cantos cartos se perderan e que a día de hoxe poderiamos desfrutar dese pazo rehabilitado e a día de hoxe vemos o estado lamentable no que está o mesmo. Así é como traballa a Xunta de Galicia por Lugo.
E seguimos falando de compromisos e demais, como traballan co tema da improvisación e coas cousas que se lles van ocorrendo, vemos como no ano 2019 pois non se lles ocorre outra cousa que decidir que en vez de dedicalo ao Museo da Romanización, era mellor crear un parador nacional e, como sempre, como sempre, ten que ser a contestación social a que poña as cousas no seu no seu sitio. Vemos como a contestación social vai unha e outra vez corrixindo estes cambios de rumbo

sen sentido e sen análise previa das decisións da Xunta de Galicia, que non veñen a ser outra cousa que escusas para seguir sen, dotar ni facer investimentos en Lugo. Vémolo co tema do Plan Paradai, inicialmente que non era un proxecto importante, vimos como a contestación social paralizou a creación desas vivendas nunha zona xa totalmente tensionada, vemos como a contestación social paralizou a destrucción total do paseo do Rato, vemos como a contestación social parou esa planta de biometano en Coeses e vemos como a contestación social paralizou tamén no seu día o que foi este invento ou, non sei, esta idea peregrina de crear un parador nacional. Así que non queda outra maneira que a contestación social, e neses momentos, como foi o pasado 28 de novembro, unha vez máis o clamor popular pídelle á Xunta de Galicia que firme e que cumpra cos seus compromisos á hora dos investimentos de Lugo.
Déixense de promesas incumpridas, de meter nos orzamentos de forma *que si, pero no,* con eses 500.000 euros, soamente que dedicará 1% de todo o que levan vostedes gastado no Gaiás, a día de hoxe xa poderiamos desfrutar dun Museo da Romanización como este Concello e esta cidade se merece, pero a Xunta de Galicia, unha vez máis...

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Rematou o seu tempo. Quenda agora para o concelleiro Jorge Bustos. Cando queira.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas alcalde. Ben, falando das competencias que nos traslada a Xunta directamente a estas administracións locais, xa se contestou vostede mesmo cando dixo que era un ben de interese cultural, porque as competencias exclusivas pola Lei de patrimonio cultural, pois a conservación, protección e fomento do patrimonio cultural de Galicia, e o cuartel de San Fernando xa está declarar BIC dende o ano 2009, pois entón evidentemente é unha das súas competencias. Ademais, como vostede saberá, se estivo na reunión co delegado da Xunta, que non sabía que na reunión do Muro estaba o delegado da Xunta e a vicepresidenta o Parlamento, pensei que a delegada da Xunta, se chamaba dunha maneira e non doutra, pero, falando disto, como ben respondeu a compañeira Cristina, no 2019 o proxecto estrela que había para o Cuartel de San Fernando era un parador de catro estrelas, onde a sociedade lucense, acompañada deste Goberno, o que se dixo é que, despois de ter un gran volume de restos arqueolóxicos, entorno a 15.000 distribuídos por toda a cidade, incluso os propios arqueólogos teñen restos arqueolóxicos nas súas propias dependencias, buscando un sitio acorde para que poidamos almacenar a historia da nosa cidade. E máis solicitando un espazo ás nosas as asociacións de recreación histórica para poder seguir traballando nesta recreación romano castrexa que tantas alegrías nos dá á cidade de Lugo, creo que ao final puidestes rectificar e decidir que tiñamos que facer un museo da romanización. Ben, ese é o primeiro principio de acordo, pero despois falamos de promesas incumpridas, cando foi no ano 2011, cando a Xunta anunciaba un investimento 10 millóns de euros que foi parado no ano 2013, e foi a petición do Partido Socialista, neste caso do Goberno Lara Méndez, cando se pediu reactivar este proxecto e cando se empezou a dilucidar que o futuro do Cuartel de

San Fernando tiña que ser un museo da romanización. Entón non nos veña contando que son propostas do Partido Popular, cando xa no 2013 a Xunta paraliza o proxecto para o que xa había un investimento de 10 millóns de euros, para que se apunte o tanto, porque os datos están aí, é bastante feo apúntarse goles que non lle corresponde.

E despois tamén estaba vostede a falar de que era para poder acometer ou poder presentarse ás axudas do 2% cultural, temos que ter a envolvente do Cuartel de San Fernando perfectamente mantida, e teño que recordarlle que -agora mesmo teño aquí un informe das últimas actuacións que se fixeron no Cuartel de San Fernando, onde xa non só coa adquisición do Cuartel de San Fernando, propiedade municipal, onde este Goberno local investiu 2,5 millóns de euros, pois tamén temos unha serie de actuacións como son un informe sobre obras de mantemento, tamén un proxecto, demolición; temos proxecto básico e execución das obras mínimas de mantemento e demolición, todas executadas; e a dirección facultativa das obras mínimas, pintado de fachadas exteriores, en resumo, este Goberno sempre tivo na súa mesa ou unha das súas prioridades era a de poder converter o Cuartel de San Fernando no Museo da Romanización. Entón non nos veña dicindo de que son promesas incumpridas cando vostedes sempre teñen de á galería un orzamento de 500.000 euros que despois resulta que, a media lexislatura, 250.000 euros pasan para outro tipo de partidas presupostarias e non repercuten na cidade. É máis, se tiveran vontade e quixeran instar á Xunta a que por fin fixera realidade este museo, se hai 500.000 euros presupostados cada ano, e tendo xa o proxecto básico que, por certo, é un proxecto que pagou a Xunta, por se non o sabía, xa lle dou o dato que parece que non o sabía. Entón se temos o proxecto, por qué non imos metendo partidas e imos facéndoo por fases; 500.000 euros desde que estou aquí, que son tres anos, son un millón e medio, xa é menos para os 10 millóns que custa facer a restauración. Pero, lonxe diso, imos seguir falando, entendendo que agora mesmo o investimento que temos é no Goberno local de 2,7 millóns de euros, en contrapartida dos 90.000 que puxo a Xunta entre o 2013 e o 2019 e 200.000 do proxecto básico. E direilles por que fai aquí o Concello estes números? Porque vemos que noutras cidades a Xunta, no seu departamento de Cultura, pois si que está investindo. Por exemplo en Vigo 20 millóns de euros; 17; millóns de euros en Pontevedra; un millón e medio para actuacións arqueolóxicas en Coruña e a Estrada, e que por certo nos viría moi ben para o barrio do Carme; 22 millóns de euros para conservar edificios de bens intereses culturais por Galicia, 22 millóns de euros, o cuarte de San Fernando é un BIC, tedes, unha partida presupostaria de 22 millóns de euros, eu creo que algún millón podería vir para aquí, para a cidade de Lugo, digo eu; despois, 250.000 euros en Ferrol, non sei, poderiamos seguir así por toda a páxina de Cultura da Xunta, onde están reflectidas todas estas intervencións, pero, ben, dende o Concello volveremos a recorrer ao programa do 2% cultural do Goberno de España, e seguirei na seguinte quenda, que o tempo xa rematou.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas. Pois segunda quenda para a voceira do Partido Popular. Cando queira.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Non me quedaba ningunha dúbida, pero, despois de escoitalos, o obxectivo claro deste Goberno non é a que ese inmoble albergue un Museo da Romanización. O obxectivo deste Goberno é ter un elemento máis de andar xerando confrontación e, por suposto, facerse a vítima. Mire, eu non vou entrar a documentar o investimento que ten a Xunta nesta cidade, en primeiro lugar porque os lucenses sábeno, os lucenses sábeno, de feito é a cidade con maior porcentaxe de apoio ao Goberno actual da Xunta de Galicia. Entón, iso, ter que recordarllo aquí a vostedes, é un traballo absolutamente inútil, porque para poder, recibir a información que lle dou ten que ter interese e, evidentemente, non o teñen e os lucenses xa o saben. Por iso, como sabe vostede, dende o ano 2009, é o Goberno que ten o apoio maioritario nesta cidade, ese é un dato irrefutable. A partir de aí, si que me gustaría comentarlle á voceira do Bloque Nacionalista Galego que pode definirse como incomodidade. A incomodidade, por exemplo, ter que pechar a Oficina de Turismo por condicións de insalubridade e tamén o Centro de Interpretación da Muralla, inmersos precisamente na relación de actos para recordar o 25 aniversario. Iso, ademais de demostrar unha deficiente capacidade de xestión e mantemento dos museos, da súa exclusiva responsabilidade e competencia, vos deixa indubidablemente nunha situación incómoda Para poñerlle un exemplo do que debe entenderse por incomodidade.
Si, efectivamente, a Xunta de Galicia fixo unha proposta para esta cidade dun parador. Eu teño que dicir que, a día de hoxe, cada vez que sae este tema aínda me atopo lucenses que defendían esa iniciativa, pero vostedes están gobernando e elixiron outra; lexítimo e aceptable totalmente, e aí intentamos axudar e ser parte da solución. O que pasa é que a improvisación é o que fan vostedes, parece como que foron os actos da Muralla e déronse conta que era unha prioridade un museo da romanización; déronse conta aí, e cítame datas de 2008, de 2011, por suposto non citan esta reunión (ensina unha foto) onde se chega a un acordo, porque aquí estamos a falar, di vostede 10 millóns de euros para a rehabilitación do inmoble, pero non chegan 10 millóns de euros para poñer no Cuartel de San Fernando o Museo da Romanización, probablemente non chegue nin o dobre. Entón imos a ser realistas e imos conquerir isto que dicía, non o di o PP, dicía a Plataforma Muro, que ten o apoio, creo, de todas as forzas que están representadas nesta Corporación, que se recuperara a unanimidade sobre a necesidade de dedicar San Fernando a Museo da Romanización e que se conquerira, ademais, sumando esforzos entre todas as administracións. Facelo así, iremos na senda de acadar ese resultado, non facéndoo, seguirán no debate absurdo no que levan máis de vinte anos.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Acabou o seu tempo. Ten a a palabra a señora Cristina López. Cando queira.

DONA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ: Falar de mantemento de edificios, cando resulta que lles caen os tellados dos colexios e aínda o temos aí sen arranxar, porque resulta que hai máis de 60 anos que non acometen ningún tipo de obra de mantemento, home¡, non están vostedes para agarrar e recriminarlle absolutamente

a ninguén. Logo despois non falemos, é dicir, ter as luces da Muralla apagadas en pleno aniversario dos 25 anos, home¡ que quere que lle diga. Falando do tema de mantemento, vostedes non teñen moito para sacar a cara, e logo despois non falemos de xestión económica, con 12.000 millóns de débeda na Xunta de Galicia, non é para sacar moito peito. Pero, ben, vostedes traballan xuntos e tanto a Xunta de Galicia como o Partido Popular de Lugo traballan para seguir marxinando a Lugo en todos os temas de investimento, xuntos traballa a Xunta de Galicia e o Partido Popular de Lugo para meter nos caixóns proxectos claves, como o do que estamos falando agora, que serían claves para o noso concello. Escusas e escusas, o único que fan é escusas, tras escusas, tras escusas para non acometer as obrigacións que teñen e os compromisos que adquiren. E xuntos, tanto a Xunta de Galicia como o Partido Popular de Lugo, traballan para provocar a crispación social. Xa o dixen na anterior intervención, todas as ideas que se lles ocorren para que sexa a contestación social a que pare todos esas, non sei, irreflexións, porque a verdade o s gran descoñecemento da cidade de Lugo é totalmente..., é o que pasa con iso. Así, hai pouco, a portavoz do Grupo Popular non tivo ningún problema en decir no Parlamento galego que o museo a Domus do Mitreo estaba pechado, se nin sequera sabe sabe iso; o do reitorado, si, o museo da Domus do Mitreo está aberto.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. segunda quenda para o señor Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO. Moitas grazas. Deixoume un pouquiño despistado porque na primeira intervención vostede estaba a dicir que foi grazas a unha iniciativa popular que o cuartel de San Fernando vai ser un Museo da Romanización, e na segunda quenda dixo de que non vía con malos ollos que fora un parador e logo resulta que foi pola presión social que queremos que sexa un Museo da romanización. Non me quedou nada claro esa intervención, de verdade: Primeiro si e logo non.
Imos falar da proposición, porque, como vostede ben di, no ano 2020 xa o Goberno local solicitou un investimento por parte do ministerio de Transportes, axudas do 1,5% cultural, o que imos volver a facer, imos a solicitar ese 2% cultural. Despois, falando da súa proposición, no primeiro punto, como xa viu na nota de prensa, evidentemente, pois o compromiso de cumprir o acordo alcanzado ..., xa o estamos a facer, porque estamos solicitando, avalado los informes técnicos, esa axuda do 2% cultural; despois o Pleno insta á Xunta de Galicia e o Goberno lugués..., una partida destinada ao inicio da súa recuperación do edificio do cuartel de San Fernando, xa o estamos pedindo na semana pasada e durante todos estes anos, que vostede ben dixo que tirei de hemeroteca, pero están aí as nosas peticións. E despois, claro, o Pleno..., accións coordinadas entre administracións, ... xestión compartida no futuro Museo da Romanización, aproveitando de forma especial a experiencia, capacidade técnica e solvencia da rede museística da Deputación Provincial. O punto tres é de traca, é brutal. Ou sexa, un traspaso de competencias en toda regla. A lei 7/2021, de museos e outros centros museísticos de Galicia, deberían de estudala porque estades traspasando as competencias totalmente para

un *eu invito e ti pagas*. Non, imos centrarnos, primeiro imos conseguir os cartos para poder facer a rehabilitación e logo xa discutiremos quen ten que explotar o Museo da Romanización.
E ben, por iso, o que solicito agora mesmo é unha emenda de substitución: substituír todos os puntos da vosa proposición por: Un punto un, que é : A recuperación do Cuartel de San Fernando e a posta en marcha o Museo da Romanización é competencia autonómica. O Concello de Lugo asume o compromiso de solicitar perante o Goberno central a subvención correspondente ao 2% cultural na actual convocatoria, instando á Xunta de Galicia que, de ser acadada, complete o financiamento necesario para o remate da actuación. E no punto dous, de non acadar esta subvención, desde este pleno municipal instamos á Xunta de Galicia a que asuma, xunto co Concello, á totalidade do financiamento da devandita obra, achegando neste caso cada Administración a parte que lle corresponde e a que representa os seus orzamentos xerais.
É dicir, o que estamos pedindo aquí é que se poida materializar a conversión do Cuartel de San Fernando no Museo da Romanización.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Última quenda para a voceira do Partido Popular. Cando queira.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Mire, señor Bustos, probablemente despistado xa viña, non é para menos que, co volume de áreas que lle asumiron agora, entendo que lle custe ter todo actualizado, pero no que ao debate se refire, para poder entender, primeiro hai que atender. E o que é peor, que agora teñen un pouco de praxis como todo o mundo sabe, e precisamente dicíallo a responsable do Campus de Lugo cando tomou unha decisión e consentiu, ou era parte do equipo, moi negativa para a cidade, que demostraba moi pouco o compromiso precisamente coa responsabilidade, que sabe perfectamente o que dixen e non o vou repetir, pero o que vostedes buscan con todo isto, que xa nin sequera nos dan a emenda en papel para lela, a pesar de ter rexistrado esta iniciativa desde o día 12, o que confirma é o de sempre, primeiro, chamalle que a Deputación Provincial ten os museos ilegais en toda a rede, que é referente, que premiada de maneira..., grazas aos técnicos e a todos os políticos que aí indubidablemente gobernaron todas as forzas políticas a área de Cultura, chamalle a iso... e en segundo lugar, demostra que non leu a nosa iniciativa nin quere rehabilitar o Cuartel de San Fernando, o que quere é estar constantemente no debate... Moitas grazas, Sr. Alcalde.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Señora Candia, rematou o seu tempo .
Eu, a verdade, é que non tiña pensado dicir nada porque o deixaron moi claro... En todo caso, entenderan que estou no meu dereito. Deixarono moi claro, tanto señora Cristina como o señor Bustos, pero, claro, eu escoitei algunhas afirmacións por parte da voceira que, home¡ deixanme un pouco preocupado. Dixo vostede que non chegaban 15 millóns de euros ou 10, non sei cantos, para a rehabilitación. Nós

calculámola en 15, fixemos un estudo actualizado do proxecto, falamos de 15, pero, en todo caso, o que non lle chegan son os raquíticos 500.000 euros que ano tras ano adica a Xunta de Galicia, tendo competencias, e non utilizando ano tras ano e volvendo a orzamentalas, isto non lle chega. E despois dicir a estas alturas que medio empezamos una batalla agora de novo para reivindicar o Museo da Romanización, cando dende este Concello levamos anos reivindicándoo e exixíndoo, dedicando financiamento, comprando o edificio, colaborando en realizalo, home¡, non me parece nada rigoroso, e xa o que non o parece tampouco nada rigoroso é o que falou, que se repetiu dúas outras veces, da gala dos 25 anos do aniversario da Muralla, e como se se aí, de repente, descubríramos a pólvora de que había que facer o Museo da Romanización. Vostede aínda hoxe, falou da posibilidade ou da súa preferencia por facer un parador ou un instituto, aínda o dixo hoxe. A ver se o temos claro, a ver se o temos claro. Precisamente a raíz desa gala, seguramente viron tal clamor popular por esta reivindicación, xusta para Lugo, que é un agravio para a cidade de Lugo, xa deu os datos o señor concelleiro, home¡ temos que presentar unha moción, que quedamos fóra desta pelexa, imos presentar unha moción de présa e correndo, como lles digo, moi pouco rigorosa porque, tamén o dixo o concelleiro, no primeiro punto, exíxennos que solicitemos o 2% cultural, cando non só o fixemos os anos anteriores, co traballo dos nosos técnicos, senón que xa o anunciamos publicamente de que se ía a facer, xa teñen coñecemento a día de hoxe de que iso se vai facer e, por tanto, este punto xa sobraba. Segundo, solicitar á Xunta de Galicia que inclúa nos orzamentos unha partida, home¡ ata onde eu sei, os orzamentos da Xunta de Galicia están presentados e aprobados a día de hoxe. Polo tanto, ou queremos desinformar, ou non sabemos por onde van os tiros; e o terceiro, iso iso gustoume máis, queremos unha xestión compartida, dunha cousa que leva vinte e non sei cantos anos sen avanzar, que é competencia da Xunta, que vostedes non poñen un peso, que só poñen pedras e poñen dificultades, e xa queren falar de xestión compartida. Paréceme moi ben, pero non poñamos o carro diante dos bois, e imos realmente exixirlle á Xunta de Galicia a súa parte, e o Concello de Lugo xa o dixo, sen ser a súa competencia directa, queremos ser parte da solución, queremos ser parte da solución e non queremos confrontar e por iso imos solicitar o 2% cultural e por iso lle dixemos ao presidente Rueda en todas as reunións que tivemos, que imos colaborar para que isto sexa unha realidade, porque é un clamor, unha necesidade, é un agravio para con Lugo, un agravio para con Lugo. Imos votar... Queda claro que votamos sen aceptar a emenda, nos termos iniciais da proposición do Grupo Municipal do Partido Popular.

10/195 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 386/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A REPROBACIÓN E REPULSA DOS ACTOS DE ACOSO SEXUAL E O SEU ENCUBRIMENTO (Exp. 2025/G004/000771).-** Vista a citada proposición cuxo texto é do seguinte teor:

"O pasado 9 de decembro, o programa 'Código 10', da canle de televisión Cuatro, deu a coñecer varias denuncias por presunto acoso sexual dirixidas contra o secretario xeral do PSOE lucense, presidente dimisionario da Deputación de Lugo e alcalde de Monforte, D. José Tomé Roca.

Esta situación, de extrema gravidade e sen precedentes, veu acompañada dunha serie de circunstancias e feitos concomitantes que requiren de explicacións inmediatas, claras e transparentes, así como da depuración das responsabilidades políticas e penais, se é o caso, oportunas. Explicacións tanto da persoa denunciada, en relación cos feitos obxecto de acusación, especialmente dada a súa condición de máximo cargo institucional, como do propio partido no que militaba cando aconteceron eses feitos, xa que logo diversas informacións apuntan tamén a unha posible falta de dilixencia e contundencia ante as denuncias efectuadas nas canles internas do PSdeG-PSOE e incluso a presións ás mulleres denunciantes.

Calquera outra actitude corre o risco de contribuír negativamente á loita contra a violencia de xénero xa que implica rebaixar a gravidade de presuntas agresións sexuais e supón unha intolerable falta de respecto a todas as mulleres e, particularmente, ás presuntas vítimas que teñen denunciado estes feitos de extrema gravidade.

Ao mesmo tempo, asumir responsabilidades políticas implica apartar de xeito inmediato de calquera responsabilidade institucional á persoa ou persoas sobre as que se dirixen estas acusacións, incompatibles con continuar exercendo responsabilidades como as de presidente en funcións da Deputación de Lugo, alcalde de Monforte ou deputado provincial.

Así mesmo, resulta relevante sinalar que o alcalde de Lugo, D. Miguel Fernández, ten tamén a condición de deputado provincial e que participou na Xunta de Goberno que celebrou a entidade o pasado venres 12 de decembro, presidida por D. José Tomé, no medio dunha crise política e institucional derivada destes feitos. Esta circunstancia fai especialmente necesario que as institucións, e en particular o Concello de Lugo, expresen unha posición clara, inequívoca e pública fronte ao acoso sexual e fronte a calquera intento de minimizar, relativizar ou encubrir este tipo de comportamentos absténdose de participar ou formar parte de órganos de goberno, actos institucionais ou acordos políticos nos que interveñan persoas apartadas das súas funcións por presuntos feitos constitutivos de acoso sexual ou pola súa ocultación, ata a súa total clarificación.

Neste contexto, a través dos medios de comunicación fíxose público un manifesto subscrito por máis de cen mulleres do PSdeG-PSOE, entre militantes e cargos públicos, no que se reclama unha actuación firme, clara e sen ambigüidades fronte aos casos de acoso sexual e se demanda responsabilidade política ante a súa xestión. Dúas concelleiras do PSOE no Concello de Lugo asinaron o dito

manifesto, e pola contra, segundo a información publicada, o resto das concelleiras socialistas do Concello non subscribiron o texto.

Sen cuestionar a presunción de inocencia, causa un máximo estupor e preocupación a gravidade dos feitos descritos que esixen a firme condena ante este tipo de condutas inconcibibles, así como un pronunciamento institucional expreso neste mesmo sentido.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta esta proposición para que o Pleno municipal acorde:

1. Expresar a súa solidariedade e apoio ás mulleres que denunciaron situacións de presunto acoso sexual, así como reclamar que estes feitos de extrema gravidade sexan esclarecidos con total transparencia, investigados con todas as garantías e, de confirmarse, depurar as responsabilidades correspondentes.

2. Manifestar a reprobación a D. José Tomé Roca e ás condutas e actitudes de cargos públicos do PSOE que, tendo coñecemento de denuncias por presunto acoso sexual, non actuaron coa dilixencia debida ou contribuíron ao seu encubrimento, por resultar incompatibles cos principios de exemplaridade, responsabilidade e respecto aos dereitos fundamentais que deben rexer a acción política e institucional.

3. Instarlles aos cargos públicos do Concello de Lugo e do seu ámbito de actuación a non banalizar nin branquear os casos de acoso sexual nin ás persoas implicadas, evitando participar en órganos colexiados, gobernos, actos institucionais ou acordos políticos con quen estea apartado das súas funcións por presunto acoso sexual ou por ter encuberto este tipo de comportamentos, ata que se esclarezan os feitos.”

Visto, así mesmo, a emenda presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, número 399 de Rexistro de Pleno, no que se propón a substitución da parte resolutiva da proposición polo seguinte texto:

> “1. Expresar a súa solidariedade e apoio ás denunciantes do Presidente da Deputación de Lugo por presunto acoso sexual e reclamar que estes gravísimos feitos se esclarezan, investiguen e se resarzan ata as últimas consecuencias.
> 2. Manifestar a reprobación a José Tomé Roca e a dos cargos do PSOE que encubriron durante meses estas denuncias, por incorrer coa súa conducta en feitos con apariencia de ser constitutivos dun delito contra a liberdade sexual ou por tratar de ocultar uns feitos que, en todo caso, son merecedores do máximo reproche público especialmente dada a súa condición de máximo cargo dunha institución pública como a Deputación de Lugo.

3. Esixir a inmediata renuncia de José Tomé como Alcalde de Monforte e Deputado provincial xa que, desde o respecto á presunción de inocencia e o dereito de defensa, os feitos denunciados revisten unha gravidade tal que son incompatibles coa continuidade no exercicio de calquera función representativa, política e institucional."

E tendo en conta que a dita emenda é aceptada polo Grupo Municipal do Partido Popular, autor da proposición.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor**:	17	dos Grupos Municipais do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:**	8	do Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE.
- **Abstencións:**	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Expresar a súa solidariedade e apoio ás denunciantes do Presidente da Deputación de Lugo por presunto acoso sexual e reclamar que estes gravísimos feitos se esclarezan, investiguen e se resarzan ata as últimas consecuencias.

SEGUNDO.- Manifestar a reprobación a José Tomé Roca e a dos cargos do PSOE que encubriron durante meses estas denuncias, por incorrer coa súa conducta en feitos con apariencia de ser constitutivos dun delito contra a liberdade sexual ou por tratar de ocultar uns feitos que, en todo caso, son merecedores do máximo reproche público especialmente dada a súa condición de máximo cargo dunha institución pública como a Deputación de Lugo.

TERCEIRO.- Esixir a inmediata renuncia de José Tomé como Alcalde de Monforte e Deputado provincial xa que, desde o respecto á presunción de inocencia e o dereito de defensa, os feitos denunciados revisten unha gravidade tal que son incompatibles coa continuidade no exercicio de calquera función representativa, política e institucional.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ten a palabra o voceiro do Partido Popular, neste caso o señor Ameijide.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Moitas grazas señor alcalde. Oxalá, como dicía, non tiveramos que estar debatendo nin moito menos esta moción, non só pola gravidade dos feitos sobre a que versa, senón pola vergoña, pola profunda vergoña que dan este tipo de actos, tanto como políticos, que somos os que estamos hoxe aquí, senón como persoas, polo dano que están facendo a nosa provincia. Falamos probablemente do maior escándalo que se lembra nesta provincia sobre un político, concretamente o aínda presidente socialista da Deputación, acusado de varios casos de presunto acoso sexual. Lembro un tempo no que a clase política, cada vez que había coñecemento dunha conduta reprochable, se lle exixía o cargo a ese político en cuestión. Lembro un tempo, ademais, no que a esquerda política era especialmente incisiva cando se trataba de facer ese tipo de cuestionamentos. Hoxe en política nacional xa vimos que xa abandonaron esa batalla, algún incluso mesmo tentaría gobernar dende a propia cadea, e parece que ese manual de resistencia se está trasladando tamén cara á provincia de Lugo, cara á política desta provincia. O Partido Socialista era un partido que historicamente se definía como un partido feminista e un partido demócrata que defendía as mulleres, a transparencia e as institucións. Non sei onde quedou todo isto, sinceramente non sei onde quedou todo isto, porque hai unhas semanas tivemos coñecemento de que o presidente da Deputación, José Tomé Roca, foi acusado por varias mulleres por acoso sexual, isto a raíz do que vimos, evidentemente, nos medios de comunicación, acusábaselle de mensaxes improcedentes, tocamentos, insinuacións e, incluso, de ofrecer postos de traballo en administracións públicas a cambio de sexo. Unha conduta, evidentemente, dunha persoa non se lle pode achacar a un partido, pero cando este partido cambia en catro ocasións de versións, a verdade é que comeza a preocupar e moito, porque primeiro pasaron de non saber absolutamente nada desta situación; a paso seguido dicir que isto todo era mentira e que era unha acusación sen fundamento; horas despois pediron a dimisión de este suxeito, pero aínda segue nos mesmos cargos, apoiado polas mesmas persoas, exercendo as mesmas competencias e pisando a mesma moqueta; e, cuarto, recoñecían que sabían todo dende hai meses e que non fixeron absolutamente nada, pero que, ademais, o ían a seguir tendo á fronte da Deputación, de momento como presidente oficial e despois como presidente in pectore, e como alcalde de Monforte, tamén co apoio dos concelleiros do Partido Socialista. No PSOE, pasaron de dicir que non sabía nada a acusalo ou a condenalo como acosador, e iso fíxoo o secretario xeral do Partido Socialista, José Ramón Gómez Besteiro, cando dixo que o que tiña que dimitir era o acosador. Por tanto, xa ditaminou claramente a culpabilidade ou a opinión do seu primeiro partido; a señora Abelleira, incluso, nunhas declaracións dicía, que estes feitos non se deberían ter cometidos, dando por bo, evidentemente, todo o que parece ser que xa sabían os seus compañeiros de partido. E se foron graves os feitos dos que se lle acusa ao señor Tomé, tan graves e tan deleznables ou asqueroso é o encubrimento dos mesmos. Pasaron de non dicir nada a recoñecer que o se habían todo e que non fixera nada. E do señor Besteiro xa evidentemente, pouco podemos esperar ou, máis ben, non esperamos nada porque iso implicaría que tería que traballar e tomar decisións, e Deus non o trouxo precisamente por ese camiño. Pero

de dúas mulleres, de dúas mulleres socialistas, non esperabamos isto sinceramente, non esperabamos nada, non esperabamos que, despois dos discursos que temos escoitados neste salón de plenos, da señora Méndez en defensa do feminismo e das mulleres, despois de coñecer durante meses esta situación, non fixese absolutamente nada, corrixo, máis ben intentase parar esa denuncia, polo que sabemos tamén polos medios de comunicación.
Non sabemos onde aprenderon o feminismo a señora Méndez, onde aprenderon o feminismo a señora Pilar García Porto. Probablemente do feminismo de Paco Salazar, do feminismo do PSOE...; , do feminismo do alcalde de Benalcazar, de Koldo, de Ábalos ou do feminismo de José Tomé, pero esta é a realidade. Acreditaron que coñecían todo, que se reunirán coa propia nai dunha das vítimas e que durante meses non fixeron absolutamente nada. Coñecemos as mensaxes directas co secretario xeral, con Lara Méndez, con Pilar García Porto, e non fixeron nada; É máis, o único que fixeron é dar outro xiro máis e mantelo exactamente nos mesmos postos. Dicir que sabían todo, dicir que houbera esa situación, dicir, o secretario xeral, que era un acosador e, agora, mantelo nos mesmos postos, porque en Monforte segue de alcalde e os concelleiros que o apoian e co manteñen de alcalde son socialistas, e non se foron do grupo, porque no propio salón de comisións o recoñeceron, precisamente o último día que seguían formando parte do Partido Socialista, que o único que pedira a baixa no partido fora o señor Tomé. Oian, seguen mantendo un alcalde, un presunto acosador sexual, á fronte da alcaldía de Monforte, seguen sentándose en xuntas de goberno, acaban de convocar hoxe unha na Deputación. Son cómplices tanto o PSOE como BNG neste caso.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas señor Ameijide. Ten agora a palabra, en representación do Bloque Nacionalista Galego, a señora Maite Ferreiro. Cando queira.

DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN: Grazas e bo día. Dámoslle a benvida ao Partido Popular por amosar a firmeza, esa firmeza na repulsa por un presunto caso de acoso sexual por parte dun cargo institucional. Unha situación, como ben di o señor Ameijide, de extrema gravidade, e coincidimos plenamente e queremos amosar unha vez máis desde o Bloque Nacionalista Galego o noso compromiso contra a violencia machista e a nosa solidariedade coas vítimas: Elas son o máis importante.
A postura do Bloque Nacionalista Galego neste caso é coherente coa expresada diante de denuncias por violencia machista, fose quen fose a persoa denunciada, insisto, fose quen fose a persoa denunciada.
Comecei dándolle a benvida ao Partido Popular pola súa sensibilidade ante un feito que por desgraza ocorre en moitos ambientes sociais, non só na política, e que non amosou a súa sensibilidade cando un cargo do seu partido, o señor Baltar, foi denunciado e acusado de ofrecer emprego público a cambio de favores sexuais. Todas puidemos escoitar ao tal señor, grazas aos audios presentados polas vítimas. O mesmo señor Baltar que anos máis tarde foi condenado por conducir a

máis de 200 quilómetros hora nun coche oficial. O Partido Popular premiouno cun escano no Senado, que aínda segue ocupando, claro. Por certo, cando van pedir o cese dese señor? Ou non lles importa aceptar un voto no Senado dun home acusado de acoso sexual e condenado por outra infracción? Van pedir a súa, dimisión, vanlle pedir que devolva a acta de senador?
Aquí xa se empeza a ver a hipocrisía do Partido Popular ante os casos de violencia machista: A gravidade depende non só de quen a sofre, tamén de quen a acomete. E aí os vemos compartindo o escano no Senado cun señor que ofreceu traballo a cambio de favores sexuais. E esa é a postura do Partido Popular cando o maltratador é da casa, ou non é da casa. Son conscientes que este xeito de comportarse é moi grave? Porque se transmite que hai vítimas boas e vítimas malas, vítimas de primeira e vítimas de segunda.
O pachismo está moi enraizado nesta sociedade. O patriarcado non vai permitir perder espazos de poder, e ao que avanzamos en igualdade, eles considérano como perden os seus beneficios e os seus privilexios que consideran propios polo feito de nacer homes e móvense nas cadeirass cada vez que ven a unha muller nun posto de responsabilidade ou nun sitios onde consideran por nacemento que debería ser deles. E falo na política, falo nas forzas armadas, na adjudicatura, na sanidade, no ensino, etcétera, etcétera, etcétera. Se se conseguíronse avances é grazas a esas mulleres que deron a cara para denunciar esas situacións de violencia, de acoso, e grazas tamén ao movemento feminista. Non manche o movemento feminista, señor Ameijide, déixeo en paz, o movemento feminista é vital, mulleres deron a vida por defender os dereitos das mulleres, das súas mulleres, das súas irmás das súas fillas. Non ensucie o movemento feminista. Xa bastante o culpabilizaron dende o Partido Popular. É máis, foi o esforzo e o traballo desas mulleres, desas feministas, que conseguiron que as forzas políticas progresistas lexislaran para ter os mesmos dereitos e ter ferramentas legais para exixilos, porque o machismo non considera, os machistas non consideran que estean facendo algo malo. Os comportamentos machistas pasan desapercibidos, mesmo en e por persoas que cren na igualdade, todas e todos recibimos una educación machista, por iso é vital unha educación en igualdade, aprender a respectar e aprender, sobre todo, a desaprender todo o que nos aprenderon mano, e que agora sabemos que non era bo para as mulleres, que somos o 50% da poboación. Parémonos a analizar os nosos comportamentos e os do noso contorno, aprendamos a detectar eses comportamentos machistas e paralos, detectemos e comparémolos.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas señora Ferreiro. Ten agora a palabra a voceira Ángeles Novo. Cando queira.

DONA ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ: Bos días a todos. Gracias alcalde. Ben, como todos recordareis en el mes de junio intervine en este Pleno para poner de relieve la exigencia de un plus de ejemplaridad en los cargos públicos. En ese momento lo hice nominalmente Alfonso Villares y en el presidente Rueda ante una imputación por presunta agresión del primero y un ocultamiento del segundo durante nada más

y nada menos que tres meses. Y hoy debemos de seguir siendo prudentes con este tema, ya que el archivo todavía puede ser revocado por la Audiencia Provincial.
Hoy vengo aquí a hacer lo mismo. Exijo responsabilidad a toda persona de mi partido que gestionara el conocimiento de las denuncias presentadas. A Tomé ahora mismo no le puedo exigir nada porque lo que está en manos de la organización ya se ha hecho, ya se ha apartado de su condición de socialista. No es un presidente socialista en la Diputación, como ha dicho el señor Ameijide. Eso sí, yo personalmente al señor Tomé le pediría a ética pública, responsabilidad y que, por tanto, entregue el acta, acta, que, como bien saben ustedes, incluso mejor que yo, es personal e no depende de mi partido que la entregue o no.
Una vacuna para frenar el partidismo es la coherencia, exigirte a ti mismo lo que le exiges a los demás, y eso no se le da muy bien al Partido Popular, porque ustedes sólo castigan el machismo cuando ocurre en frente, pero cando ocure en sus filas lo abrazan. De hecho, me estoy acordando ahora de el alcalde de Alpedrete, del Partido Popular, que dijo que el asesinos quería mucho a su mujer, no escuché que lo reprobaron.
El texto que presenta el Partido Popular tiene algún mensaje que es estrictamente partidista y, además, para mí es un error, porque el problema es el machismo, es la violencia y discriminación que sufren las mujeres en general de algunos hombres en particular, y relacionar al Concello de Lugo con un presunto acusador porque uno de sus concejales, el alcalde, es miembro de la junta de Gobierno que preside José Tomé, y deducir de eso la ausencia de ejemplaridad, pues me parece absurdo. Y de hecho, por eso me sorprende que traigan el punto dos de esta proposición, porque es un uso creo que asqueroso, instrumentalista del feminismo, con fines partidistas para erosionar a un partido político. y, por desgracia, ninguno de los partidos de los que aquí estamos está libre de este tipo de supuestos actos deplorables.
Ustedes tienen una doble moralidad, porque cuando tienen casos similares los han ocultado, incluso los han premiado, como al señor Baltar. Le recuerdo que, como bien ha dicho la compañera, el caso se archivó no porque la jueza concluyese que no existiera ofrecimiento del político, si no porque non se pudo comprobar que hubiera una relación laboral entre la víctima y el señor Baltar. Este caso ya suficientemente grave, y creo que no debemos hacer más miseria de la que ya existe, es dramático lo que ha pasado, pero es que la gravedad reside en unos supuestos comportamientos de un señor, no que uno de nosotros vaya a una junta de gobierno a votar, y lo que se nota es que ustedes están en la oposición, tanto en el Concello como en la Diputación de Lugo, y no se si es que no se enteran o no se quieren enterar de la función que tiene una junta de gobierno. Y lo que queda patente aquí es que lo que les interesa es bloquear las acciones positivas para los vecinos.
Yo soy feminista porque, como la sociedade, creo que estamos cansados todos de puteros, de manadas de violadores, de discriminación, de despidos por quedarnos embarazadas e, incluso, de insinuaciones. Y la reprobación creo que está en la calle porque a cualquiera que se tenga por un mínimo de decente le daría asco que alguien ofrezca un trabajo a cambio de sexo, o que se suban la bragueta delante de

nosotras o que nos acosen y que nos aparten si no accedemos a tolerar ciertos comportamientos.
Y me sorprende que también dicen que instan a los cargos públicos del Concello a nova banalizar ni blanquear los casos de acoso sexual. ¿Acaso les parece que haya intentado blanquear o banalizar el machismo?, Yo espero que haya quedado clara nuestra postura e, sino la repito: feminismo en la sociedad y ética en los cargos públicos, porque a diferencia de ustedes, nosotros lo que defendemos son unos valores. Muchas gracias.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas señora Novo. Ten a palabra agora, en segunda quenda, o señor Ameijide.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Non imos entrar a analizar, evidentemente, casos que están arquivados dende hai oito anos, como o que se lle acusaba o señor Baltar. Eu non entro a valorar evidentemente algo que xa está arquivado pola xustiza, como comprenderán, non me corresponde, creo na separación de poderes, parece ser que no Partido Socialista e no BNG, nin moito menos facer alusión ao caso Villares, que si deu exemplo do que había que facer, apartándose xusto antes de que se fixese público, en canto recibiu unha notificación, apartouse, defendeuse como calquera cidadán particular e agora quedou exonerado de toda culpa, á espera, como di a señora concelleira, da ratificación. Oxalá o señor Tomé fixese exactamente o mesmo que fixo o señor Villares, exactamente o mesmo, e eu non tería ningún problema aplaudilos, pero, falaba a concelleira do Partido Socialista de contundencia e falaba de que non permitían ou que non pasaban destas condutas no Partido Socialista, pero é que, claro, o importante é ser coherente na vida. O señor Fernández, despois destas acusacións, dixo que había que estar coas vítimas e protexelas para acto seguido formar parte da Xunta de Goberno e estar aplaudindo ao presidente da Deputación. Unha xunta de goberno, evidentemente, é importante, pero o máis importante é ser coherente e cando hai que romper un goberno rómpese, rómpese, e pódese volver a formar un novo goberno, non hai ningún problema, pero hai que apartar, e apartar, de verdade, é que non sigan controlando dende a sombra ou dende a bancada de atrás do goberno os que estaban acusados destes asuntos tan absolutamente graves.
Por tanto, nada de protexer ás vítimas, séntense con eles a falar e negociar. Nada de ... Lemos manifestos do Partido Socialista, que vemos que de pouco serven, de pouco serven porque despois, á hora da verdade, cando van presentar unha emenda, precisamente na emenda que rexistra hoxe o Partido Socialista, señora Ángeles Novo, retiran a reprobación de José Tomé. Céntranse, o único, nos encubridores, pero retiran a reprobación a José Tomé. É dicir, o señor Fernández, líder deste Partido Socialista no Concello de Lugo, cando mete a modificación do punto dous, esquécese de reprobar ao presidente da Deputación e céntrase só nos que encubriron os feitos, esquecédonse, probablemente foi un lapsus, non o sei, pero o curioso, é moi curioso... Está aquí, isto é incuestionalbe, é algo que non se pode negar porque está no papel, acábana de enviar.

E o BNG, é o momento de deixarse de escusas, é o momento de ser coherentes de verdade. Van a tragar con todo? Iso é o que lles pregunto, van a tragar con absolutamente todo? Van sentarse a negociar con quen está acusado de acoso sexual e con quen o encubriu durante meses? De verdade que van a facer iso. Se eu non digo que non se senten a negociar co Partido Socialista, pero previamente terán que apartar á xente que non é lexítima para eses cargos. Aquí fixérono no seu día co señor Orozco, e foron coherentes. ¿Van ser coherentes hoxe?, Ou van a sentarse a negociar con quen encubriu durante meses este caso e van a sentarse a negociar e a depender de quen foi o acosador, segundo as vítimas?.
O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Sr. Ameijide rematou o seu tempo. Ten a palabra a señora Ferreiro. Cando queira.

DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN: Grazas. Volvo a retomar o tema, repetindo o de *parémonos a analizar os nosos comportamentos e os do noso contorno, aprendamos a detectalos e a paralos*. E digo comportamentos machistas e violentos, estou falando diso, veñan de onde veñan, porque calquera de nós, das mulleres que estamos aquí hoxe sentadas, fomos nalgún momento da nosa vida vítimas, non se, se alguén pode dicir que non, vítimas do machismo, incluso de parte dos homes que nos dicían que nos querían ben, a violencia machista temos que parala entre todas e todos e sempre posicionarnos ao lado da vítima, temos que denuncialo, porque o machismo tamén mata.
Empezaba a miña intervención dándolle a benvida ao Partido Popular por amosar a preocupación polo acontecido, pero temos a memoria e os feitos están aí. Non chega con condenar a violencia cando vén dun lado, hai que facelo sempre, e vostedes teñen un cargo público condenado por unha infracción de tráfico e, por riba, con probas evidentes de abuso de poder. Cando van cesar ao señor Baltar? Hai probas, as mesmas probas que hai contra o señor Tomé, e cun isto non vou denuncialo, Hai audios do señor Baltar ofrecendo un posto de traballo a unha muller a cambio de favores sexuais. Vostedes non fixeron nada, aínda que non haxa sentenza xudicial, dáme igual, o feito está aí, fíxoo. Aí fóra, a xente pregúntase: o PP defende ás vítimas, ou intenta aproveitar a situación para presidir a Deputación? Señor Ameijide, vai vostede aceptar un voto do señor Tomé para ser presidente da Deputación? Que é o máis importante para o Partido Popular, que é prioritario para vostedes?
Miren, déixense xa desa actitude carroñenta, ímos todos a pelexar e a traballar para que a violencia machista e o abuso de poder desapareza. E, mira, por un lado alégrame que defendera vostede esta moción, porque nós acabamos de presentar unha emenda á totalidade, precisamente cuns puntos que vostede mesmo asinou nunha proposta para presentar na Deputación. Eu agardo que voten que si a esta emenda que nós presentamos, que é integramente a que vostedes presentan. Con isto imos ver se o Partido Popular realmente quere defender ás vítimas ou quere gobernar a Deputación, Moitísimas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas señora Ferreiro, e segunda quenda para a Ángeles Novo. Cando queira.

DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ: Yo creo que he sido lo suficientemente clara en mi primera intervención. La diferencia entre ustedes y nosotros es que ustedes abrazan al presunto acosador, para despedirlo. Nosoutros no. Por si no les ha quedado clara nuestra postura, les vuelvo a explicar, nosotros apoyamos el primer punto de la proposición y el segundo lo hacemos extensible a todos los cargos públicos, incluídos ustedes, que parece ser que es lo que no les gusta, quedando el segundo punto en: *manifestar a reprobación a todas as condutas e actitudes de cargos públicos que, tendo coñecemento de denuncias por presunto acoso sexual, non actúan coa dilixencia debida, ou contribuíron ao seu encubrimento por resultar incompatibles cos principios de exemplaridade e responsabilidade e respecto aos dereitos fundamentais, que deben rexer a acción política e institucional.* No entiendo que es lo que no les vale de esta enmienda, porque, repito, como dije antes, ustedes lo que pretenden es instrumentalizar el feminismo con fines partidistas y muestran una doble moralidad, además sin ponerse colorados. Y lo que hacemos es suprimir el tercer punto porque, como he dicho antes, porque lo que no quieren entender o no entiendan, no lo se, la función de una junta de gobierno. En la junta de gobierno a la que asistió el señor alcalde, los puntos que se aprobaban eran: a adxudicación da contratación das prestacións ás persoas maiores no centro de atención, ás persoas maiores de Castroverde, a Fonsagrada, Meira, Navia, Pedrafita do Cebreiro e Pol. , No se en que punto creen ustedes que votar a favor de las personas mayores nos convierte en encubridores. No me queda muy claro.
Y, si no aceptan esta enmienda, estoy segura de que lo que van a hacer es intentar darle la vuelta a la lectura de nuestro voto y que quede claro que nosotros aquí condenamos firmemente las supuestas actitudes de Tome, pero no vamos a consentir ni a seguirles el juego con la distorsión en la lucha del feminismo, qué es lo único que saben hacer. Así que una vez más les pediría responsabilidad institucional, como ya hice hace unos meses, y respecto a las mujeres. Dejad de usarlas, y le animo a usted a que haga lo mismo que yo, a que se posicione al lado de las mujeres. No todo vale por defender unas siglas. Muchísimas gracias.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas señora Novo. Quenda de peche para o señor Ameijide.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Señora Novo, se o único que queda claro é que o único nome que quitaron do punto dous é o nome de José Tome, que non se reprobaría coa súa redacción. Por tanto, non imos a volver sobre ese tema. ¿Vai vostede a aproveitar o voto de Tomé para ser presidente? Xa lle digo eu agora mesmo non, porque non o necesitamos, porque é que non necesitamos o voto de Tomé para presidir ningunha institución, para nada. Pero eu devólvolla pregunta: ¿vai o BNG a empregar o voto de José Tomé para a vicepresidencia da Deputación? Nós non o necesitamos. Vostedes vano a aceptar? Porque para que siga a mesma situación na Deputación Provincial de Lugo, si ou si, José Tome ten

que votar, e si ou si quen o encubriu durante meses teno que votar. ¿Van aceptar vostedes? Eu non.
E aceptamos a súa emenda, non hai ningún problema, se con iso o Concello de Lugo reproba a un machista condenado polo seu propio partido, que o seu propio partido é o que o chama acosador e non o quere reprobar...

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Rematou o seu tempo. Quedou claro, se eu entendín ben, que aceptaba a emenda do Bloque Nacionalista Galego, falta manifestarse ou eu non o percibín, sobre a segunda emenda que hai do Grupo Socialista. (Voces de fondo do Sr. Ameijide, indicado que non) Moi ben, pois entón pasamos á votación.

11/196 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 387/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ESIXIR O DESBLOQUEO NO CONGRESO DA TRAMITACIÓN DAS LEIS ANTIOKUPACIÓN APROBADAS NO SENADO (Exp. 2025/G004/000772).-** Vista a citada proposición cuxo texto é do seguinte teor:

"A okupación ilegal de vivendas e o fenómeno coñecido como inquiokupación constitúe un grave problema en España onde as denuncias aumentaron nun 34,5% dende o 2018. Nin Galicia nin a provincia de Lugo é allea a esta situación que xera situacións de desamparo legal, perda patrimonial e conflitos de convivencia para os propietarios afectados.

Desde o ano 2017 disparouse a ocupación de vivendas na provincia de Lugo un 218%, e nos 7 anos de Goberno do PSOE ocupáronse na provincia de Lugo 137 vivendas. O problema repítese en distintas zonas da provincia tanto no ámbito urbano coma no rural. A capitalidade, o municipio de Lugo, rexistra casos de okupación, intentos de okupación e de inquiokupación; pero tamén se repite o fenómeno nos municipios máis pequenos como, por exemplo, na comarca da Mariña.

Por exemplo, recentemente coñecíase o caso de okupación dunha vivenda en Xove que derivou nunha concentración convocada polos veciños e veciñas reclamando solucións e cambios legais antes de ser desaloxada nos últimos días. E, en Lugo, a Policía abortaba unha okupación no centro da cidade, e son coñecidos os incidentes en rúas como Adolfo Suárez.

A pesar deste contexto, o Goberno de Sánchez optou reiteradamente por minimizar o problema. En sede parlamentaria, o presidente do Goberno chegou a cualificar a okupación ilegal como un fenómeno sobredimensionado polos «bulos e a desinformación». Este tipo de afirmacións ignora a realidade das vítimas, propietarios e familias que padecen as consecuencias e reforza a percepción de desprotección que sofre a cidadanía.

O problema viuse agravado pola Lei 12/2023, do 24 de maio, polo dereito á vivenda e outras decisións lexislativas, como as prórrogas das medidas «extraordinarias» previstas no Real decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, vixente desde 2020, onde se articula a suspensión dos procedementos de desafiuzamento e dos lanzamentos, incluso no caso de vivendas okupadas sen título, que deron lugar ao fenómeno da inquiokupación, dificultando aínda máis a recuperación dos inmobles por parte dos seus propietarios, incluso en casos de impagamento prolongado.

Fronte a esta situación, resulta inaceptable que unha iniciativa parlamentaria clave, como a proposición de Lei orgánica do Grupo Parlamentario Popular contra a okupación ilegal e para a convivencia veciñal —xa admitida a trámite e aprobada no Senado— siga bloqueada no Congreso dos Deputados por sucesivas ampliacións do prazo de emendas: máis de 60 prórrogas dende febreiro de 2024, o que impide o seu debate e tramitación democrática.

O 95 % dos arrendadores en España son pequenos propietarios. Sen garantías xurídicas suficientes, moitos deles optan por non sacar as súas vivendas ao mercado, agravando a escaseza de oferta e dificultando o acceso á vivenda por parte da cidadanía.

Combater a okupación ilegal e a inquiokupación non é incompatible con protexer as persoas en situación de vulnerabilidade: a un okupa desalóxaselle; a unha persoa vulnerable protéxeselle, pero sen que se poida trasladar esa obriga ao particular. Por iso, resulta urxente unha reforma lexislativa integral que garanta a defensa da propiedade privada e a convivencia nas contornas veciñais.

O Partido Popular aposta por loitar de maneira contundente contra a okupación ilegal, derrogando toda a normativa que a ampare; impulsar as reformas necesarias para erradicala de forma eficaz e permitir o desaloxo inmediato das vivendas okupadas, combatendo especialmente as mafias organizadas que a promoven; defender aos lexítimos propietarios e garantir a seguridade xurídica; amosar o respecto que merece o grave problema da okupación ilegal, evitando relativizalo ou minimizando o drama que sofren os cidadáns afectados pola situación; deixar sen efecto a suspensión de desafiuzamentos e lanzamentos vixentes, garantindo a protección das persoas en situación de vulnerabilidade sen trasladar a responsabilidade da Administración pública aos propietarios particulares e protexer a convivencia veciñal pacífica e respectuosa, dado que a okupación ilegal xera deterioración dos espazos comúns, degradación urbana e inseguridade.

Recentemente, o Senado aprobaba unha proposta do Partido Popular para reformar o Código penal para que a interrupción de subministracións como, por exemplo, a auga e a luz nunha casa okupada ilegalmente non se considere delito

de coaccións por parte dos propietarios. Esta proposición de lei tamén se atopa bloqueada no Congreso dos Deputados.

Ata agora, o Código penal e a xurisprudencia viñan sancionando estas prácticas, ao consideralas unha coacción dos propietarios para forzar a saída dos okupas dos inmobles. A proposta pretendía modificar o Código penal para engadir un novo parágrafo ao artigo 172.1, o que fala das okupacións ilegais, onde se recolla explicitamente que a interrupción de subministracións nunha casa okupada ilegalmente "en ningún caso poida ser considerada delito de coaccións".

En definitiva, dende o Grupo Municipal do Partido Popular reclamamos a adopción de medidas eficaces contra a okupación ilegal, con acordos como instarlle ao Goberno de España a estudar e facilitar a aprobación das modificacións legais necesarias que permitan desaloxar, no prazo de 24 horas, un inmoble okupado de forma delincuencial, e non considerar delito de coaccións a interrupción de subministracións nunha vivenda okupada. Nese sentido, é imprescindible permitir a tramitación parlamentaria e apoiar as proposicións de lei bloqueadas no Congreso dos Deputados despois de ser aprobadas no Senado en relación coa reforma do Código penal e da Lei de axuizamento criminal que teñen como obxectivo garantir o desaloxo dun inmoble okupado no prazo máximo de 24 horas.

Urxe que a Mesa do Congreso dos Deputados desbloquee a tramitación destas leis para habilitar instrumentos legais para loitar contra a okupación ilegal e a inquiokupación.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta esta proposición para que o pleno municipal acorde:

1. Que o Concello de Lugo lle inste á Mesa do Congreso dos Deputados a:

- Levantar, de forma inmediata, o bloqueo á tramitación da Proposición de lei orgánica contra a ocupación ilegal e para a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios aprobada no Senado de forma que se permita a súa votación na Cámara Baixa por parte dos representantes dos distintos partidos políticos.

- Axilizar a tramitación no Congreso dos Deputados da Proposición de lei orgánica de modificación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal para que o corte das subministracións dunha vivenda *okupada* non sexa considerado delito de coacción.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor**: 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois ten a palabra, en primeiro lugar, o voceiro do Partido Popular. Cando queira.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Imos a cambiar de terzo para falar dunha problemática que nos afecta, e que nos afecta moito, á nosa cidade durante os últimos anos e que nos afecta, e que nos afecta moito, á nosa sociedade, ao noso país en conxunto. Se mo permiten, vou comezar por un artigo da Constitución, o artigo 47, o dereito á vivenda, *todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada*. Esta é unha frase que se repite moito por parte da esquerda mediática e polas asociacións pro-ocupación, pero quédanse aí nese artigo da Constitución, porque a Constitución continúa e di que *os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito regulando a utilización do chan de acordo co interese xeral*. É dicir, si, dereito a adquirir unha vivenda si, por suposto, pero non establece a obrigación de que todo o mundo teña que ter unha vivenda gratis, ou moito menos se lexitima dende a Constitución unha patada á porta e apropiate da casa que queiras, para nada. Porque ademais no artigo 33 da citada Constitución hai o que se chama o dereito á propiedade privada, que é igual de importante defendelo que o dereito a unha vivenda, e o dereito á propiedade di que *se recoñece o dereito á propiedade privada e a herdanza, e que ninguén poderá ser privado dos seus bens ou dereitos, senón por causa xustificada de utilidade pública ou interese social mediante a correspondente indemnización.* É dicir, dereito á vivenda si, dereito á propiedade, por suposto, tamén.
Isto era para asentar un pouco as bases do debate, primeiro no texto constitucional, nas bases do noso estado democrático e, segundo, no sentido común. O sentido común é moito máis simple, o sentido común quere dicir que ti non podes dar unha patada na porta, entrar na casa que che dea a gana e apropiarte dela. Isto é moito máis simple, quizais incluso moito máis práctico, pero esta é a triste realidade, porque vostedes nalgunha ocasión, os seus partidos, reinterpretano. A Administración, temos a obriga de garantir por lei e garantir ou dar as condicións de que calquera cidadán poida adquirir, ben sexa por compra, por alugueiro, por acordo entre as partes, lexítimo e libre, pero sempre por acordo, un lugar onde vivir, un lugar onde residir, pero non, evidentemente, dar dereito desde as administracións a dar unha patada na porta e entrar onde che dea a gana ou a

deixar de pagar e que poidas desfrutar da propiedade doutro porque si. Isto non o lexitima nin a Constitución, nin moito menos, evidentemente, o sentido común.
Branquear este fenómeno, como se está facendo dende algún partido político, é un problema enorme, é un problema enorme porque o que estamos facendo ou que se está facendo por parte dalgúns partidos é un efecto chamada constante. Nesta cidade sabémolo ben, nesta cidade. algúns de vós tamén percorrestes, como me pasou a min, o barrio das Gándaras domingo tras domingo cos veciños para expulsar aos okupas que se tiñan apropiado de seis vivendas nese barrio. Moitos de vós sabedes, igual que nós, evidentemente, os problemas que están sufrindo de ocupación, por exemplo, no barrio do Carme. O meu compañeiro Cabarcos coñéceo mellor que ninguén. Sabedes perfectamente a gravidade e a frecuencia desas ocupacións no barrio da Milagrosa, no rural da nosa cidade tamén, do noso municipio tamén. En febreiro de 2022 manifestámonos moitos dos que estamos hoxe aquí, refírome aos partidos, non todos, hai que dicir que non todos, en contra da ocupación que afectaba daquela a barrios como a Milagrosa, Sagrado Corazón, Fervedoira ou As Gándaras. Pero todo segue igual, todo segue igual ou todo segue peor, porque recentemente, durante o último mes, intentaron ocupar varias casas nesta cidade, intentaron ocupar incluso un edificio emblemático como pode ser o chalé que todos coñecemos en fronte do que todos coñecemos como Maitines, vou ser o intentar seguir sendo coloquial neste debate. O fenómeno lonxe de minguar, vai en aumento constante. De feito, os datos que tivemos coñecemento sobre a ocupación a nivel nacional, detallados por provincias, datos do Goberno do Estado, non son datos que me invente eu, teño aquí o cadro, se queredes pódovolo facilitar despois, na provincia de Lugo, a ocupación incrementouse dende o inicio do mandato de Pedro Sánchez un 218%. Collemos esta referencia porque é a que nos marca táboa, non é, evidentemente, por outro motivo agora, pero é dende o 2014. Evidentemente a día de hoxe hai 35 casos activos, que son moitos, e segue habendo un efecto chamada e o problema é que non se está facendo o que hai que facer dende as institucións, e non se está facendo, e non só non se está facendo, senón que se está parando o que se fai noutras institucións. Por exemplo, no Senado aprobáronse dúas leis orgánicas, una ley orgánica, no ano 2023, no que se prohibía ou no que se intentaba combater, a través da mesma, a ocupación ilegal de vivendas e garantir o desaloxo das mesmas. Esa lei, seguiu o seu trámite, pasando do Senado cara ao Congreso, e dende o 2023 está secuestrada no Congreso, secuestrada polo Partido Socialista, porque a Mesa do Congreso tena agardada impedindo o seu debate, impedindo algo máis básico, o máis básico da democracia, que é votar, que os deputados no Congreso dos Deputados poidan votar, votar esa lei e que saia o resultado que saia, pero votala, e esa lei está aprobada polo Senado e está pendente de votación no Congreso, e estase impedindo por un partido político, que é o Partido Socialista.

,O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas, rematou o tempo... Ten agora a palabra o señor Alex Pena. Cando queira.

DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS: Moi ben, moitas grazas, Señor alcalde. Si é certo que en este Pleno xa debatemos temas sobre ocupación en outras ocasións e hoxe volvemos a debatelo da man do Partido Popular. Eu, lendo o que é o argumentario antes dos puntos de acordo, incluso había frases nas que nós estamos de acordo, como algunha, n*on é incompatible loitar, combater a ocupación ilegal con protexer ás persoas en situación de vulnerabilidade.* A min ese punto de debate encantaríame telo con vostedes e con todos, porque creo que sería un punto de debate interesante. Teñen outras frases interesantes como que *combater especialmente as mafias organizadas que a promoven*, tamén estamos de acordo niso na súa totalidade, ou *garantir a protección das persoas en situación de vulnerabilidade*, que sería un dos obxectivos. Isto fano no argumentario, pero nos puntos de acordo conclúese o de sempre, que son comerciais, ao que se dedica un pouco o Partido Popular, ser comerciais de grandes conglomerados de especulación. Córtenlle a luz á xente, nada máis, non falamos dos máis vulnerables, nin falamos de que é un problema poliédrico, con moitas máis, dificultades. Para nós este debate, como o traen vostedes, é un debate cerrado, porque o que persegue é incrementar a alarma social en beneficio de grandes conglomerados especulativos, sobre todos da banca e de fondos buitres, e é un fenómeno moi desigual en todo o Estado y que ten unhas causas e consecuencias tamén moi variadas. Entón paréceme que traen unha proposta moi simplista para un problema moi complexo.

O debate, desde o noso punto de vista, sería o dereito á vivenda e as obrigas que, como ben citou vostede, o artigo 47 desa tan amada Constitución por parte dalgúns e di que teñen que facer as administracións públicas. Tamén é certo que di no 47, non o di moito antes cando tería que ser un dereito fundamental, que sería o racional e lóxico, di o artigo 47, que si, que se ten directo e que se promoverá, pero non o pon como un dereito fundamental que sería o razoable nunha sociedade avanzada e democrática. De feito, uns artigos antes, fálase de que hai dereitos fundamentais como a libre elección de residencia, como é a inviolabilidade do domicilio, que tamén citou vostede, e a intimidade, cousa que non se poden facer, dende logo, se non se ten un teito.

Algúns datos, unhas pinceladas de datos, en Galiza hai unhas 350.000 vivendas baleiras segundo a Federación Galega de Empresas Inmobiliarias, non estamos falando da CIGA, a Federación Galega de Empresas Inmobiliarias di no seu último estudo que o principal obxecto dos ocupas son as vivendas das entidades financeiras, esas que se fixeron cun gran mercado despois dunha crise sistémica económica e que agora o que queren é sacalas para ter máis rendemento económico, que pagamos todos, todas esas persoas do Estado pagamos ese rescate e agora con esa vivenda queren seguir facendo negocio e vostedes son os seus principais comerciais.

Estamos de acordo, como dicimos, en que é un tema complexo e que depende do que esteamos falando, e se falamos de grupos de delincuencia organizada, toda lei, señor Ameijide, toda lei contra eles, os narcopisos, que ás veces é un problema en diferentes zonas do Estado que se xeran ao redor da droga, e, ben, é un problema

social e tamén de saúde, tamén os partidos que se financian cos cartos dos dos narcos, con iso tamén estamos en contra.
Dito isto, o problema para nós, onde había que ter o debate, non é nos puntos de acordo que vostedes propoñen, senón desde un punto de vista, que que para nós a ocupación sería un síntoma, en todo caso, é o problema sería a especulación da vivenda, cantidade de xente que non ten acceso á vivenda, nin tan sequera aqueles que teñen un traballo. Os últimos datos do último ano, vese como o salario subiu creo que un 5%, o salario mínimo, co voto en contra do Partido Popular, por suposto, cando se precise facer..., teñen que facer cousas a favor, e a vivenda subiu un 11%, entón así é moi difícil que a xente poida exercer os seus os seus dereitos. Hai países da nosa contorna, Francia, Alemaña, Austria, que teñen unha política de vivenda moitísimo máis avanzada que o estado español. Falamos, por exemplo, de Viena, a metade da poboación en Viena, con un millón de habitantes, vive en vivendas que teñen algún tipo de protección. Entón, eu creo que aquí o que son as administracións públicas, e falo do Estado, pero tamén da Xunta de Galiza, non están exercendo as súas funcións en vivenda.
Nós somos propositivos para resolver isto, e temos unha serie de propostas que dicimos en diferentes foros, que se me dá tempo expoñerei aquí. Vou a comenzar.
Creemos que aumentar o parque público de vivenda protexida, os últimos 17 anos da Xunta de Galiza foi dinamitalo, paralo, se me dá tempo darei datos, pero é verdadeiramente unha vergonza, non se facían vivendas.
Temos que intervir no mercado privado para regular o alugueiro. Aquí temos unha proposta porque agora hai unha posibilidade dentro do que é ... Acábaseme o tempo, sigo na seguinte intervención.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas señor Penas. Quenda agora para a señora Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas, señor alcalde. Eu pensei, señor Ameijide, que ía a ser serio nesta proposición, pero a seriedade móstrana na primeira formulación, pero non na intencionalidade que pretenden aprobar. Volve a ser mentireiro, alarmista, porque vostede fala dun incremento dun 220%, ademais é que se responde a vostede mesmo dentro da propia proposición, cando os casos son 37 en toda a provincia, aínda que, coma nomea partidistamente barrios de Lugo, pretende que nos creamos que só hai casos en Lugo cidade, e os datos cos que vostede traballa son datos provinciais. Ben, eu vólvolle dicir que creo que deberiamos ou debería ter sido máis serio na súa exposición, e a postura do Partido Socialista está clarísima, porque hasta errou, creo, por non dicir mentiu, nas datas do tratamento desta moción no Congreso, porque en marzo o Partido Socialista xa dixo que quería eses desaloxos en 48 horas, pero con rigorosidade, porque temos que manter ou polo menos intentar que as leis que saian dese Parlamento sexan garantistas, non soamente para os veciños e veciñas, senón para os órganos xurisdicionais e tamén para os corpos policiais, porque estamos falando de que teñen que ser normas, leis que non contraveñan a Carta Magna, como é o caso da inviolabilidade dos domicilios, que

vostede tamén mencionou, pero por outro lado tamén xerou alerta e alarma, porque intencionadamente pretende mesturar criterios tan diferentes como é a vulnerabilidade das persoas e a delincuencia. E a vostede só lle interesa falar de casos delituosos e non de casos de vulnerabilidade, porque o que pretenden as leis, polo menos as que o Partido Socialista apoia no Congreso son esas leis garantistas que non, danen a vulnerabilidade real das persoas, vostedes soamente vai a ese aspecto mercantilista e comercial do Partido Popular que ten cara ao tema dos desafiuzamentos e, dende logo, o Partido Socialista ten máis que demostrado a súa posición, e que vai lento no Congreso? Tamén estamos de acordo, pero estamos dicindo que é un problema moi complexo porque fala de adaptalo á Constitución española, fala de protexer ás persoas vulnerables en caso de que non teñan acceso ou que non poidan pagar as vivendas onde están habitadas e, por outro lado, eu si o vou facer na miña primeira intervención, non imos caer novamente na trampa do Partido Popular, porque os desafiuzamentos estanse facendo cando son delituosos e nos tempos rápidos, pero nunca desprotexendo ás persoas vulnerables. A vostedes, eses parece que non lles interesan. E por iso digo que o Partido Socialista, primeiro, o compromiso coas persoas que sofren esta situación, e demóstrase, como lle digo, xa en marzo de 2005, non en 2022, como vostede mencionou, en marzo de 2025, é dicir, hai sete meses, estase traballando no Congreso e tamén eximos que sexa máis áxil, é verdade, pero entendemos a complexidade do tema, e vostede, pois mire, tanto na primeira proposición como na segunda como na terceira, oportunism, buscar titulares, o Partido Popular, como vai pasar tamén na cuarta proposición, e para gobernar non hai que facer eses titulares, hai que ser serios, e eu pensaba que o ían ser moito máis nesta proposición, porque o merece, porque é un tema moi complexo no que vostedes *torticean* para vender outra imaxe cara á sociedade.
O noso compromiso, como lle digo, o Concello non soamente fala, senón que tamén fai e son coñecedores, pero tamén lle eximos á Xunta de Galicia que faga, o Concello está poñendo en marcha ese plan de vivenda pública porque a Xunta de Galicia non o fai, mobiliza solo e o Concello ten que seguir exixíndolle á Xunta de Galicia, que é un problema polo que existe a ocupación, que incremente e aumente o seu plan de vivenda, porque como se dixo aquí hai 17 anos que non o fai.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitos grazas, rematou o tempo. Segunda quenda, señor Ameijide. Cando queira.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Ana, eu creo que nisto último estabas de broma, porque falabamos antes das xuntas de goberno, e dicía a túa compañeira que as xuntas de goberno eran importantes porque tramitan asuntos, claro, pero dicir que a Xunta de Galicia non está apostando pola vivenda pública unha membro da Xunta de Goberno municipal onde se outorgan as licenzas para 400 vivendas que está promovendo, a día de hoxe, a Xunta de Galicia na nosa cidade e outras 1000, impulsando solo público con financiamento da Xunta de Galicia, a verdade é que é descoñecer profundamente o problema da vivenda na nosa cidade, pero profundamente. Iso si é mentir. Porque dicir que non hai pisos cando hai 400

construíndose, que podes ir alí, se queres, ata Garabolos e podes ir ata alí ver as obras.
Falaba Alex da vulnerabilidade, efectivamente, pero unha cousa é a vulnerabilidade, que por suposto hai que atender as familias que o necesitan, pero iso téñeno que atender as administracións, non os particulares, a propiedade privada hai que garantila igual, non poden as administracións derivar a responsabilidade de atender á xente vulnerable nos particulares, porque iso é unha irresponsabilidade. E aquí estase de algunha maneira índose á análise simplista dos fondos buitre, non, non, compañeiros do BNG, fondos buitres non, todos os exemplos que citei eu de vivendas ocupadas na nosa cidade eran de familias das Gándaras, no Sagrado Corazón, aquí en Ramón Ferreiro no centro, na Milagrosa, nas parroquias de Lugo, particulares como ti coma min, como os que estamos aquí sentados, aforros dunha vida ou herdanza dos teus pais, iso é o que se está ocupando, haberá algunha dalgún fondo, por suposto, o mellor hai, pero tamén está afectando aos particulares e moito. O outro día, precisamente, en Xove, estiven vendo como se ocupaba unha casa que estaba sendo utilizada todas as semanas polos seus particulares, que faltaron tres días e ocuparona. Esa é a realidade, esa é a verdadeira realidade.
E hoxe, señora Abelleira, non estamos votando aquí sobre o punto de acordo, señora Abelleira e señor Penas, aquí non estamos falando do debate de fondo, da ocupación, non, estamos pedindo algo tan simple como que se cumpra a democracia e a Constitución, a Constitución esa que dicía que había que cumprir a señora Abelleira, porque o acordo que levamos hoxe é levantar de forma inmediata o bloqueo da tramitación da proposición de lei orgánica contra a ocupación ilegal de vivendas e para a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios, aprobada no Senado con todos os informes preceptivos, evidentemente, señora Abelleira, o Senado tamén é serio, e non é como este Pleno moitas veces, o Senado é serio, e tamén ten os informes que vostede di que ten que facer o Congreso, non se preocupe, as Cortes, aquí, sabe que funcionan de forma bicameral, o noso Estado de dereito, se vai do Senado despois ten que ir ao Congreso a tramitalo, pero vostedes no Partido Socialista téñeno parado no Congreso e o que pedimos é que non o paren, que poidan votar os deputados e que, cando se vote, ...

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Rematou o seu tempo, señor Ameijide. Quenda de palabra para o señor Penas. Cando queira.

DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS: Administracións públicas por suposto, pero vostede mentiu aquí... **(non se escoita ao estar o micrófono apagado)** ... vivendas públicas da Xunta de Galiza agora, pero perderon 17, mentres estaba Feijóo non fixeron ningunha, houbo anos de dúas vivendas e de catro. Durante o bipartito, cando levaba esa consellería o BNG, facíanse miles de vivendas todos os anos e se seguíramos esa axenda, e non tiveramos o cancro en vivenda, que foi o Partido Popular para o noso país, pois non teríamos os problemas nin de ocupación nin de vivenda, que teriamos agora. Entón están mentindo descaradamente, dende

logo que as administracións teñen que facer ese traballo, pero fágano, porque vostedes non o fixeron en moitísimos anos.
Dicía que ía ser propositivo e vouno ser. Agora temos unha oportunidade histórica, haber tamén que fai a Xunta, de aproveitar o novo Plan estatal de vivenda, xa que inclúe unha liña específica para a compra pública de vivenda, que supón un financiamento extraordinario que Galiza non pode perder co obxectivo xa agora mesmo, a curto prazo, non a esperar a construír vivendas durante non sei cantos anos, de adquirir 4000 vivendas. Tamén o propuxemos no Goberno do Estado por medio do noso deputado Nestor Rego, a adquisición, que se transfira a Galiza, que aí a Xunta tamén o podía reclamar, todos os fondos do SARED, moita máis vivenda que poderiamos xestionar dende nós, consideramos que temos as armas para iso e non ser unha simple deputación sen competencias que é no que converteron vostedes a Xunta de Galiza e teriamos vivenda de alugueiro para os nosos veciños e veciñas e seriamos propositivos e as administracións públicas fariamos algo. Hai que seguir construíndo vivenda, agora empezaron a ver se non se lles pasa e aumentar o ritmo e, dende logo, unha terceira liña de traballo en materia de vivenda é garantir que ninguén pase polo drama de quedarse na rúa, desaloxado por impagos o por incapacidade de facer fronte ao alugueiro. E aí tamén desde o BNG temos unha serie de medidas.
A min dábame vergoña allea, como galego, cando no seu día a conselleira do ramo, Ángeles Vázquez, despois de 16 anos sen facer vivenda pública e sen facer ningún tipo de política de vivenda pública neste país, exixía ao Goberno do Estado que parara o drama da ocupación en Lugo, en Galicia, caíaseme a cara de vergoña, e si que é certo que cando un particular lle toca, aí terán que estar as administracións e dar alternativas, pero ollo¡, porque a xente é moito máis razoable do que están sendo vostedes, que eu acúsoos directamente de non ter corazón neste tema, a xente o que reclamaba, e houbo casos en Lugo, dicían si eu quero recuperar esa vivenda que herdei, e tal, pero ollo¡ que hai nenos aí, que as administracións públicas se fagan cargo deles, iso di a xente. Ao PP nunca o veredes aí, que é tamén unha lástima.
E ata aquí a nosa proposta, si que creo que as administracións públicas teñen que facer o seu traballo, pero desde logo o que propoñen vostedes é castigar á xente e non propoñer, cando teñen a oportunidade nas administracións, ningún tipo de política, e así díganme cantas vivendas fixeron nos últimos anos. Na historia, non coincidiu vostede no tempo co portal de Belén, pero senón a parte de Herodes, ao mellor, aparecía vostede na historia bíblica, porque pobriños onte se lles cortan a luz.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas. Ultima quenda para a señora Abelleira. Cando queira.

DONA ANA MARÍA GON´ZLAEZ ABELLEIRA: Vólvolle repetir, señor Ameijide, seriedade, por favor. Que estean construíndo 400 vivendas actualmente, unha é porque non se fixeron antes, e dúas, as persoas que necesitan vivendas ata que eses, lugares estén habitables non poden vivir nela, non é a solución inmediata.

Non venda outra vez fume. Oxalá fagan catrocentas e miles nos continuos anos, porque tamén é un dos problemas da ocupación. E, como sempre, o argumentario do Partido Popular é que os distintos grupos de esquerdas protexen ao ocupa. É mentira, estamos votando no Congreso e estase traballando para que as leis que sexan garantistas. Vostede vende, o Partido Popular, que a Lei de vivenda é un fracaso, mentira. A lei protexe ao inquilino vulnerable, e vostedes toda a súa argumentación baséana na usurpación, que está castigada penalmente tamén, e na que se actúa inmediatamente no allanamento de morada, que tamén está controlado e vixiado. Non mesture os termos, está enganando á poboación. Hai que actuar, xa di o Partido Popular, sen esperar, pero hai que actuar con garantías, porque se esas leis non son garantistas, é darlle a esas mafias, que vostedes intentan mesturar, o argumento para gañar nos tribunais. E é moi complicado facer esas normas. Si, queremos axilidade, queremos que as normas sexan garantistas, pero non a finalidade que vostedes pretenden con esta proposición. E, por suposto, outro dos argumentos, titulares do Partido Popular, que o problema é a seguridade, non, señor Ameijide, o problema non é a seguridade, o problema é que non hai vivendas suficientes para albergar todas as necesidades, habitacionais que require a poboación. E, por certo, para que digan que sempre estamos coa mesma retahíla, a competencia exclusiva en materia de vivenda, quen a ten, preguntoullo? A Xunta de Galicia, as comunidades autónomas.
Polo tanto, o noso compromiso é serio e non podemos aprobar esta proposta porque a Xunta de Galicia non faga o traballo, e sempre os concellos afogados, pretendendo, ademais, o PP de Lugo volvendo querer colgarse una medalla porque agora tamén o titular será que grazas ao PP de Lugo avanzan as leis en Madrid. Señores, por favor, un pouquiño de seriedade.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas. Turno de peche para o señor Ameijide. Cando queira.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Sólo una cosa antes de empezar este último turno, rogaría que se abstengan de insultarme algunas personas de la bancada de enfrente cando, si puede ser posible que usted lo tome en consideración, porque es un poco incómodo estar debatiendo mientras te llaman sin vergüenza y ...

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Facemos unha chamado á responsabilidade de todos... DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: ... Non, pero chame directamente a quen corresponde, a min non porque non o estou facendo... O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Veña, cando queira.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Ben, a solución inmediata di a Sra. Abelleira que non é construír vivendas agora mesmo, entendo logo que para o Partido Socialista a solución inmediata non é construír vivendas, senón ir ferretería comprar unha maza e dar un mazazo na porta e entrar onde che dá a gana, porque, a verdade, se a solución para ter vivendas non é construír vivendas, a min que mo

explican, porque o Partido Socialista cada día se supera en incoherencia, non pode ter máis dereitos que da unha patada na porta que o propietario, iso é imposible, teñen que centrar dunha vez o debate. Non estamos falando do fondo, nos estamos pedindo aquí, única e exclusivamente, dicirlle dende o Concello de Lugo á Mesa do Congreso dos Deputados que trámite dúas leis que están en tramitación e que ten secuestradas a Mesa do Congreso. Simplemente iso, que a mesa permita que voten os deputados, só pedimos iso, non pedimos ningunha outra cousa que pedir que os deputados, lícitamente, lexitimamente, escollidos pola cidadanía, poidan votar no Congreso dos Deputados. É que votar en contra disto é votar en contra da democracia.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, pois rematado o debate, sometemos a votación esta proposición

12/197 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 388/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO POÑA EN MARCHA UN SERVIZO DE LIMPEZA DE FOSAS SÉPTICAS PARA AS PARROQUIAS DO RURAL (Exp. 2025/G004/000773).** Vista a citada proposición cuxo texto é do seguinte teor:

"O Concello de Lugo conta cun amplo territorio rural que, a día de hoxe, carece de rede pública de saneamento. Esta realidade obrígalles ás vivendas destas parroquias a dispoñer de fosas sépticas como único sistema para a xestión das augas residuais.

O correcto mantemento e a limpeza periódica destas fosas sépticas é unha necesidade sanitaria, ambiental e de salubridade pública. A falta dunha limpeza axeitada pode provocar filtracións, contaminación do solo e das augas subterráneas, malos cheiros e riscos evidentes para a saúde das persoas.

Na actualidade, a limpeza das fosas sépticas supón un custo económico elevado para moitas familias do rural, que ademais teñen dificultades para acceder a empresas especializadas, tanto pola distancia como pola escasa oferta do servizo. Esta situación xera unha clara desigualdade entre os veciños do centro urbano, que contan con rede de saneamento, e os do rural, que deben asumir individualmente unha obriga que debería contar co apoio da Administración local.

Desde o Grupo Municipal do Partido Popular, defendemos un modelo de concello que trate por igual a todos os seus veciños, vivan onde vivan, e que garanta uns servizos públicos básicos en condicións de equidade. Conscientes de que dotar a todo o rural de saneamento supón un importante custo e moito tempo, no noso programa electoral comprometiámonos a impulsar un servizo provisional de limpeza de fosas sépticas mentres non se complete este.

A posta en marcha dun servizo xestionado polo Concello de limpeza de fosas sépticas permitiría mellorar as condicións de vida no rural, previr problemas ambientais e sanitarios e aliviar unha carga económica inxusta para moitas familias, ao tempo que se avanza cara a un concello máis cohesionado e equilibrado territorialmente.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta esta proposición para que o Pleno municipal acorde:

- Que Concello de Lugo poña en marcha un servizo público de limpeza de fosas sépticas para as parroquias do rural."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor**:	12	do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:**	13	dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:**	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, e para defender a proposición ten a palabra a voceira do Partido Popular, que entendo que é a señora Candia. Cando queira.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Bo día de novo. Traemos agora unha iniciativa que responde á petición, absolutamente unánime, que nos trasladaron en todas as reunións participativas que vimos celebrando, como vostedes saben, unha vez ao ano. A verdade é que é difícil moitas veces entender, non xa sentidos do voto, senón incluso o argumentario, porque resulta que o Concello non ten competencia ningunha, pero aproba e crea unha sociedade pública para a construción de vivenda. No tema de abastecemento e saneamento supoño que aí non poderán dicir que non é unha competencia, porque a Lei de bases é clarísima. A posibilidade de financiamento especialmente con fondos europeos, como aproveitaron outros concellos polo mundo, tamén é clarísimo, pero é que a maiores incluso cando teñen a predisposición, a consignación orzamentaria, á literalidade dun convenio aprobado que inclúe estas intervencións, pois tampouco, sen ter moi claro as razóns tampouco o cursan como está pasando en Calde e Esperante. En definitiva,

sempre hai unha escusa para non poder facer, e se polo medio podemos intentar confundir, pois así son os ingredientes aos que nos teñen acostumados en todas as sesións plenarias.
Isto ata probablemente non tiña por que ser un tema economicamente elevado. Eu recoñezo que pedirlle ao Concello de Lugo, que leva eliminando das súas prioridades dotar de saneamento ás 54 parroquias, que o faga nunha lexislatura é imposible, xa non polo limite orzamentario, senón pola capacidade de xestión, polo menos ao ritmo que traballan vostedes. Sabemos que iso non é críble, por iso esa iniciativa no se redacta así, pero isto que hoxe plantexamos, si que é factible facelo nun exercicio orzamentario. Non ocultamos que esta era unha das ideas que levabamos no noso programa electoral e que ademais pon no centro do debate algo que está preocupando a moitísimas zonas das moitas parroquias. O feito de non ter saneamento evidentemente a cada vivenda obrígaa a facer de maneira privada e, por conseguinte, costear integramente o 100% ese servizo para tratar as augas residuais. O feito de ter un correcto mantemento desas fosas sépticas, que se vén obrigadas ante a ausencia dese servizo, que é público, que debería de ser público, de competencia absolutamente directa do Concello en cuestión, pois acaba, ademais, provocando que o abastecemento, que é outro dos servizos dos que se carece neste Concello e que tamén levan demostrado non ser unha prioridade. É curioso porque durante moito tempo escoitabamos no debate político, en todos os discursos, o compromiso con ese Lugo sostible, o compromiso coa axenda 20-30, cando saben que un dos elementos da Axenda 20-30 un dos compromisos é precisamente o abastecemento e saneamento, pero, como tantas cousas, hoxe acabamos de comprobalo, por suposto co feminismo que doe a verdade escoitar algunhas argumentacións, pois tamén é co ecoloxismo é para xustificar que vamos a investir nun edificio que fomente a construción en madeira, pero non é ecoloxismo destinar os recursos que temos como Administración local en dotar de servicios básicos que son competencia exclusiva do Concello. E iso é ao que nos teñen acostumados, o que intentan, dunha maneira, dende logo, sen éxito, porque efectivamente a xente das nosas parroquias á que lles soben os impostos dunha maneira francamente alarmante en algúns casos, como dixemos aquí en repetidas ocasións, agardamos que agora nos orzamentos que presentarán en breve cumpran ese acordo plenario de xullo deste ano, pero a realidade é que pagan impostos, pero non teñen servizos. Entón, buscando ou alternativas, facendo propostas, sabendo as dificultades que hai neste momento, ademais de atopar empresas que garantan un correcto tratamento dos residuos, porque xa vedes que non é doado e aínda que teñan vontade, pois ás veces ata encontran dificultades para poder facer dunha maneira garantista e cumprindo a normativa o baleirado desas fosas sépticas e non deixa de ser novamente un incremento do custo que teñen que asumir as economías familiares, porque o Concello dunha maneira absolutamente clarísima desatendeu esa competencia exclusiva. Por iso pedimos que redacten e que poñan en marcha un servizo público de limpeza de fosas sépticas para as parroquias do rural especialmente ou todas aquelas vivendas que, por non ter o servizo de saneamento, se ven obrigados a construílo, custealo e tamén facer o seu mantemento.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Ten agora a palabra a señora GonzálezAbelleira.

DON ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Grazas señor alcalde. Antes esquecinme, había participantes no Pleno, veciños e veciñas, benvidos e grazas tamén por facer testemuño, deste Pleno.
Ante o proxecto real, serio e executivo que pretende este Goberno, chega de novo a señora Candia con ese populismo, as súas incoherencias do Partido Popular, ante realidades que xa se están levando a cabo. E, mire, teño que desvelar novamente a estratexia do Partido Popular, porque hoxe vostedes volven traer a este Pleno un exercicio de funambulismo político que case na súa exposición roza o cinismo. Escoito falar de preocupación polo rural, de solucións inmediatas para que se fagan xa inmediatamente e que son propostas da veciñanza. Miren, vostedes ao que veñen aquí é a colgarse novamente unha apropiación indebida, porque co abuso da información que vostedes manexan e da que, loxicamente, como oposición teñen dereito a coñecela, saben que este tema leva traballando meses meses no Concello de Lugo, á proposta do alcalde. É máis, nalgunhas parroquias xa se trasladou esta idea, que non é tan fácil de levar á práctica, pero novamente esa apropiación indebida que vostedes pretenden asumir neste caso. Pero se lles fai sentir orgullosos de que é unha idea propia, desfrutena agora tamén con este espírito navideño e seguramente que lles rente máis, pero chegan tarde, coma sempre, traen unha moción pedindo un servizo que este Goberno xa deseñou e que está a tramitar, pero volvemos ao que diciamos antes, con seriedade, porque isto non é tan sinxelo, e nós realmente ao que aspiramos é a unha política de futuro, porque isto, ao final, é unha obrigatoriedade que facemos e que saíu da Área de Alcaldía para solucionar problemas puntuais que hai, pero coa pretensión de garantir ese saneamento do que vostede fala, que aproveito tamén para reivindicar. Fala vostede de impostos aos veciños e veciñas de Lugo, levamos anos pagando o canon da auga 14 millóns de euros entre todos os impostos que levamos pagados, e sabe canto deu á Xunta de Galicia? Cero, nada de nada, pero seguimos tendo fe, agora en épocas deste cristianismo que nos rodea, pero temos fe de que nalgún momento eses 14 millóns de euros que levamos os veciños e veciñas pagados á Xunta de Galicia, que revertan no Concello de Lugo de verdade, nas súas parroquias e tamén no seu rural. Pero por iso, dicíao antes, que hai que ser serios, pero sobre todo dicir a verdade e mentres a Xunta non cumpre coas súas competencias, porque a vostede enchéselle a boca de dicir que por culpa do Concello pagamos máis impostos, non, o que fai o Concello é intentar que eses importes revertan en servizos reais para toda a veciñanza, e xestionalo da mellor forma que podemos, porque a Xunta está afogando aos concellos, non asume as competencias que lles son propias e non lle falo só do saneamento ou do abastecemento, que debería participar a través destes convenios do canon da auga, senón que lle falo do SAF, das escolas infantís, que tamén se emocionaron aquí, dos comedores escolares, que son competencia da Xunta, pero están

obrigando aos concellos a investir neses servizos porque outros non fan o seu traballo.
Polo tanto, volvo dicir o mesmo: apúntense tanto se queren, leven as medallas que queiran, pero chegan tarde porque é un traballo que xa está practicamente realizado. E continuo na segunda intervención.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas señora Abelleira. Segunda quenda para a voceira do Partido Popular. Cando queira.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Mire, falando de seriedade, só na ampliación da EDAR de Lugo, a Xunta de Galicia achegou 8.813.866 euros. Falando de seriedade, non vou dicir dende que vostedes gobernan esta cidade, porque non teño eses datos, pero nos últimos 15 anos achega, pódollo dar con céntimos; foron 17.627.000 euros. Eu evidentemente nunca xustifico o que acaba de pasar antes cunha das súas compañeiras, que chamou sinvergonza a un compañeiro meu, ese nivel de respecto e de educación nunca se debe perder. Pero si que é certo que hai que ter moita enteireza para gardar a compostura ante as barbaridades que se escoitan, sempre, evidentemente, dentro do respecto. Dicir que chegamos tarde cando non hai absolutamente nada feito, non é que no lo diga a nós, eu recoñezo que vostede escribirá iso ou prepararao con quen considere, o rural está claro que moito non lle gustou, que durou bastante pouco tempo, a maioría din que no tempo que estivo non tiveron o privilexio, porque o consideran así, nin de ser recibidos nin que a viran por alí, pero xa leva un tempo nisto e poderá dicir, pois, mire, ocorréusenos, porque evidentemente o que se lles ocorre a vostedes nas súas reunións privadas, se teñen, ou no traballo que fan, pois evidentemente non teño información para sabelo, a información para a oposición nin para o Goberno nunca é un abuso. A información é un dereito que, porque están moi acostumados a pisalo, paréceme que lle escapa do escenario, non, non ten, porque a transparencia debe ser unha máxima de todos os gobernos, así que porque teñamos información, pero, mire, eu podo darlle 40.000 exemplos e pode ir vostede a parroquias que teñen proxectos de saneamento que a primeira folla xa non se le porque quedou absolutamente queimada do paso do tempo e que foron alí presentar alcaldes e concelleiros, probablemente non deste Goberno, que precisamente a área do rural está aí un pouco aí nun limbo que non sabemos moi ben agora nin quen é o responsable, pero iso está aí no pasado, pero a realidade é que non existe nada. Pode haber un estudo, pode haber unha idea, pode ver o que vostede considera que se apunten medallas. Home, gobernando como gobernan esta cidade, máis de 25 anos, comprenderá que para o Servizo de Saneamento no Rural non é ser moi ambiciosos pola nosa parte pedir algo máis que un día fixesen un estudo. A realidade é: ten servizo de saneamento? Non. É competencia exclusiva do Concello? Si. Hai convenios, que incluso teñen asinado, que non son capaces de xestionar? e vostede coñéceo, ou debería de coñecelo, porque vostede ten dedicación e levou á área do rural un tempo. Entón, a min paréceme, e isto é unha reflexión que non ten porque compartir, que o feito de que cando traemos unha

proposta que poida ter máis ou menos coincidencias, debería de aplaudila e non criticala.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Rematou o tempo. Segunda quenda para a señora Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Ben, acaba de recoñecer, entón, que accederon a esa información, que coñecían que se está levando a cabo e, desde logo, vostede é coherente na súa argumentación. E dígolle por qué. Porque fala dun Lugo sostible, da axenda 20-30 e demais, pero é que esta non lle é a alternativa 20-30, nin sustentable, senón que é ese parche que o Goberno nos vemos obrigados a facer, porque deberiamos ter. Pero conten a verdade, conten a verdade á poboación de Lugo, porque vostedes din que é obrigación nosa, como se os demais non gobernan, a Xunta de Galicia leva gobernando 15 anos en Santiago e recadando 14 millóns de euros, e non investiu nada, nada, en Lugo. Di vostede eses millóns, efectivamente, pero como foron eses millóns, xa llelos podemos descontar aos 14, aos 14 que que os veciños e veciñas pagamos á Xunta de Galicia. No Concello de Lugo estamos a mobilizar máis de dous millóns e medio, para o rural. E esta é unha proposta que nós temos xa estudada. E dígolle que debe avanzar, señora Candia, as súas ansias, xa lle digo, levan esa incoherencia do papel da Xunta porque fala de competencias exclusivas, hai que sentarse e ver. Pero nós sentímonos orgullosos, e eu síntome moi orgullosa de haber estado no rural, que por circunstancias alleas á miña vontade, e simplemente por organización institucional, non é que quixese abandonar o rural, porque eu se me comprometo a calquera área na que poida, facer, pois vou vou traballar. Vostede di pouco durou, non durei o que a vida, por desgraza, nos fixo pasar a este grupo municipal e adaptando os perfís e coa mellor vontade posible para ser o máis útiles alá onde onde traballemos, Pero ben, volvo ao mesmo, díganlle a verdade aos veciños e veciñas que fan co diñeiro do canon da auga, porque a Xunta é o órgano máis recadador e máis ausente no noso rural, aínda que vostedes digan o contrario.
Remato. Imos seguir aspirando a ter ese saneamento adaptado ao futuro, pero votaremos que non a súa moción por tres razóns de peso: porque o rural de Lugo merece servizos, tubaxes de saneamento e, aínda que teñamos que usar estes parches mentres tanto, por coherencia, porque non imos permitir que vostedes se apropien da folla de ruta que o Goberno xa ten establecida.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Rematou o seu tempo. Quenda de peche para a señora Candia. Cando queira.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Primeiro dixo que a Xunta aportara cero euros, e despois dixo que recoñecía que efectivamente aportara máis de 8,8 millóns de euros, só nunha intervención, é que realmente o cómputo son 17.600.000. Primeiro dixo que puñera cero euros, e despois recoñece que o coñecía e que fora por obrigación. A ver, o dato mata relato, pero, realmente, mentir dunha maneira tan descarada, só se xustifica porque non hai que dicir. Mire, non hai ningún acordo de

Xunta de Goberno, ningún decreto, ningún acto administrativo cun mínimo carácter obrigatorio que demostre que vostedes teñen pensado poñer isto en marcha. Se efectivamente teñen pensado, xa se verá, igual que se viu o saneamento de Tirimol ou de Gondar, que levan anos con el nun caixón e non viron nin un metro cadrado. Ao final, non se trata nin de medallas, nin de titulares, nin de publicacións en facebook. Trátase de feitos, precisamente os que non hai, e se efectivamente tanto interese ten no rural, pode collela porque aínda está libre.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Pois eu antes de pasar á votación gustaríame facer dúas pequenas puntualicacións. Falaba antes a señora Candia, ou presumiu máis ben, de falar con seriedade e soltaba unha serie de opinións sen estar apoiadas por ningún argumento máis que á súa respectable opinión. Eu falolle de datos e eu lamento reiterar o que xa moi ben dixo a concelleira:, canon da auga que pagan os veciños e veciñas relixiosamente todos os meses ou cada dous meses, máis de 14 millóns, preto de 15 millóns de euros, e sen que reverta nin un céntimo no Concello de Lugo. Reverte en concellos que todos coñecemos que, curiosamente, teñen todos a súa mesma cor política nos gobernos correspondentes. Segundo, mire, vostede pode ocultalo, pode escondelo, pode terxiversalo, o que queira, pero con esta moción o que está facendo e emendar o que vostedes non defenderon nos últimos tempos, e a min, e por outra parte estou contento porque é verdade que me levou case catro anos, 30 ou 40, plenos sucesivos, para que vostedes entenderán dunha vez, xa o sabían pero non o querían recoñecer, porque lles interesaba sacar rendibilidade, entender que non é posible levar o saneamento e abastecemento simultaneamente a totalidade dos 54 parroquias deste Concello. Non é posible. E menos sen a colaboración da Xunta de Galicia. E, por certo, efectivamente ten razón, existen eses proxectos de Gondar, de Bascuas, etcétera, etcétera. Pero sabe por que existen? Porque no seu día, antepasados nosos neste Concello llos presentaron primeiro ao señor Feijóo e despois ao señor Rueda, e no medio a algún conselleiro actualmente ministro, e non os apoiaron, non conseguiron financiamento, non nos meteron nos seus orzamentos e, por iso, claro que quedaron alí, porque o Concello foi facendo saneamento e abastecemento en función das súas propias capacidades e dos seus propios orzamentos.
E, mire, o tema das fosas que, ao final, é a solución, transitoria ou paralela ao tema do saneamento e abastecemento mentres se vai avanzando, levamos moitos meses traballando moi seriamente neste Concello, moitos meses, e por iniciativa deste Concello, non por petición ao mellor dos veciños, porque unha parte dos veciños tenlles solucionado o tema das fosas, outros non, que dependen de terceiras persoas. E bens, o que sospeito é que, unha vez que lles demostramos con datos e con feitos que tecnicamente e financeiramente non é posible o abastecemento e saneamento da totalidade, porque igual por orografía, por custe, problemas técnicos, etcétera, etcétera, home, pois temos que facer algo neste tema, e que imos facer? Como se enteraron de que estamos traballando no tema das fosas sépticas, imos presentar unha proposición a ver se cola. Ben, pois cólalles, xa lles digo que estamos totalmente de acordo, levamos moito tempo

traballando neste tema, só esperamos que non poñan pegas, que non poñan paus nas rodas e que cando se materialice o apoien de verdade e, de paso, axudaría moito se nese afán de atender aos veciños do rural, exixisen á Xunta de Galicia, que non pasa nada aínda que sexan do seu partido, que invista unha parte deses 15 millóns ou 14 e pico en saneamento e abastecemento do Concello de Lugo. Así sabe que fariamos? Avanzar moito máis rápido nese saneamento. E, desde logo, nin Bascuas nin Gondar, e outros que quedaron nun caixón, despois de que alcaldes e alcaldesas desta cidade llo levaran aos sucesivos presidentes da Xunta, non lles fixeron caso. Pasamos a votar.

Abandona o salón de sesións DONA CRISTINA SANZ ARIAS, cando son as 12:38 horas

B) <u>PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL</u>

ACTAS E GOBERNO

13/198 **DACIÓN DE CONTA DO ACORDO NÚMERO 1/473 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26 DE NOVEMBRO DE 2025, RELATIVO Á DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DESTE ÓRGANO COLEXIADO NO TITULAR DA ÁREA DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE. (EXP. 2025/G004/000725).-** Ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA do acordo número 1/473, da Xunta de Goberno Local do 26 de novembro de 2025 que, a seguir, se transcribe:

"1/473 **DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NO TITULAR DA ÁREA DE URBANISMO, DEPORTES E XUVENTUDE (2025/G004/000712).-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Alcaldía, do 21 de novembro de 2025, na parte expositiva do cal se fai constar:

'Visto o Decreto número 10280/2025, do 4 de novembro de 2025 (que entrou en vigor o día 10 de novembro de 2025), no que se nomearon tenentas e tenentes de alcalde, se crearon as áreas de goberno e o seu ámbito material, se nomearon as persoas titulares destas e das concellerías delegadas dentro das ditas áreas de xeito que quedan integrados na ÁREA DE URBANISMO, DEPORTES E XUVENTUDE os postos de traballo e as unidades que forman parte dos servizos de Urbanismo, Licenzas, Arquitectura e da oficina de Arqueoloxía, faise preciso

determinar o réxime de competencias que asumirá este órgano para garantir o funcionamento dos servizos municipais que lle corresponden.'

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Delegar no titular da Área de Urbanismo, Deportes e Xuventude o outorgamento e denegación de licenzas urbanísticas que se refiran á execución de obras e instalacións para as que a lexislación require a presentación de proxecto técnico ou sexan cualificadas de obra maior e cuxo presuposto de execución material segundo proxecto sexa inferior a 300.000 euros, así como a aprobación das liquidacións tributarias que procedan por este concepto.

Así mesmo, delégase o exercicio das atribucións que lle correspondan á Xunta de Goberno Local, sempre e cando non sexan indelegables, en relación cos servizos, actividades e materias seguintes:

- ordenación e xestión urbanística e execución do planeamento urbanístico,
- intervención na regulación do mercado do solo e xestión do patrimonio municipal do solo,
- intervención no exercicio das facultades dominicais relativas ao uso do solo e edificación,
- actuacións de disciplina urbanística,
- promoción e xestión de vivenda,
- conservación e protección do patrimonio histórico-artístico,
- fomento da conservación e rehabilitación das edificacións,
- actuacións de arqueoloxía para preservación do patrimonio,
- vixilancia e control de establecementos industriais, comerciais, de servizos, de espectáculos e actividades recreativas, establecementos públicos e outras instalacións sometidas a autorización municipal.

SEGUNDO.- As delegacións acordadas no apartado anterior suxeitaranse ao seguinte réxime xurídico:

a) Os actos ditados, se é o caso, polo órgano delegado no exercicio das atribucións delegadas enténdense ditados polo órgano delegante. Corresponderalle ao órgano delegante a resolución dos recursos que poidan interpoñerse.

b) O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nas resolucións que, se é o caso, se diten, de conformidade co que dispón o artigo 9 da Lei 40/2015. Así, nas resolucións que se adopten no exercicio das delegacións conferidas pola Xunta de Goberno Local, farase constar expresamente esta circunstancia e a data deste acordo.

c) O órgano delegante, sen prexuízo das facultades que lle corresponden á Alcaldía, conservará as facultades de recibir información da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións emanados en virtude da delegación e a de ser informados previamente á adopción de decisións de transcendencia, de acordo co disposto no artigo 115 ROF.

d) A Xunta de Goberno Local poderá revogar en calquera momento as delegacións efectuadas seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas, de conformidade co establecido no artigo 9.6 da Lei 40/2015 e 116 ROF.

e) A Xunta de Goberno Local poderá resolver, sen necesidade de avocación formal, en calquera momento daquelas competencias delegadas que pola súa importancia, transcendencia social ou outras consideracións o xustifiquen sen que iso supoña alteración das delegacións de competencias e atribucións efectuadas de acordo co que dispón o artigo 10 Lei 40/2019 e 116 ROF.

f) En ningún caso poderán delegarse as atribucións que se posúan á súa vez por delegación.

g) As resolucións ditadas en virtude de delegación de atribucións poñerán fin á vía administrativa nos mesmos casos e termos que correspondería á actuación do órgano delegante.

h) Nos supostos de ausencia de calquera clase do titular da Área de Urbanismo, Deportes e Xuventude, as competencias a este atribuídas serán exercidas polo titular da Área de Dinamización Económica e Relación Institucionais.

i) As delegacións contempladas neste acordo non quedarán revogadas por cambio do titular da área, salvo que expresamente así se determine.

TERCEIRO.- Derrogar o disposto nos acordos adoptados anteriormente pola Xunta de Goberno Local en todo aquilo que se opoña ou contradiga ao disposto neste acordo.

CUARTO.- Deste acordo daráselle conta ao Excmo. Concello Pleno, procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, á súa exposición no Taboleiro de Edictos, Portal de Transparencia, á súa notificación a todas as persoas interesadas e á súa comunicación ás dependencias municipais."

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

14/199 **DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 11257/2025, DO 1 DE DECEMBRO DE 2025, RELATIVO Á NOVA ADSCRICIÓN DE MEMBROS DO GRUPO PSdeG-PSOE ÁS COMISIÓNS DE PLENO, CON MOTIVO DA**

INCORPORACIÓN DE DONA MARÍA REIGOSA CASTRO COMO CONCELLEIRA DE DITO GRUPO. (EXP. 2025/G004/000730).- Ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA do decreto número 11257/2025, do 1 de decembro de 2025, do seguinte teor literal:

"DECRETO

Excmo. Sr. alcalde presidente do Excmo. Concello de Lugo, don Miguel Fernández Méndez.

Examinado o expediente de referencia e vistos:

1. Acordo plenario número 2/143, da sesión ordinaria do 30 de outubro de 2025, de toma de posesión de dona María Reigosa Castro como concelleira desta Excma. Corporación.

2. Comunicación do 31 de outubro de 2025 (número de Rexistro de Pleno 326/2025) de adscrición de dona María Reigosa Castro ao Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do que se deu conta ao Pleno na sesión ordinaria do 27 de novembro de 2025 (acordo 22/183).

3. Decreto 10280, do 4 de novembro de 2025 -que entrou en vigor o día 10 de novembro seguinte- de organización municipal e no que se designou a dona María Reigosa Castro concelleira delegada de Cohesión Territorial.

4. Comunicación do 5 de novembro de 2025 (número de Rexistro de Pleno 328/2025) de adscrición de dona María Reigosa Castro ás distintas comisións de Pleno.

De conformidade con todo o anterior e coa finalidade de recoller nun só decreto a composición actual das comisións de Pleno, **RESOLVO:**

Primeiro.- Efectuar, de conformidade co escrito presentado polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE -número 328/2025 de rexistro do Pleno-, a adscrición de dona María Reigosa Castro ás distintas comisións de Pleno, manténdose o resto de nomeamentos nas comisións permanentes ordinarias e especiais, de conformidade cos escritos presentados no seu día polos voceiros dos distintos grupos municipais, así como dos/das seus/súas presidentes/as e vicepresidentes/as (elixidos no seo das propias comisións) segundo o seguinte detalle:

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA E COHESIÓN TERRITORIAL**

  Composición (en representación dos grupos municipais):

  Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

  Titulares: don Jorge Bustos Atanasio (que actuará como portavoz), dona Ana María González Abelleira e dona María Reigosa Castro.

  Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

  Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

  Titulares: don Alexandre Penas Roibás (que actuará como portavoz) e dona Iria Buide Pena.

Suplentes: don Rubén Arroxo Fernández, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e dona María Cristina López Fernández.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona Flora Rubinos Rois (que actuará como portavoz), don Antonio Ameijide Osorio, dona Aurora Aida Goás Castro e don Gustavo Enrique Díaz Rey.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Presidenta e vicepresidente e data de celebración:

- Presidenta: DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA
- Vicepresidente: DON JORGE BUSTOS ATANASIO
- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 9.00 horas (sesión constitutiva do 23 de maio de 2025).

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA E DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS**

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: don Mauricio Victorio Repetto Morbán (que actuará como portavoz), dona María de los Ángeles Novo Martínez e don Waldir Sinisterra Restrepo.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: don Rubén Arroxo Fernández (que actuará como portavoz) e dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Suplentes: don Alexandre Penas Roibás, dona María Cristina López Fernández e dona Iria Buide Pena.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: don Agustín Gallego Vigo (que actuará de portavoz), don Javier Vázquez Prado, don Ramón Cabarcos Rodríguez e don Damián Carballo Méndez.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Presidente e vicepresidenta e data de celebración:

- Presidente: DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ.
- Vicepresidenta: DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN.
- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 10.00 horas.

- **COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS E PERMANENTE ORDINARIA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA**

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: dona María de los Ángeles Novo Martínez (que actuará como portavoz), dona Olga López Racamonde e dona María Reigosa Castro.
Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.
Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego
Titulares: dona María Cristina López Fernández (que actuará como portavoz) e dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.
Suplentes: don Rubén Arroxo Fernández, don Alexandre Penas Roibás e dona Iria Buide Pena.
Grupo Municipal do Partido Popular
Titulares: dona María del Mar Carballas Piñeiro (que actuará como portavoz), dona Silvia Colmenero Guzmán, dona Aurora Aida Goás Castro e don Gustavo Enrique Díaz Rey.
Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.
Presidenta e vicepresidenta e data de celebración:
- Presidenta: DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ.
- Vicepresidenta: DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN.
- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 11.00 horas.

- **COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE XESTIÓN DE RECURSOS INTERNOS E URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE**

Composición (en representación dos grupos municipais):
Grupo Municipal do PSdeG-PSOE
Titulares: dona Ana María González Abelleira (que actuará como portavoz), don Jorge Bustos Atanasio e don Waldir Sinisterra Restrepo.
Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.
Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego
Titulares: dona María Cristina López Fernández (que actuará como portavoz) e don Alexandre Penas Roibás.
Suplentes: don Rubén Arroxo Fernández, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e dona Iria Buide Pena.
Grupo Municipal do Partido Popular
Titulares: dona María Elena Candia López (que actuará como portavoz), don Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez, dona Silvia Colmenero Guzmán e don Damián Carballo Méndez.
Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.
Presidente e vicepresidente e data de celebración:
- Presidente: DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA (elixida na sesión da Comisión do 21 de novembro de 2025).
- Vicepresidente: DON JORGE BUSTOS ATANASIO.
- Data de celebración: os venres da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 9.30 horas (sesión constitutiva do 26 de maio de 2025).

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E COHESIÓN SOCIAL**
  Composición (en representación dos grupos municipais):
  Grupo Municipal do PSdeG-PSOE
  Titulares: dona Olga López Racamonde (que actuará como portavoz), don Mauricio Victorio Repetto Morbán e dona María de los Ángeles Novo Martínez.
  Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.
  Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego
  Titulares: don Alexandre Penas Roibás (que actuará como portavoz) e dona Iria Buide Pena.
  Suplentes: don Rubén Arroxo Fernández, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e dona María Cristina López Fernández.
  Grupo Municipal do Partido Popular
  Titulares: dona Cristina Sanz Arias (que actuará como portavoz), don Gustavo Enrique Díaz Rey, dona Aurora Aida Goás Castro e don Agustín Gallego Vigo.
  Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.
  Presidenta e vicepresidente e data de celebración:
  - Presidenta: DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE.
  - Vicepresidente: DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN.
  - Data de celebración: os venres da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 11.00 horas (sesión constitutiva do 26 de maio de 2025).

Segundo.- Comunicarlles esta resolución aos/ás interesados/as e darlle conta ao Pleno da corporación na vindeira sesión que celebre.

Cúmprase."

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

15/200 **DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 11673/2025, DO 12 DE DECEMBRO, DO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS, POLO QUE SE MODIFICA O DECRETO NÚMERO 10280/2025, DO 4 DE NOVEMBRO, DE ORGANIZACIÓN MUNICIPAL. (EXP. 2025/G004/000766).-** Examinado o expediente tramitado para estes efectos, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA do Decreto número 11673/2025, do 12 de decembro de 2025, do Libro Único de Resolucións, polo que se modifica o número 10280/2025, do 4 de novembro, de organización municipal e que é do seguinte teor:

"**DECRETO**

Excmo. Sr. alcalde presidente do Excmo. Concello de Lugo, don Miguel Fernández Méndez.
Visto o Decreto número 10280/2025, do 4 de novembro de 2025, de organización municipal.
Visto, así mesmo, o Decreto 11458/2025, do 5 de decembro de 2025.
Esta Alcaldía en cumprimento do establecido no artigo 124 do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e no Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo (ROMGA), **RESOLVE**:
PRIMEIRO.- Modificar o Decreto 10280/2025, do 4 de novembro de 2025, no sentido de que as competencias de carácter específico que se inclúen na Concellería de Cohesión Territorial, recuperaraas o titular da Área da Alcaldía e Transición Ecolóxica e Cohesión Territorial, na que se atopa encadrada, en tanto non se proceda a un novo nomeamento.
SEGUNDO.- Darlle traslado desta modificación ao Excmo. Concello Pleno na primeira sesión que celebre; proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, á súa exposición no Taboleiro de Edictos e á súa comunicación aos servizos municipais.
Cúmprase."

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

16/201 **DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NA SECRETARÍA XERAL (VICESECRETARÍA) DENDE O DÍA 14 DE NOVEMBRO DE 2025, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (EXP. 2025/G004/000768).-** En conformidade co informe do vicesecretario municipal, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus delegados e delegadas, que obran na Secretaría Xeral (Vicesecretaría), dende o día 14 de novembro de 2025, coa numeración 10609/2025 a 11681/2025, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2025.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

INTERVENCIÓN

17/202 **DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL**

FINANCEIRO DE ANÁLISE DOS SALDOS DE DEREITOS PENDENTES DE COBRO DE EXERCICIOS PECHADOS (CAPÍTULO III DE TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS) A 31-12-2024.- Vista a proposta da Alcaldía, do 5 de decembro de 2025.

"O artigo 36 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local establece que "*1. Os informes definitivos de control financeiro serán remitidos polo órgano interventor ao xestor directo da actividade económico-financeira controlada e ao Presidente da Entidade Local, así como, a través deste último, ao Pleno para o seu coñecemento. A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria*".

En cumprimento da mencionada normativa, o 26 de novembro de 2025, a Intervención Xeral Municipal emitíu o Informe Definitivo de Control Financeiro de análise dos saldos de dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados (capítulo III de Taxas, prezos públicos e outros ingresos) a 31.12.2024 (Ref: 2025/1856 de data 24/11/2025).

É polo que **SE PROPÓN**:

Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Informe Definitivo de Control Financeiro de análise dos saldos de dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados (capítulo III de Taxas, prezos públicos e outros ingresos) a 31.12.2024 (Ref: 2025/1856 de data 24/11/2025)."

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

18/203 **DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL PERMANENTE PLANIFICABLE OBRIGATORIO SOBRE A AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA EN MATERIA DE MOROSIDADE DURANTE O EXERCICIO 2024.-** Vista a proposta da Alcaldía, do 5 de decembro de 2025, do seguinte teor literal:

"O artigo 36 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local establece que "*1. Os informes definitivos de control financeiro serán remitidos polo órgano interventor ao xestor directo da actividade económico-financeira*

controlada e ao Presidente da Entidade Local, así como, a través deste último, ao Pleno para o seu coñecemento. A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria".

En cumprimento da mencionada normativa, o 26 de novembro de 2025, a Intervención Xeral Municipal emitíu o Informe Definitivo de Control Permanente Planificable Obrigatorio sobre a avaliación do cumprimento da normativa en materia de morosodade durante o exercicio 2024 (Ref: 2025/1879 de data 26/11/2025).

É polo que **SE PROPÓN**:

Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Informe Definitivo de Control Permanente Planificable Obrigatorio sobre a avaliación do cumprimento da normativa en materia de morosodade durante o exercicio 2024 (Ref: 2025/1879 de data 26/11/2025)."

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

19/204 **DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE AUDITORÍA ANUAL DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS DO CONCELLO DE LUGO. EXERCICIO 2024.-** Vista a proposta da Alcaldía, do 9 de decembro de 2025, do teor literal seguinte:

"O artigo 36 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local establece que "*1. Os informes definitivos de control financeiro serán remitidos polo órgano interventor ao xestor directo da actividade económico-financeira controlada e ao Presidente da Entidade Local, así como, a través deste último, ao Pleno para o seu coñecemento. A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria*".

En cumprimento da mencionada normativa, o 5 de decembro de 2025, a Intervención Xeral Municipal emitíu o Informe Definitivo de auditoría anual do Rexistro Contable de Facturas do Concello de Lugo, exercicio 2024 (Ref: 2025/1961).

É polo que **SE PROPÓN**:

Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Informe Definitivo de auditoría anual do Rexistro Contable de Facturas do Concello de Lugo, exercicio 2024 (Ref: 2025/1961)."

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

FACENDA LOCAL

20/205 **DACIÓN DE CONTA DA ELEVACIÓN AUTOMÁTICA A DEFINITIVOS DOS ACORDOS NOS QUE SE APROBARON INICIALMENTE AS MODIFICACIÓNS DA ORDENANZA FISCAL XERAL; DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 200, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA; DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 203, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES; DA ORDENANZA NÚMERO 406, REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE COMEDOR ESCOLAR NOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA.**- Visto o informe proposta da xefa do servizo de Facenda Local, conformado pola tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión de Recursos Internos, do 10 de decembro de 2025, do teor literal seguinte:

"O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o 29/09/2025, aprobou inicialmente os acordos de modificación das ordenanzas fiscais referidas no encabezamento, expoñéndose os ditos acordos mediante anuncios publicados no diario "EL PROGRESO" na data do 4/10/2025, no diario "LA VOZ DE GALICIA" con data do 4/10/2025 e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 229 na data de 4/10/2025, así como no Taboleiro de Anuncios dende o 7/10/2025 ata o 18/11/2025, ambos inclusive, sen que se presentase contra estes ningunha reclamación durante o prazo de exposición pública, segundo consta na certificación expedida pola Secretaria Xeral do Pleno deste Concello con data do 28/11/2025, polo que, de conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no cal se establece que *"finalizado o período de exposición pública, as corporacións locais adoptarán os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentaron e aprobando a redacción definitiva da ordenanza, a súa derrogación ou as modificacións a que se refira o acordo provisional. No caso de que non se presentaran reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario"* **DASE** conta ao Excmo. Concello Pleno da elevación automática a definitiva dos acordos ata entón provisionais, adoptados polo Excmo. Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 29/09/2025, de modificacións da ordenanza fiscal xeral, da ordenanza fiscal número 200 reguladora do imposto sobre vehículos

de tracción mecánica, da ordenanza fiscal número 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles, da ordenanza número 406 reguladora prezo público pola prestación do servizo municipal de comedor escolar nos centros públicos de educación infantil e primaria.

En virtude do artigo 17.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no cal se establece que *"en todo caso, os acordos definitivos a que se refire o apartado anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das ordenanzas ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no boletín oficial da provincia ou, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial, sen que entren en vigor ata que se levou a cabo dita publicación"* os textos íntegros das modificacións aprobadas, das devanditas ordenanzas, foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 281 de data 9/12/2025."

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

TESOURERÍA

21/206 **DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE NOVEMBRO DE 2025.-** En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira durante o mes de NOVEMBRO de 2025, coa numeración 127/2025 a 142/2025.

Do 01 ao 30 de NOVEMBRO de 2025 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:

Nº de Expediente	Asunto	Número de documento	Fecha Firma
2025/T030/000129	Resolución Tesourería.- Deixar sen efecto a providencia de constrinximento Sara Copa Pérez do IVTM/24 nº 12147247	2025/127	03/11/2025
2025/T030/000130	Resolución Tesourería.- Deixar sen efecto a providencia de constrinximento DANIEL GIL GÓMEZ do recibo 12513726 IBI/2025	2025/128	04/11/2025
2025/T030/000131	Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia de constrinximento JONATHAN BREA LÓPEZ (Multa 2023-P-00010224)	2025/129	04/11/2025
2025/T030/000132	Resolución Tesourería.- Acumulación RT recurso reposición contra providencia de constrinximento José Manuel Martínez Velasquez multas 2024P00000533 e 2024P00004202	2025/130	07/11/2025
2025/T030/000133	Resolución Tesourería.- Retroacción procedemento constrinximento ANA MARÍA VÁZQUEZ CARBALLAL da liquidación nº 12599451	2025/131	07/11/2025
2025/T030/000134	Resolución Tesourería.- Recurso reposición contra	2025/132	10/11/2025

	providencia de constrinximento CLINICA ARENAL LUCENSE recibo 12427670 do 1T/2025		
2025/T030/000135	Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia de constrinximento SEVHERME SL contra a liquidación nº 12207684 en concepto de ICIO	2025/133	14/11/2025
2025/T030/000128	Resolución Tesourería.- Recurso contra a devolución de ingresos indebidos Antonio Gómez López (Representante Julián Castaño Merodio)	2025/134	14/11/2025
2025/T030/000136	Resolución Tesourería.- Recurso de reposición providencia de constrinximento DANIEL GIL GÓMEZ nº liquidación ICIO 12404124	2025/135	14/11/2025
2025/T030/000137	Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia de embargo ONEGA ARES SL.	2025/136	17/11/2025
2025/T030/000138	Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia constrinximento José Torres Pacios da liquidación 12048226 en concepto de ICIO.	2025/137	17/11/2025
2025/T030/000139	Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia de constrinximento VALLARTA INVERSIONES SL do recibo nº 12562830 IBI en Avda. da Coruña 273-275 ENT 0047	2025/138	25/11/2025
2025/T030/000140	Resolución Tesourería.- Deixar sen efecto a providencia de constrinximento JULIA ARIAS MARTÍNEZ recibo IBI nº 12481317	2025/139	25/11/2025

2025/T030/000141	Resolución Tesourería.- Deixar sen efecto a providencia de constrinximento RAFAEL SAN MIGUEL CARRASCO do ICIO nº 12589888	2025/140	27/11/2025
2025/T030/000142	Resolución Tesourería.- Recurso de reposición providencia de constrinximento MULTIENERGIA VERDE SL pola sanción de inspección nº 12597130	2025/141	27/11/2025
2025/T030/000143	Resolución Tesourería.- Solicitude de declaración de nulidade de actuacións LUIS ALBERTO SILVA PALACIOS Multas 2022B0008357 e 2022B0008873	2025/142	28/11/2025

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 389/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A REVISIÓN, REPARACIÓN, LIMPEZA E MANTEMENTO DOS CONTEDORES DE RESIDUOS COLOCADOS NO CENTRO HISTÓRICO DE LUGO.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:
Os veciños e veciñas do centro histórico de Lugo trasládannos a súa preocupación pola situación na que se atopan algúns dos contedores de residuos que se colocan á última hora do día co obxectivo de reforzar a recollida de residuos**.** Moitos deles presentan roturas, non teñen de tapa e un estado de sucidade notable, o que non só dificulta o seu uso adecuado, senón que afecta negativamente á imaxe da cidade.

Cómpre recordar que esta zona é un dos principais destinos turísticos da cidade, polo que é necesario que se compatibilice a recollida reforzada coa protección da imaxe do centro histórico.
Por todo iso, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o PLENO un rogo para que o goberno local:

1. **Revise de maneira urxente o estado dos contedores.**
2. **Substitúa ou repare aqueles que se atopen deteriorados, sen tapa ou en malas condicións.**
3. **Reforce a limpeza e mantemento destes elementos co fin de garantir unha recollida de residuos eficiente e compatible coa protección e coidado da contorna histórica.**
4. **Evite a colocación de contedores en mal estado, corrixindo unha práctica que afea a cidade.**

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois formula o rogo a señora Carballas.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Grazas alcalde. Creo que xa a saudei a todos os veciños asistentes, pero, se non é así, reitero o meu saúdo. Hoxe levamos un rogo ao Pleno pola situación dos colectores de residuos que se colocan a última hora do día no casco histórico de Lugo para reforzar a recollida, unha medida que en teoría debería mellorar o servizo pero que na práctica está a xerar queixas da veciñanza e unha mala imaxe da cidade. Vemos como se colocaban colectores rotos, algúns sucios, e non sabemos a razón, todos sen tapa. Colectores colocados en rúas peonís que xeran unha sensación de abandono impropia dunha cidade como a nosa. Como xa vimos demostrando dende hai tempo, para o Grupo Municipal do Partido Popular, non hai veciños e primeira e veciños de segunda, por eso estes contedores non os queremos nin para o casco histórico nin para outras zonas da cidade. A isto hai que engadir que o servizo de recollida de residuos sólidos urbanos é un dos contratos máis custosos do Concello de Lugo. Estamos a falar dun contrato que roza os 12 millóns de euros ao ano, case 12 millóns de euros que pagamos todos os lucenses para ter un servizo de calidade, eficiente e coidado. Entón a pregunta é evidente: como é posible que cun dos servizos máis caros do Concello teñamos contedores sen tapa, rotos e en mal estado?. Sinceramente, creo que aquí o problema non é a falta de recursos, o problema é a falta de control, de seguimento e de esixencia á empresa concesionaria. O problema unha vez máis é a mala xestión. Lémbrolles que privatizar ou externalizar non é esquecerse do servizo, e compatibilizar a recollida reforzada coa protección da imaxe da cidade non é unha opción, é unha obriga. Non vale escudarse en que os contedores se colocan de noite ou que é algo provisional, colocar contedores en mal estado é unha decisión política, non revisar o seu estado é unha decisión política e permitir que se degrade a imaxe do casco histórico, tamén é unha decisión política. Por iso dende o Grupo Municipal do Partido Popular facemos un rogo claro e razoable ao Goberno local: primeiro, que se revise de maneira urxente

o estado dos contedores que se están a empregar neste reforzo da recollida; segundo, que se substitúan ou reparen todos aqueles que estean deteriorados sen tapa ou en malas condicións; terceiro, que se reforce a súa limpeza e mantemento, garantindo unha recollida residuos eficiente e compatible co coidado da contorna histórica ; e por último, que se evite a colocación de contedores en mal estado, poñendo fin a unha práctica que afea a cidade. Grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, moitas grazas. Contesta agora a señora Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Pois tendo en conta que xa é un traballo programado e que a empresa adxudicataria leva a cabo, terase en consideración o rogo.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pasamos ao seg

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 390/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ADOPTEN MEDIDAS TANTO PREVENTIVAS COMO DE MELLORA DA SEGURIDADE NO LOCAL SOCIAL DE MEILÁN E SE REPAREN DE MANEIRA URXENTE OS DANOS QUE SUFRIU O LOCAL NO ÚLTIMO ACTO VANDÁLICO.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:
O local social de Meilán vén sufrindo roubos de maneira reiterada, sen que ata o de agora conste a adopción de medidas específicas para previr novos incidentes nin a súa reparación.

Estes feitos están a xerar unha crecente preocupación entre os usuarios e veciños, ademais dun evidente prexuízo para as instalacións e para o desenvolvemento das actividades que nel se realizan.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o PLENO, un ROGO para que se avalíe a situación e impulse a adopción das medidas oportunas, tanto preventivas coma de mellora da seguridade, que permitan evitar novos roubos e garantir unha protección axeitada do local social de Meilán. Así mesmo, que se reparen de maneira urxente os danos que sufriu o local no último acto vandálico.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, formula a pregunta polo Partido Popular, a señora Candia.

DONA MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Ainda que o rogo se dirixe máis ao centro social, podía analizarse toda a contorna onde se ubica este local, porque un paseo pola contorna vese que é máis propio, case, dun escenario bélico que dun edificio municipal. A conservación brilla pola súa ausencia, o abandono é absolutamente

preocupante porque, de feito, o que se permite desmantelar alí, ten tamén un valor que ninguén vixía, que ninguén controla, que ninguén adecenta, que ninguén limpa, e que nin sequera se preocupan da inseguridade no que se atopa a situación, pero evidentemente ninguén pode culpar a un Goberno de que se produza un acto vandálico ou un roubo. É certo que ás veces non entendemos que se neguen esas circunstancias, e que intenten minimizar situacións que necesitan seguridade, pero, parto da base de que, a pesar de todo iso, poden suceder. O que nos parece máis difícil de entender é que unha vez que suceda, unha vez que se avise ao titular do inmoble do que sucedeu, pasen días e días, ben, se confirme que efectivamente están informados, e dicir, que se conteste, dámonos por enterados, grazas... que pasen días e días e ninguén nin sequera retire os restos de cristais da ventá que romperon para entrar, non poñan polo menos unha nova cerradura na porta para volver a protexer un pouco a seguridade do inmoble. Bueno, insisto, xa non é un tema estético, que tamén, o fin o cabo o estado de conservación dos locais sociais é tamén unha imaxe, unha carta de presentación do que opina ou da prioridade que considere o Goberno local deses espazos, pero tamén é un tema de seguridade. Nos pasamos, facía máis de un mes que ocorrera isto, ninguén foi, ou non fixo nada ou ninguén foi, creo que calquera das dúas reaccións é absolutamente incorrecta. Por iso, repetimos ao Pleno, vía rogo, que se avalíe esta situación, que se adopten medidas oportunas para intentar, ben, digamos, reforzar a seguridade destes inmobles, que se intente evitar novos roubos coas medidas de protección axeitadas e que se adecenten e se reparen os danos e prexuízos que sufriu este inmoble despois do último acto vandálico. Creo que novamente convén recordar que os veciños de Meilán merecen un respecto e tamén merecen o adecentamento do seu local social.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois agora ten a palabra para contestar a señora María Reigosa. Cando queiras María.

DONA MARÍA REIGOSA CASTRO: Ben, intentarase mellorar este aspecto, grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, seguimos co seguinte rogo.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 391/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O GOBERNO MUNICIPAL REVISE A REDE DE ABASTECEMENTO DE AUGA NA LOUZANETA E GARANTA O FUNCIONAMENTO CUNHA PRESIÓN REGULAR, CONSTANTE E SUFICIENTE.-
Visto o referido escrito que é do seguinte teor:
A veciñanza da Louzaneta trasládanlle a este grupo a súa preocupación pola insuficiente presión de auga nalgunhas vivendas e establecementos da zona. Esta deficiencia está a provocar molestias e limitacións no uso cotián dun servizo básico, afectando tanto a familias como a actividades económicas.

A presión insuficiente pode deberse a un dimensionamento inapropiado da rede municipal, a posibles obstrucións ou a posibles roturas froito dun mantemento insuficiente das instalacións, polo que é preciso revisar a infraestrutura existente e adoptar as medidas necesarias para garantir unha subministración adecuada, estable e acorde ás necesidades actuais do barrio.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o PLENO, un ROGO para que o goberno municipal revise a rede de abastecemento de auga na Louzaneta e realice as actuacións necesarias para garantir o seu funcionamento cunha presión regular, constante e suficiente.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Formula o rogo o señor Cabarcos.

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: A veciñanza da Louzaneta traslada a este grupo a súa preocupación pola insuficiente presión de auga nalgunhas vivendas e establecementos da zona. Esta deficiencia está a provocar molestias e limitacións no uso cotián do servizo básico, afectando tanto familias como as actividades económicas. A presión insuficiente pode deberse a un dimensionado inapropiado da rede municipal ou a posibles obstrucións ou rupturas froito dun mantemento insuficiente, polo que é preciso revisar a infraestrutura existente e adoptar medidas necesarias para garantir un subministro adecuado, estable e acorde ás necesidades actuais do barrio. Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o Pleno un rogo para que o Goberno municipal revise a rede de abastecemento e tamén a de saneamento de auga na Louzaneta e realice as actuacións necesarias para garantir o funcionamento da mesma cunha presión regular, constante, suficiente.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Contesta o señor Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas, alcalde. Este rogo é exactamente o mesmo que veu á Comisión de Transición Ecolóxica e Cohesión Territorial. Meteuse o 16 de decembro e a comisión foi o 18, así que limítome a contestación que din nesa Comisión.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, continuamos seguinte rogo.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 392/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE RECOÑEZA INSTITUCIONALMENTE A FIGURA DE D. RAMÓN FALCÓN RODRÍGUEZ POLA SÚA CONTRIBUCIÓN DECISIVA Á CONSERVACIÓN, RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA MURALLA ROMANA DE LUGO E SE COLOQUE UNHA PLACA

CONMEMORATIVA COA QUE SE LLE RENDA HOMENAXE.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:
Ramón Falcón Rodríguez, a finais da década dos anos sesenta, na súa condición de subdirector xeral de Belas Artes, foi o promotor da importante iniciativa coñecida como a operación “Muralla Limpa”, desde a cal conseguiu os recursos económicos, xurídicos e técnicos necesarios para a súa execución, desenvolvida de maneira coordinada co Concello e coa Deputación de Lugo.

Esta actuación, cun custo aproximado de 250 millóns de pesetas da época, supuxo a maior intervención realizada na muralla romana de Lugo na etapa contemporánea. Grazas a ela, o monumento foi preparado para presentarse de forma axeitada con motivo da celebración do seu Bimilenario no ano 1976, un fito que marcou un antes e un despois na percepción social, cultural e institucional da muralla.

A devandita celebración contribuíu decisivamente a reforzar o valor simbólico e patrimonial do monumento, tanto para a cidadanía lucense como a nivel internacional, proceso que culminaría 24 anos despois co seu recoñecemento como Patrimonio da Humanidade no ano 2000, do que celebramos nestes días o 25 aniversario.

A magnitude da intervención impulsada por D. Ramón Falcón Rodríguez e a súa influencia na conservación e posta en valor da muralla romana levan a pensar, a moitos lucenses coñecedores da súa decidida implicación, que na cidade non ten un recoñecemento suficiente a súa figura, así como unha escasa memoria colectiva sobre esta operación transcendental para a preservación dun dos nosos principais monumentos.

Esta percepción foi recollida tamén polo escritor e xornalista D. José de Cora nun artigo publicado en xuño de 2020, no que recoñece a existencia deste sentimento e identifica a D. Ramón Falcón Rodríguez como unha persoa de notoria transcendencia na historia recente da cidade, especialmente desde os inicios dos anos setenta, cando se xesta a operación Muralla Limpa.

Cómpre lembrar que D. Ramón Falcón Rodríguez evidenciou a necesidade de valorar e dignificar un monumento que, a comezos do século XIX, chegou a ser considerado polas autoridades locais como susceptible de demolición, salvándose unicamente polos seus valores defensivos. O seu empeño persoal e profesional nesta empresa convérteo no maior valedor da muralla romana de Lugo desde o seu recoñecemento como ben patrimonial cultural, sendo xusto e necesario que a cidade lle renda o recoñecemento debido.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o PLENO un rogo, para que o goberno local:

1. **Recoñeza institucionalmente a figura de Ramón Falcón Rodríguez pola súa contribución decisiva á conservación, recuperación e posta en valor da muralla romana de Lugo.**

2. **Coloque unha placa conmemorativa nun lugar prominente do percorrido exterior da muralla romana de Lugo, na que se renda homenaxe a D. Ramón Falcón Rodríguez e se deixe constancia histórica da operación "Muralla Limpa".**

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Pois formula o rogo polo Partido Popular a señora Candia. Cando queira.

DONA MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Pois moitas grazas. Don Ramón Falcón Rodríguez, como saben vostedes, a finais da década dos 60, na súa condición de subdirector xeral de Belas Artes, foi o promotor dunha importante iniciativa coñecida como operación Muralla Limpa, dende a cal conseguiu os recursos económicos, xurídicos e técnicos necesarios para a súa execución, desenvolvendoa de maneira coordinada co Concello e coa Deputación, noutros tempos cando as administracións sabían que a maneira de resolver, era traballar conxuntamente. Esta actuación tivo un orzamento importante, aínda o digo en pesetas, porque así era na época, máis de 250 millóns, e supuxo unha intervención que probablemente fose o xerme do que se conseguiu moitos anos despois. Creemos que contribuíu decisivamente a reforzar o valor simbólico e patrimonial do monumento, tanto para a cidadanía lucense como a nivel internacional. Ese proceso que remataría 24 anos despois, como sabemos todos que acabamos de celebrar o 25 aniversario. A magnitude da intervención impulsada por don Ramón Falcón e a súa influencia na conservación e posta en valor deste patrimonio levan a pensar por moitos lucenses, hai que dicir que neste rogo collemos a iniciativa de moitos lucenses que estes días nos trasladaban a necesidade de reforzar o papel que tivo don Ramón Falcón, pero tamén que era un acto de xustiza para que non se esquecerá nesta memoria colectiva sobre esa súa operación tan transcendental, para a preservación dun dos nosos principais monumentos. Por iso hoxe é unha vez rematado o calendario de actos, pero non a esencia que o xustificou, queremos lembrar a este persoeiro polo seu traballo, queremos ademais que quede evidente a necesidade de valorar e dignificar todo o que aportou durante o século XIX. E pedimos dende o Grupo Municipal do Partido Popular que se recoñeza institucionalmente, pero dun xeito concreto, e facemos unha proposta, que pode ser outra, pero que manteña o obxectivo deste rogo, que se coloque unha placa conmemorativa nun lugar que se consensúe evidentemente coa Dirección Xeral de Cultura, que renda homenaxe nesa placa a don Ramón Falcón Rodríguez e se deixe constancia histórica do seu traballo, especialmente de esa operación Muralla Limpa.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Pois moi ben, por parte do goberno contesta o compañeiro don Mauricio Repetto

DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: Muchas gracias alcalde. Como quedó claro en este 25 aniversario de la Muralla como Patrimonio de la Humanidad, en ese reconocimiento también a la figura de Ramón Falcón en esa operación llamada Muralla Limpa, ha quedado claro que este Gobierno reconoce el trabajo y la labor de todos aquellos que han contribuído a mejorar Lugo y hacer de Lugo una ciudad mucho más amable, y conseguir todos estos retos. Polo tanto, se toma en consideración la instalación de esa posible placa.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, pois moitas grazas señor Repetto. Pasamos agora ás preguntas

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 393/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA FASE NA QUE SE ATOPA A ELABORACIÓN DA ORDENANZA ESPECÍFICA E DA TAXA PARA O AUDITORIO "FUXAN OS VENTOS".- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:
No Pleno do 30 de abril de 2025, este grupo municipal propuxo a elaboración dunha ordenanza específica e dunha taxa para o Auditorio “Fuxan os Ventos”, e o goberno respondeu que xa estaba a traballar nesa regulación. Transcorrido un tempo razoable, o auditorio segue sen ordenanza nin marco tarifario coñecido, polo que resulta necesario pedir explicacións sobre a situación actual e os prazos reais que manexa o goberno municipal.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o Pleno, a seguinte pregunta:

- **Pode o goberno municipal informar en que fase se atopa a elaboración da ordenanza específica e da taxa do Auditorio “Fuxan os Ventos”, indicando se existe xa un borrador de texto, o calendario previsto para a súa aprobación e a data na que se comprometen a poñer en marcha un procedemento público e transparente de acceso ao auditorio para asociacións, colectivos e resto de entidades interesadas?**

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, pois formula a pregunta o señor Vázquez.

DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Moitas grazas señor alcalde. Moi bo día, no pasado pleno ordinario do día 30 de abril deste mesmo ano, este grupo municipal traía a Pleno unha proposta para ter unha ordenanza específica sobre o auditorio “Fuxan os Ventos”, proposta número 124/2025, e no que se trataba nesa proposta de ter unha ordenanza específica, co obxectivo ou cos obxectivos de ter unha normativa clara, un marco tarifario que fora xusto e unha xestión que fose estable e

transparente. A proposta, como vostedes recordarán, foi rexeitada tanto polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego como polo Partido Socialista. A concelleira responsable do Departamento de Cultura, dona Maite Ferreiro, argumentaba que se rexeitaba esta proposta porque era unha proposta na que xa se estaba traballando, se estaba traballando de forma moi intensa, e ademais tamén argumentaba nese rexeitamento a nosa proposta que en primeiro lugar, había que testar o edificio e había que programar as actividades. Ben, a realidade é que pasados case, ou sen case, oito meses a día de hoxe, este auditorio non ten unha ordenanza que rexa a seguridade xurídica que é tan necesaria para o Concello e tamén para os distintos usuarios ou das distintas asociacións que queiran solicitar o uso deste auditorio. Polo tanto, resulta necesario que agora sexa o Goberno municipal que nos diga en qué fase se atopa, que concrete en que se traduciu ese traballo que foi prometido aquí no Pleno, e por iso a preguntaría di así: pode o Goberno municipal informar en qué fase se atopa a elaboración da ordenanza específica e da taxa do auditorio "Fuxan os Ventos", indicando se existe xa un borrador de texto, o calendario previsto para a súa aprobación é a data na que se comprometen a poñer en marcha o procedemento público e transparente de acceso ao auditorio para as asociacións, colectivos e resto de entidades interesadas. Moitas grazas

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois moitas grazas. Ten a palabra para dar resposta a señora Ferreiro, cando queira.

DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN: Son varios os departamentos ou os servizos do Concello os que están traballando conxuntamente para a elaboración desa taxa para o uso do auditorio "Fuxan os Ventos", o persoal técnico cónstame que está facendo todo o posible para concluíla o antes que se poida. En todo caso, o que si que non entendo eu porque meten aquí o tema do procedemento público e transparente de acceso ao auditorio para asociacións, a ver, a xestión é totalmente transparente, e dende este Goberno non utilizamos ningún método que non sexa claro e preciso para a utilización daquel espazo. Polo tanto, non sei a que vén esta pregunta, pero estase traballando desde os servizos técnicos e eu, como non só unha técnica, simplemente teño que trasladar aquí o que eles me dixeron. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, moitas grazas. Pasamos á seguinte pregunta.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 394/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA APROBACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:
No Pleno do mes de xuño de 2018, por iniciativa do Grupo Municipal do Partido Popular, a corporación aprobou de xeito unánime a elaboración dun regulamento de uso das instalacións deportivas municipais. Tamén se acadou a devandita unanimidade sobre esta materia no Pleno ordinario de outubro de 2019 e no Pleno

ordinario de xullo de 2021, no que o entón concelleiro de Deportes anunciou "estoy en disposición de anunciarles que en el cuarto trimestre del año esperamos tener ya esa ordenanza aprobada".

Posteriormente, na comisión correspondente de febreiro de 2023, a preguntas relacionadas con este acordo plenario pendente de cumprimento, respondeuse a este grupo municipal "Esperamos que esté en funcionamiento para la próxima temporada".

Dado que, pasados xa máis de sete anos dende a primeira aprobación unánime da necesidade de elaborar un regulamento de uso das instalacións deportivas municipais, e cumpridos sobradamente os prazos ofrecidos en anteriores ocasións sobre a data de entrada en vigor desta, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, para a súa resposta en pleno, a seguinte PREGUNTA:

- **Cando se aprobará a ordenanza municipal de uso de instalacións deportivas?**

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, formula a pregunta o señor Carballo, cando queira.

DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ: Grazas alcalde, bo día a todas e todos. No Pleno do mes de xuño de 2018, por iniciativa do grupo Municipal do Partido Popular, a Corporación aprobou de xeito unánime a elaboración dun regulamento do uso das instalacións deportivas municipais. Tamén se acadou a devandita unanimidade sobre esta materia no Pleno ordinario de outubro de 2019, e no Pleno ordinario de xuño de 2021, no que entón o concelleiro de Deportes anunciou: *"Estoy en disposición de anunciarles que el cuarto trimestre del año esperamos tener ya esa ordenanza aprobada".* Posteriormente na comisión correspondente de febreiro de 2023 á pregunta relacionada con este acordo plenario pendente de cumprimento, respostouse a este grupo municipal :*"Esperamos que estean en funcionamiento para la próxima temporada".* Dado que pasados xa máis de sete anos desde a primeira aprobación unánime da necesidade de elaborar un regulamento do uso das instalacións deportivas municipais e cumpridos sobradamente os prazos ofrecidos en anteriores ocasións sobre a data de entrada en vigor do mesmo, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para a súa resposta en Pleno a seguinte pregunta: cando se aprobará a ordenanza municipal de uso das instalacións deportivas?. Grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas, señor Carballo. Ten a palabra para contestar o concelleiro de Deportes.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas alcalde. A ver, o primeiro é felicitar o voso antigo concelleiro de Deportes porque isto é un copia e pega, ano tras ano, moitas ganas de traballar este nadal non tiñades. Despois, si que é

verdade é que agora mesmo existe normativa municipal, en instalacións diferentes, é evidente que nunha piscina municipal non son as mesmas normas de uso que nun polideportivo. Hai feito un borrador, pero agora mesmo non é unha prioridade a ordenanza municipal porque están funcionando correctamente, tanto as instalacións municipais como o trato que teñen os clubs para uso de instalacións.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, moitas grazas. Seguinte pregunta.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 395/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA APARICIÓN DUNHA PRAGA DE ROEDORES NO INTERIOR DAS INSTALACIÓNS DA OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO E DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MURALLA.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:
O pasado 29 de novembro, a Oficina Municipal de Turismo e o Centro de Interpretación da Muralla tiveron que pechar as súas portas debido á aparición dunha praga de roedores no interior das instalacións. Este peche, que inicialmente se presentou como temporal, acabou prolongándose tras comprobarse que os problemas eran máis graves do que se recoñeceu nun primeiro momento. De feito, 7 días despois abría as súas portas para, un par de horas despois, volvelas pechar.
A isto engadíronse denuncias de múltiples deficiencias de mantemento: olores persistentes, fallos no sistema contra incendios, luces de emerxencia inoperativas, problemas de ventilación, equipos obsoletos e un deterioración xeneralizado que pon en evidencia a falta de supervisión e previsión por parte do goberno local.
Todo isto provoca unha imaxe moi negativa da cidade en pleno período de Nadal e prexudica directamente o noso sector turístico e comercial. É unha situación que non debería producirse nun equipamento esencial que representa unha das principais portas de entrada á nosa cidade e ao noso patrimonio.
Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o Pleno, a seguinte pregunta:

- **Desde cando tiña o goberno local coñecemento desta situación e canto tempo tardaron en adoptar medidas efectivas unha vez recibidos os primeiros avisos ou informes técnicos?**

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Pois moi ben, formula a pregunta, en nome do Partido Popular, o señor Gallego. Cando queira.

DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO: Grazas, presidente. Bos días. O pasado 29 de novembro a Oficina de Turismo e Centro de Interpretación da Muralla tiveron que pechar por unha praga de ratas e roedores no interior das súas instalacións. Este peche, que inicialmente se presentou como temporal, acabou prolongándose no tempo e tras comprobarse que os problemas eran máis graves do que se recoñeceu nun primeiro momento, foi pechada unhas horas máis tarde. De feito, sete días despois volveu abrir as portas e o día de hoxe que saibamos, segue

pechada. A isto engadíronse denuncias de múltiples deficiencias de mantemento, como o foron olores e persistentes fallos do sistema contraincendios, luces de emerxencia inoperativas, problemas de ventilación, equipos obsoletos e un deterioro xeneralizado que pon en evidencia a falta de supervisión e previsión por parte deste Goberno local. Todo isto provoca unha imaxe moi negativa da cidade, e máis tendo en conta que estamos nun período navideño, afecta tanto o turismo como o sector comercial. A esta situación, que non debería producirse, súmase tamén á falta mantemento dos equipos informáticos, e neste caso, o que implica a mala imaxe que transmitimos na cidade. Por todo o anteriormente exposto, facemos a seguinte pregunta a Pleno: cando tiña o Goberno local coñecemento desta situación e canto tempo tardaron en adoptar medidas efectivas unha vez recibidos os primeiros informes técnicos?. Grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señor Gallego. E por parte do Goberno contestalle a concelleira Maite Ferreiro.

DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN: Eu creo que presenta a pregunta mal porque realmente cando se tomaron medidas técnicas foi unha vez que detectamos que había alí esa praga de roedores. Efectivamente, tomáronse todas as medidas posibles unha vez que nos avisaron, un problema que afecta á zona, non só a aquela oficina, senón a varios edificios, porque hai varios en ruínas nos edificios lindeiros. As ratas, pola súa natureza, gústalles da sucidade e de escondites poucos accesibles. O persoal técnico do Concello, xunto con responsables da empresa de desratización, están comprobando a mellor maneira de solucionalo, e a verdade é que non é nada doado, porque din que localizar os lugares de acceso nese edificio é moi complicado, porque son edificios que, como digo, están abandonados moito deles e as ratas campan ás súas anchas por alí. De todas as formas, xa lle digo que non é só unha cuestión de localizar as ratas, porque, efectivamente, localízanse, a empresa pon o veleno e morren, pero volven aparecer e non se sabe por onde entran. Ese é o motivo de que non se dá solucionado tan rapidamente como nós desexabamos, porque iso o que implica que as ratas aparecen mortas e non sabemos onde e motivan uns olores fortes que son os que fan dificultoso que estea alí o persoal. De todas as formas, a atención aos visitantes está totalmente garantida, e teñen unha información na porta onde se lles pide ás persoas que poden acceder á “Porta Miñá”, onde está alí a sala museística, e eu entendo que tamén, e alí preto esta a Oficina de Turismo da Xunta, que por suposto debería tamén axudar á información a todas as persoas que se moven por aquela zona. Polo tanto, eu pídolles aos que estean tranquilos que a información aos visitantes estáselles dando perfectamente.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois moitas grazas. señora Ferreiro. Imos coa última pregunta que temos da orde do día.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 396/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA ENTREGA

DEFINITIVA DAS ESCRITURAS DE PROPIEDADE AOS VECIÑOS DAS VIVENDAS DA CROA.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:
O Grupo Municipal do Partido Popular presentaba no mes de novembro preguntas a comisión sobre a previsión do goberno municipal para a entrega definitiva das escrituras de propiedade aos veciños das vivendas da Croa. O Concelleiro de área respondía que *"Si que é verdade que nestes dous meses non se avanzou porque os departamentos están tanto planificando os orzamentos de 2026 coma pechando os orzamentos de 2025, entón aquí nestes dous meses non avanzamos*".
A día de hoxe, e chegado decembro, nin temos orzamentos nin se lles entregaron as escrituras de propiedade aos veciños das vivendas.
Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o Pleno, a seguinte pregunta:

- **Ten previsto o Concello entregar as parcelas antes de febreiro ou vai obrigar aos titulares a facer valer os seus dereitos ante os tribunais?**

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois formula a pregunta a señora Candia.

DONA MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Ben, a perseverancia e a insistencia na pregunta das cousas que están sen resolver non obedece ao pouco traballo do grupo municipal, senón que desgraciadamente segue sendo necesario preguntar porque segue sen estar resolto. No Pleno de novembro faciamos unha pregunta á Comisión sobre a previsión do Goberno municipal para entrega definitiva das escrituras de propiedade aos veciños de vivendas da Croa, a quen hoxe ademais lles dou a benvida ao Pleno e agradezo que estean para que escoiten a resposta. O concelleiro da área respondía: *si, é verdade, nestes dous meses non se avanzou porque os departamentos están tanto planificando os orzamentos do 2026 como pechando os orzamentos do 2025, entón, si, estes dous meses non avanzamos*. A marxe de agradecer este exercicio de sinceridade, a realidade é que chegamos ao último Pleno ordinario do ano 2025, e nin orzamentos nin escrituras. Entón, como iso é así, non ofrece ningún tipo de matiz, este grupo, e especialmente as persoas que levan escoitado moitas promesas e moi poucas realidades, que son os afectados, pregúntannos e nós lles trasladamos: ten previsto o Concello entregar a titulación antes de febreiro, o antes dalgunha data?; Ou dennos vostedes unha data?; Ou vai obrigar aos titulares a facer valer os seus dereitos nos tribunais?.Porque se vemos, cando hai movemento electoral, as facilidades, os prazos, os compromisos son claros, contundentes, pero pasan as eleccións e continuamos na mesma situación. Entón, é verdade que o levamos moitas veces e seguirémolo elevando ata que o teñan resolto, pero si coa mesma sinceridade coa que nos falaba en novembro, pídolle que o faga agora. Vai entregar as titulacións ou van ter que ir aos tribunais?.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Rematou o tempo, contesta o concelleiro Jorge Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas alcalde e tamén saudar aos veciños da Croa. O primeiro, e o que sempre se defende, é que, se as persoas afectadas consideran que teñen que ir aos tribunais, están no seu dereito. Despois, este Concello está traballando, evidentemente hai 15 casos, cada un ten as casuísticas diferentes porque hai xente que permutou os terreos coas vivendas e outros adquiriron un alugueiro de maneira social dentro das vivendas. Entón, como cada caso é diferente, e non é só unha escritura porque estades a mentirlles aos veciños, non é que o alcalde firme as escrituras e de repente as vivendas pasan a vos. En canto o alcalde firme as escrituras, as vivendas pasan a ser do Concello, e unha vez que o Concello emite os informes correspondentes a cada unha das 15 persoas que figuran neste caso, será cando poidamos ter unha resolución, pero non é que firme o alcalde as escrituras no notario e que pasen directamente a ser propiedade vosa. De acordo?. Entón, como é un proceso largo y tedioso, farémolo con todas as garantías para que todo o mundo teña a súa propiedade e a súa escritura. Pero, importante, non teñen que marcar vostedes un mes, febreiro, marzo, abril, se fará o ritmo que sexa oportuno, porque aquí hai xurídicos, aquí hai intervencións, aquí hai servizos sociais, hai Urbanismo, de acordo. Desculpade que a día de hoxe aínda non teñamos resolto este problema.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a o Excmo. Sr. alcalde dá por rematada a sesión, ás trece horas e dez minutos do expresado día vinte e seis de decembro de dous mil vinte e cinco estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribirase ao Libro de Actas. De todo o cal, eu, dona Ana María Rivas García, Secretaria Xeral do Pleno, dou fe.